

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 30 DE MAIO DE**

**2013**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta de maio de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, de EU; dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten dona Isabel M<sup>a</sup> Fuentes Torices, técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, por delegación da interventora municipal, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Antes de comezar a sesión don Felipe Andreu Barallobre, do PP, manifesta que hai media hora ou unha hora que acaba de chegar de Madrid e ten unha cuestión urxente pendente de resolver, polo que pide permiso para ausentarse unha vez finalice o punto de mocións. Di que contestará por escrito as preguntas e rogos que sexan para el.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de abril de 2013**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 25 de abril de 2013.

Non se formulan alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a integran, aprobou o citado borrador.

### **2º Proposta de aprobación do expediente núm. 1/2013 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 23 de maio de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 28 de maio de 2013.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo mantén o voto de abstención emitido na comisión.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que tamén eles se van abster.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que o seu grupo tamén se abstén.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente número 1/2013 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2013 por importe de 53.959,45 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Núm. factura	Data	NIF	Nome / Denominación social	Importe
Concepto				
1	02/01/2013	32749461Z	QUEIJEIRO VARELA JOSE MIGUEL	4.991,40
Peche de edificación e limpeza de parcela nas casas Bailly				
25615082	15/01/2013	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	242,00
Dereitos de autor representación "A verdadeira historia da cigarra"(22/09/12): Rede cultural				
25615083	15/01/2013	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	114,95
Dereitos de autor representación "Memorias dun neno labrego" (30/11/12): Rede cultural 2012				
15615084	15/01/2013	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	242,00
Dereitos de autor representación "O método Grönholm (24/11/12): Rede cultural 2012				
25615088	15/01/2013	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	136,22
Dereitos de autor XV Festival bandas de música (Sementeira e Unión musical de				
25615091	15/01/2013	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	68,11
Dereitos de autor concerto extraordinario Banda de música Sementeira (08/09/12)				
25618097	20/01/2013	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	135,00
Dereitos de autor actuación Pedro Lamas Quinteto (09/11/12): Rede cultural 2012				
25618098	20/01/2013	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	461,45
Dereitos de autor actuación La Trova Camagüeyana (15/08/12): Rede cultural 2012				
25618099	20/01/2013	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	179,69
Dereitos de autor actuación Sisters in the house (16/08/12): Rede cultural 2012				
25618100	20/01/2013	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	115,36
Dereitos de autor actuación The Cerne (16/08/12): Rede cultural 2012				
A20139544	15/01/2013	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	3.063,92
Subministración de auga a Tabeaio, 69-A: do 30/12/11 ao 30/03/12				
A20139543	15/01/2013	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	1.872,58
Subministración de auga a Tabeaio, 54-A: do 30/12/11 ao 30/03/12				
A20139542	15/01/2013	A15031727	E.M.A.L.C.S.A.	1.958,43
Subministración de auga a Abrigosa, 2-A: do 30/12/11 ao 30/03/12				
2	31/01/2013	34892152W	LOSADA RUMBO ANA BELEN	1.518,99

Impartición curso inglés para adultos: novembro-decembro 2012 e xaneiro 2013				
A130193	06/03/2013	B15643240	SERVIGAL, S.L.	619,10
Gastos de manutención e estancia de can por orde xudicial, 1651/12 (do 01/10/12 ao				
95	05/03/2013	B15704109	LIMPEZAS E SERVICIOS XALO, S.L.	1.468,94
Limpeza ampliación e baixos centro municipal formación: novembro e decembro 2012				
A/15265	19/03/2012	B15751548	NOVOS VIEIROS, S.L.	649,08
Subministración 6 exemplares "Gran enciclopedia gallega" (tomos 42 e 43) bibliotecas				
000158	31/01/2013	B15254493	ERFINCO S.L.	36.122,23
Liquidación obra canalización pluviais complemento rede sumidoiros rúas Isaac Peral e Zepelling				
Total				53.959,45

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acreedores relacionados anteriormente.

### **3º Aprobación, se procede, das bases reguladoras e convocatoria do programa de axudas municipais á creación de empresas – Programa Cambre Emprende 2013**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 22 de maio de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 28 de maio de 2013.

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira delegada de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, explica que por segundo ano consecutivo traen a pleno a aprobación dunhas bases que van a servir para conceder unha subvención aos emprendedores, por aquelas empresas creadas en Cambre dende o 1 de xullo do ano 2012 ata o 31 de xuño de 2013. Trátase de subvencionar a cota do réxime especial dos traballadores autónomos durante os seis primeiros meses, pois é o momento de maior dificultade para o inicio da empresa.

Dí que as únicas modificacións que traen respecto do ano pasado son dúas, a primeira que este ano van a estar cubertos pola subvención todos aqueles emprendedores que teñan recibido a prestación por desemprego na súa modalidade de pago único. E a segunda, que vai ser unha subvención que non se vai resolver ao final do procedemento, senón que se vai ir resolvendo expediente a expediente, e irán concedendo a subvención a medida que as solicitudes vaian entrando.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta, en relación co programa Cambre Emprende, que para empezar lles parece un nome bastante ambicioso para o verdadeiro contido do plan. Tal parece cando un le o nome do programa que o goberno municipal ten a verdadeira vontade política de poñerse mans á obra no deseño do tecido empresarial para este concello, e cando un le o plan, ao final nada máis lonxe da realidade, o que traen hoxe aquí é unha reedición do programa aprobado no pleno de 26 de xullo de 2012, coa mesma contía e con apenas modificacións de calado, máis que a que se refire ao procedemento de concesión.

No ano 2012, tras ese grandilocuente título, os obxectivos do plan eran fomentar a creación de empresa e contribuír á xeración de emprego. No ano 2013 é a posta en marcha dun proxecto empresarial individual que facilite a creación do propio posto de traballo para persoas desempregadas. Do fomento da creación de empresas pasaron á creación do propio posto de traballo, e dun plan para o fomento do espírito empresarial a un plan de fomento do autoemprego, que é o que en realidade están debatendo hoxe aquí.

Di que, nese sentido, a modificación que propoñen evidentemente non é inocua, pasan dun sistema de concesión con criterios, a un sistema de concorrencia non competitiva por rigorosa orde de presentación e ata a fin da partida. Renuncia o goberno municipal, desta maneira, e en concreto a concellería propoñente, a intervir no deseño do tecido empresarial do concello, así como ao fomento das iniciativas máis innovadoras e con maiores posibilidades de xeración de emprego, como pedían dende o grupo municipal socialista na aprobación do programa do 2012, no pleno de 26 de xullo de 2012.

Como medida de promoción económica queren poñer de manifesto que lles parece moi insuficiente, tendo en conta, ademais, o resto das medidas que aparecen no orzamento, que son practicamente ningunha outra. Moi insuficiente, primeiro porque soamente atende á creación de novas empresas, e non a proporcionar apoio aos empresarios que actualmente, debido ás dificultades de acceso ao crédito, tamén o están pasando mal, porque calquera plan de promoción económica require de medidas complementarias, como dispoñibilidade de solo, servizos ou fiscalidade favorable. Ademais, como en realidade é un plan de fomento do autoemprego, como parte da política do concello destinada á loita contra o desemprego, tamén lles parece insuficiente polos mesmos motivos que puxeron de manifesto no pleno do 2012.

Continúa dicindo que o problema principal deste concello é o desemprego, e eles cren que as prioridades non basta con manifestalas, senón que hai que constatalas, e a única maneira de facelo é con fondos e con verdadeiras políticas destinadas a levar a cabo os seus obxectivos. Basta con mirar os orzamentos e determinar canto se destina por parte do concello a fomento do emprego e á promoción económica, e ver, por exemplo, canto se ten destinado ao Brincadeira ou ao Rock in Cambre.

Por todos estes motivos, e ademais outro engadido, que é que no pleno do 2012 o PSdeG-PSOE se puxo a disposición do equipo de goberno para colaborar en achegar calquera tipo de medidas destinadas á loita contra o desemprego, e tamén á promoción económica deste concello, e tendo en conta que non tiveron por parte da concellería propoñente ningún tipo de man tendida, por todos estes motivos, anuncia que o seu grupo vaise abster na votación deste programa.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo está de acordo co que acaba de manifestar a concelleira socialista, completamente de acordo. Cren que, e así o dixeron no ano 2012, que é un programa que non é ambicioso, que hai moitas persoas desempregadas que non teñen oficio, que non teñen a oportunidade do autoemprego, de poñerse como autónomos, xa o dixeron no 2012 e volven dicilo agora. Tamén entenden que non se teña en conta unha valoración á hora de dar este tipo de subvencións, como aquel autónomo que vai

xerar á súa vez máis emprego, unha empresa vai xerar emprego e non como autoemprego. Cre que se pode dar o caso de que se agote a partida orzamentaria e se presente un autónomo que, á súa vez, vai xerar dous ou tres postos de traballo, e probablemente non teña a posibilidade destas axudas, por iso cren que segue quedando coxo, o dixeron así no 2012, e o repiten agora no 2013, polo tanto o seu grupo tamén se vai abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que vai comezar dicindo que un dos puntos fundamentais para que o grupo de EU votara en contra dos orzamentos foi que non vían medidas concretas inducidas para a creación de emprego no concello. Para eles son insuficientes o tipo de medidas que se están adoptando, de todos os xeitos, consideran que deben contribuír a diminuír o paro, e tamén servir para incentivar a creación de emprego.

Cre que se fixo moi pouco esforzo dende o goberno municipal para dotar de orzamento suficiente e que se fixera un plan de emprego importante. Todos son conscientes de que o desemprego no concello está subindo cada mes, cre que o mes pasado subiu o 0,4%, non se toman as medidas suficientes para poder paliarlo, ou polo menos, para poder reduci-lo.

De todos os xeitos, como dixo antes, agarda que estas medidas contribúan, na medida do posible, a incentivar a creación de empresas, e que dalgunha maneira iso repercuta na creación de emprego. O seu grupo vai manter o voto da comisión e vaise abster.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o BNG chámalles a atención xa o nome, como dicían antes, programa Cambre Emprende, ademais 2013, iso tendo en conta que cando eses cartos cheguen aos emprendedores vai ser case o 2014.

Parécelles, ademais, como tamén xa se dixo noutros plenos, que a partida de 60.000 euros é moi pequena, de todos modos, respectan a proposta, é o programa Cambre Emprende 2013 do PP, do goberno do PP e, polo tanto, vanse abster.

Concedida a palabra a Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe manifesta que, simplemente por contestar a modo xeral, dicir que cando se fala de que é unha subvención pouco ambiciosa ou que non cubre todos os supostos, é certo que non os cubre, pero porque se os cubrira sería incompatible con outras subvencións que presta a Xunta de Galicia, como por exemplo a de contratación de primeiro e segundo traballador, subvencións para aluguer de locais e para material. A Xunta de Galicia ten un programa de subvencións e de axudas a calquera emprendedor, e sobre todo as que están destinadas a calquera traballador autónomo que crea o seu posto de traballo e o primeiro e segundo posto de traballo, e eses supostos non pode cubrilos de ningunha forma unha subvención a nivel municipal, porque sería incompatible.

Con respecto ao autoemprego, a ela oír dicir que non lles parece ben que unha subvención municipal se destine ao autoemprego, non sabe que contestar. Dille á concelleira socialista que iso foi o que dixo, e que ademais cre que tampouco se leu as bases da convocatoria do ano pasado, porque en ambos casos son en concorrencia non competitiva, e non varía nin o texto, só varía o parágrafo no que se di que este

ano van entrar aqueles que recibiran o pago único pola prestación por desemprego, nada máis, non hai ningunha outra modificación, á parte de ir resolvendo solicitudes a solicitudes, en lugar de agardar ao final. Di que isto contesta á voceira do BNG ao dicir que non van cobrar ata o 2014, é falso, precisamente eles xa prevén nas bases que se vaian vendo as subvencións, expediente a expediente, por orde de entrada e desbotaron a posibilidade que se tiña tomado como base o ano pasado. É xustamente para iso, porque a finalidade da subvención é que cobren, e van cobrar en canto no departamento se comprobe que a documentación é correcta.

Tamén din, e ela está de acordo, que o desemprego é o maior problema, pero a convocatoria de axudas municipais á creación de empresas non é a única medida para fomento do emprego que ten o Concello de Cambre. Calquera que estea aquí sentado e escoite iso pode crer que é así, e non o é, levan outra partida doutros 60000 euros para fomento do emprego para un programa que está agora mesmo en marcha. Levan outra partida de 90000 euros só para promoción económica. E levan outra partida de 60000 euros para plans de formación municipais. Por iso lle parece un pouco ridículo que digan ou presenten estas bases como a única medida que adopta o grupo de goberno para a loita contra o desemprego.

Conclúe dicindo que pouco máis lle queda por dicir, porque despois había tamén unha alusión, que fai o Sr. García Patiño, que di que o proxecto non é ambicioso. Ela pregunta ambicioso en que sentido, porque o ano pasado, a partida ten sido a mesma, e téñense presentado 15 solicitudes, son 15 solicitudes as que se concederon, co cal aínda pensando que este ano as solicitudes foran 30, aínda sobraría partida, se pensaran que son 35, seguiría sobrando partida, se foran 40 cubriríase a partida e se foran 50 tamén, porque hai que ter en conta que este ano os menores de 30 anos van pagar, segundo o disposto nun Real decreto do Goberno central, unha cota de autónomos superreducida de 52 euros, que é o que van percibir no caso de que presenten a súa solicitude no concello.

Concedida a palabra a don Margarita Iglesias Pais manifesta que ela, por alusións, en ningún momento ten dito que estea en contra das medidas de fomento do autoemprego, o que dixo é que lle parecen insuficientes, e tamén dixo que o plan Emprende en realidade é un plan de fomento do autoemprego, nada máis, en ningún caso dixo que estiveran en contra, gustaríalle matizar as cousas.

En segundo lugar, di que lle gustaría pedirlle que non cualificase as intervencións dos demais grupos, porque cualificar as intervencións dos demais concelleiros como ridículas, parécelle que está fóra de lugar para o cargo que ocupa, parécelle que lles debe un respecto, porque son representantes do resto dos veciños do concello.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe manifesta que, se dixo iso, pide desculpas, pero di que non cualificou a intervención dos concelleiros, senón o contido da intervención.

Dona Margarita Iglesias Pais manifesta que se a deixa terminar, porque non tiña terminado, quere dicir que respecto do procedemento, evidentemente leu que era exactamente o mesmo procedemento de concesión, simplemente critica, en ambos casos, ese procedemento, xa que cre que tamén está no seu dereito de facer unha

crítica, un ano e o outro. Conclúe dicindo que sabe perfectamente cales son as modificacións.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que reitera que el cre que non é ambicioso. Coa cantidade de veciños que teñen no paro en Cambre, se só houbo quince solicitudes para ese programa, loxicamente cre que algo está fallando, simplemente foi unha crítica construtiva que lles fixeron igualmente no ano 2012, e que eles obviaron.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que nada máis para redundar no que xa se dixo aquí, dicir que lle parece que as medidas non son suficientes, e que hai que facer un maior esforzo, tamén cre que o cualificativo de ridículo queda fóra de todo, parécelle que debería retirar esa palabra.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto manifesta que ela xa non vai dicir moito máis, iso de caer nese tipo de expresións o único que fai é xerar á súa vez máis descualificativos por parte dos demais, porque todos saben descualificar, e entón poden empezar aquí a chamarse de todo, polo que ela xa non vai entrar niso, ela simplemente deu a súa opinión. Dende o BNG parécelles que son poucos cartos para este programa, e mantéñeno, por máis que os cualifique de pouco enterados. A Sra. concelleira fala doutro tipo de subvencións, xa o saben, hai subvencións da Xunta e demais, pero, aínda así, consideran que a administración máis próxima aos veciños é o concello, e dende o concello, neste momento de tanto paro, débese dedicar unha partida máis grande aos emprendedores. Esa é a súa opinión, nada máis.

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe expón que, a modo de aclaración, o ano pasado é certo que se presentaron quince solicitudes, pero tamén é certo que a partida cubría soamente os 6 primeiros meses, e este ano vai cubrir os 12 meses completos, nada máis.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública da subvención municipal á creación de empresas do Concello de Cambre, Programa Cambre Emprande 2013, tal e como se transcriben a continuación:

**Bases Regulatoras e Convocatoria 2013 do Programa Axudas Municipais á Creación de  
Empresas  
Programa Cambre Emprande 2013**

**Base 1<sup>o</sup>: Disposición xeral**

1.1. A convocatoria de subvencións municipais á creación de empresas do Concello de Cambre, programa "Cambre Emprande", ten por obxecto incentivar a creación de empresas e fomentar a actividade económica de acordo ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia; no que resulte de aplicación a lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e no título V “Subvencións” das bases de execución do orzamento do exercicio 2013 do Concello de Cambre.

1.2. A xestión destas axudas realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

1.3. A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a sesenta mil euros (60.000 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 2013 433 470, Axudas emprendedores “Cambre Emprende”. En calquera caso, a concesión de subvencións quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nesta aplicación orzamentaria.

## **Base 2º: Obxecto e persoas beneficiarias**

### **2.1) Obxecto**

A finalidade deste programa é contribuír á posta en marcha de novos proxectos empresariais emprendidos no Concello de Cambre de forma individual ou a través de microempresas, e pequenas empresas, independentemente da súa forma xurídica, que faciliten a creación do seu propio posto de traballo para as persoas desempregadas que os leven a cabo.

Para a definición de micro empresas e pequenas empresas deberase ter en conta o Regulamento (CE) núm. 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008 (DOUE L 214/3, do 9 de agosto), que define a pequena e mediana empresa, no seu anexo I, e que entende por tal aquela entidade que, independentemente da súa forma xurídica e sempre que estea validamente constituída no momento da presentación da solicitude, exerza unha actividade económica, salvo as que teñan a consideración de entidade sen ánimo de lucro que quedan excluídas desta convocatoria.

Dentro deste concepto de empresa, as pequenas e medianas empresas defínense e subdivídense, a súa vez, segundo se indica a continuación:

- Mediana empresa, a que empregue a menos de 250 persoas e cuxo volume de negocio anual non exceda de 50 millóns de euros cuxo balance xeral anual non exceda de 43 millóns de euros.
- Pequena empresa, a que empregue a menos de 50 persoas e cuxo volume de negocio anual ou balance xeral anual non exceda de 10 millóns de euros.
- Microempresa, aquela que conte con menos de 10 empregados, cuxo volume de negocio anual ou balance xeral anual non exceda de 2 millóns de euros.

Ao abeiro do programa Cambre Emprende 2013 as axudas dirixíranse ás altas no Réxime Especial dos/as Traballadores/as por contra propia ou Autónomos/as (RETA) ou nalgunha das mutualidades dos colexios profesionais que, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nel, se formalicen desde o 1 xullo de 2012 ao 30 de xuño de 2013, ambos os dous incluídos.

Estas axudas serán tramitadas en réxime de concorrencia non competitiva.

### **2.2.) Persoas beneficiarias:**



2.2.1. Poderán ser beneficiarias da axuda deste programa as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos:

- Que estean desempregadas no momento de iniciar a actividade empresarial.
- Que se dean de alta no RETA ou nalgunha mutualidade dos colexios profesionais, ben como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación ou ben como socios/as promotores/as no caso de sociedades mercantís.
- Que desenvolvan a súa actividade empresarial no Concello de Cambre nos seguintes termos:
  - o En caso de desenvolver a súa actividade a través dun establecemento permanente, que este se atope radicado no termo municipal de Cambre.
  - o En caso de que para o exercicio da actividade non se dispoña de establecemento permanente, que o domicilio fiscal da empresa estea dentro do termo municipal de Cambre.
- Que desenvolvan esta actividade como mínimo durante un ano, que se contará a partir do día de alta no RETA ou na mutualidade do colexio profesional do que se trate.
- Que non desenvolvesen como traballadores/as autónomos/as:
  - o A mesma ou similar actividade en Cambre durante os seis meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade. Para estes efectos, entenderase por mesma actividade a coincidencia a nivel de tres díxitos da CNAE.
  - o Calquera outra actividade nos tres meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade.

Entenderase por persoa desempregada a que careza de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social e, se é o caso, segundo o certificado da mutualidade do colexio profesional, o día anterior á data da súa solicitude de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Entenderase como data de inicio da actividade empresarial a da solicitude de alta no RETA ou na mutualidade do colexio profesional do que se trate.

2.2.2. Non poderán obter a condición de beneficiarios do programa regulado nesta orde as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa administración pública.
- d) Estar incurso a persoa física, os/as administradores/as das sociedades mercantís ou quen ostente a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos regulamentariamente establecidos.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non estar ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

- h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

2.2.3. Non poderán obter a condición de beneficiarios do programa regulado nesta orde as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no artigo 46 bis do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, de 4 de agosto.

#### **Base 3º: Tipo de subvención e contía**

As axudas, a fondo perdido, subvencionarán ata o 100% das cotas efectivamente pagadas dos 6 primeiros meses naturais do exercicio da actividade correspondentes ao RETA ou á mutualidade do colexio profesional de que se trate, tomando como referencia a base mínima de cotización para o ano 2013 do RETA, **ata o esgotamento dos fondos.**

Para as cotas das mutualidades dos colexios profesionais tomarase como base para subvencionar o mesmo importe que a sinalada para o RETA, no caso de que aquela excedese a contía desta. En caso contrario, só será subvencionable ata o 100 % da contía realmente aboada como cota na mutualidade correspondente, **ata o esgotamento dos fondos.**

#### **Base 4º: Concorrenza con outras subvencións**

Esta subvención é **incompatible** con calquera outra subvención polo mesmo concepto do proxecto ou actividade empresarial outorgada por outras institucións, **agás os pagos das cotas** do RETA ou da mutualidade de colexio profesional a través do cobro da prestación por desemprego na súa modalidade de pago único.

#### **Base 5º: Solicitudes e prazo**

As solicitudes de axudas e subvencións dirixiranse ao alcalde do Concello de Cambre e presentaranse en calquera dos rexistros do Concello de Cambre ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, o 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo para a presentación da solicitude serán dun mes tras o pagamento da última cota subvencionable do RETA ou da mutualidade profesional da que se trate. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da solicitude de alta na Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional. Os prazos máximos son os seguintes:

Para as altas producidas nos meses de xullo, agosto, setembro, outubro, novembro e decembro de 2012, o prazo rematará o 30 de xullo de 2013.

Para as altas producidas nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2013, o prazo rematará o 30 de setembro de 2013.

Para as altas producidas nos meses de abril, maio e xuño de 2013, o prazo rematará o 5 de decembro de 2013.

En todos os casos, se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

## **Base 6º: Autorizacións**

6.1. A solicitude desta axuda comportará a autorización pola persoa interesada ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Cambre, segundo establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.2. Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada dá expresamente autorización ao Concello de Cambre para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida. Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal poderán exercerse ante o Concello de Cambre como responsable dos ficheiros, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

## **Base 7º: Documentación**

As solicitudes deberanse presentar nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos a estas bases reguladoras e deberán ir acompañadas do orixinal ou copia compulsada de:

- a) Fotocopia do DNI ou NIE da persoa solicitante debidamente compulsada.
- b) Fotocopia compulsada do CIF e fotocopia compulsada do contrato de constitución, no caso de sociedades non mercantís.
- c) Fotocopia compulsada do CIF e fotocopia compulsada das escrituras de constitución debidamente rexistradas, no caso de sociedades mercantís, xunto coa fotocopia compulsada do poder do representante legal da entidade.
- d) Fotocopia compulsada da declaración censual de alta da Axencia Tributaria (modelos 036 e/ou 037) e, se é o caso, alta no Imposto de Actividades Económicas.
- e) Fotocopia compulsada do documento de solicitude e resolución e recoñecemento da alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou, de ser o caso, en colexio profesional e mutualidade que corresponde.
- f) Fotocopia compulsada do informe actualizado de vida laboral.
- g) Memoria económica do proxecto empresarial, asinada pola persoa solicitante, que inclúa o orzamento do investimento e o plan de financiamento que acredite a viabilidade do proxecto, segundo o modelo do anexo IV ou calquera que, respectando o contido mínimo, queira presentar a persoa solicitante.
- h) Fotocopias compulsadas dos recibos bancarios de pagamento das cotas do RETA ou mutualidade profesional da que se trate.
- i) Declaración comprensiva do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo concepto do proxecto ou actividade, polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo III.
- j) Ficha de solicitude de transferencia bancaria acreditativa de que o solicitante é titular dunha conta, segundo o modelo do anexo V.
- k) Declaración responsable, entre outros aspectos, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a autorizacións asinada pola persoa solicitante, segundo o modelo do anexo II.
- l) Fotocopia compulsada de estar ao corrente nos pagamentos coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

## **Base 8º: Procedemento de concesión, instrución e tramitación.**

8.1. O procedemento de subvencións recollida nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

8.2. A instrución do procedemento levarase a cabo polos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

#### **Base 9º: Resolución e recursos**

9.1. O/A alcalde/sa será o órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas subvencións; resolución que se ditará por este órgano ou en que se delegase, unha vez recepcionada a proposta definitiva dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local e logo da súa fiscalización pola Intervención Municipal.

9.2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de 6 meses que se computará dende a data de finalización do prazo xeral de presentación das solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

9.3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso – administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso – administrativa, de conformidade co disposto na lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Poderase formular, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **Base 10ª. Pagamento**

O abono da subvención levarase a cabo mediante un pago único, previa comprobación de que a documentación xustificativa presentada é a correcta de conformidade con obxecto da subvención, e tendo en conta que ésta xa deberá formar parte da documentación que acompaña á solicitude. De ser o caso, poderá ser requirido para que acredite os puntos i) e k) da base sétima, se ten rematado o prazo de validez de seis meses do presentado coa documentación na solicitude.

#### **Base 11º: Obrigas das persoas beneficiarias**

- a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo dun ano, salvo por causas alleas á súa vontade, o cal deberá acreditar fidedignamente. No caso de darse de baixa con anterioridade, deberá comunicar esta circunstancia ante o Concello de Cambre no mes posterior a dita baixa.
- b) Xustificar ante o órgano concedinte o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Cambre.
- c) Comunicarlle ao órgano concedinte calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas

- persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo concepto que se subvenciona con este programa.
- d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
  - e) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.

#### **Base 12ª: Modificación da resolución de concesión**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión e, eventualmente, á súa revogación.

#### **Base 13ª: Revogación e reintegro**

13.1. Procederá a revogación da axuda, así como reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

13.2. Procederá a revogación da axuda no suposto de non estar ao día das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e co Concello de Cambre, así como a da Seguridade Social, durante o período esixido de permanencia como autónomo ou na mutualidade correspondente, para a concesión de subvención (12 meses).

13.3. Procederá o reintegro total da axuda percibida ao abeiro da base segunda destas bases a obriga establecida de manter a actividade durante un ano.

A obriga de reintegro establecida nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

#### **Base 14ª: Seguimento e control**

Os/as solicitantes da axuda, no suposto de teren a condición de beneficiarios/as e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control do Concello de Cambre, que comportará á realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da subvención e, nomeadamente, para cumprir co requisito establecido na base décima, apartado a) deste programa.

#### **Anexo I: Solicitud**



#### **SOLICITUDE (ANEXO I) CAMBRE EMPRENDE**

Departamento Axencia de Desenvolvemento Local  
981 61 31 96/28 adl@cambre.org

**SOLICITANTE**

Razón social		C.I.F.
Apelidos e nome		D.N.I.
Dirección		
C.P.	Localidade	Provincia
Teléfono	Correo electrónico	

Autónomo   
 Sociedade civil / comunidade de bens   
 Outras Sociedades

**DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL**

Apelidos e nome	D.N.I./N.I.E
-----------------	--------------

**DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Dirección		
C.P.	Localidade	Provincia

**DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO DE NEGOCIO**

Actividade económica (descrición)		CNAE
Dirección do negocio		
C.P.	Localidade	Provincia
Teléfono	Correo electrónico	
Data alta seg.social	Nº inscrición seg.social	Data alta IAE

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA****PERSOA FÍSICA**

- Fotocopia compulsada do D.N.I./N.I.E.

**PERSOA XURÍDICA**

- Fotocopia compulsada do C.I.F.  
 Fotocopia compulsada escritura constitución  
 Documentación acreditativa de ostentar a representación da entidade  
 Fotocopia compulsada do D.N.I./N.I.E. da persoa que exerza a actividade

**COMÚN**

- Fotocopia compulsada da declaración censual de alta da Axencia Tributaria (modelos 036-037) e/ou IAE.  
 Fotocopia compulsada do documento de solucitude e recoñecemento da alta na Seg.Social ou análogo  
 Fotocopia compulsada do informe actualizado de vida laboral.  
 Memoria económica do proxecto empresarial.  
 Declaración responsable (anexo II)  
 Documentación acreditativa de estar ao corrente de obrigas fiscais e de seguridade social.  
 Declaración comprensiva das axudas solicitadas e/ou obtidas (anexo III)  
 Memoria económica do proxecto empresarial (anexo IV).  
 Ficha transferencia bancaria (anexo V)  
 Fotocopia compulsada dos xustificantes bancarios do pagamento das cotas do RETA ou análogo, coa relación numerada de xustificantes (anexo VI).

**Sr/Sra alcalde / alcaldesa do Concello de Cambre**

Quen subscribe solicita a concesión da axuda económica para a creación das empresas do Programa Cambre Emprende e declara que son certos todos os datos do presente documento.

Cambre,a de 201

Asdo

Para cumprir co art. 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes destas subvencións. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro.

## Anexo II: Declaración responsable



### DECLARACIÓN RESPONSABLE (ANEXO II)

CAMBRE EMPRENDE

Departamento Axencia Desenvolvemento Local  
981 61 31 96/28 adl@cambre.org

Don/dona \_\_\_\_\_, con D.N.I. \_\_\_\_\_

En nome e representación de

Razón Social \_\_\_\_\_, C.I.F.: \_\_\_\_\_

Declaro responsablemente que:

- Todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- Non se incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas na base cuarta do programa, non concorre ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e reúnense as condicións para ser beneficiario/a de acordo co establecido na base segunda do programa.
- Non foi excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.
- Autoriza ao Concello de Cambre á obtención das certificacións establecidas na base sexta do programa, que debe emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- Autoriza ao Concello de Cambre, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, a realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade do programa Cambre Emprende, nomeadamente a solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a información sobre a situación de alta na Seguridade Social durante o primeiro ano de actividade, conforme o establecido nas bases sexta e decimocuarta do programa.

Don/ dona \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de bolsas de deportistas, durante o ano 2013, do Concello de Cambre,

**DECLARO BAIXO XURAMENTO:**

- 1.-Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- 2.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións)

Cambre, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013.

Asdo.: \_\_\_\_\_

Terceiro: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia*, no taboleiro de anuncios do concello, así como darlles publicidade mediante anuncio nun dos xornais de maior tirada da provincia.

**5º Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2013**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo, do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado e da concelleira delegada da

área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación de data 23 de maio de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social e pola Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Mobilidade, Cultura e Turismo de data 28 de maio de 2013.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado, expón que traen a pleno a aprobación das bases das subvencións municipais para o ano 2013, e pregunta aos concelleiros se teñen algunha dúbida.

Concedida a palabra a María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vaise abster, porque non están de acordo cos criterios de avaliación para a concesión de axudas. Entenden que unha asociación nace cun ánimo de facer actividades, e dar aos seus socios o mellor servizo, intentando ofrecer ocio, cultura e tamén favorecer a conciliación da vida laboral e familiar. Unha asociación pode sentir que cumpriu cos seus obxectivos sen olvidar un sector moi importante da sociedade, como é a xente discapacitada, é por iso que pensan que a valoración que se fai non é equitativa, xa que se valora máis a colaboración cos actos que organiza o concello, que as actividades da propia asociación, sen esquecer, que a xente que está nas asociacións moitas veces carecen de tempo, porque tamén traballan, por iso piden que se puntuen máis as actividades das asociacións que as colaboracións co concello, tendo en conta que o traballo que se leva a cabo é totalmente voluntario.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez di que non sabe se a Sra. concelleira tivo ocasión de ler as bases de anos anteriores, parécelle un bo cambio de criterio, porque a baremación dos puntos é a mesma que cando gobernaba o partido socialista, pero está claro que non se ten a mesma percepción de como puntuar cando se está no goberno que cando se está na oposición, son cambios de políticas que fan algúns e que eles non entenden.

Concedida a palabra a dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro manifesta que só é unha petición que xa formularon o ano pasado, fixeron a mesma puntualización, que a valoración non a vían correcta, e votaron abstención, e este ano farán o mesmo, porque non se cambiou para nada.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez responde que non se cambiou nin o ano pasado, nin o anterior, nin o anterior, nin cando o PSOE estaba gobernando.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o seu voto, en principio, vai ser abstención. Di que eles están de acordo en que esta é unha cuestión moi técnica, que ten un percorrido xa moi asentado no Concello de Cambre, e, en xeral, comparten que vén funcionando de maneira máis ou menos positiva, máis ou menos óptima, pero sempre pode ser obxecto de modificación e de mellora.

O concelleiro do equipo de goberno fixo un exercicio para retrotraelos a anos

anteriores, e el recoñece que non se ten lido as propostas de bases de convocatorias para este tipo de subvencións de hai dez ou quince anos, pero está case seguro de que hai dez ou quince anos estaba permitido, por exemplo, que se xustificara gasto de tabaco, de alcohol, de determinadas cuestións que a día de hoxe xa non son xustificables. Nese sentido, eles, dende o BNG, defenden unha postura que igual é minoritaria, que igual de boas a primeiras pode parecer impopular, pero que entenden sería unha boa mensaxe a trasladar á sociedade por parte da administración municipal, e é que o Concello de Cambre non paga churrasco, que o Concello de Cambre non paga filloas, que o Concello de Cambre non paga determinadas cuestións, dito doutra maneira, que se deixen de admitir como gastos as facturas relativas a alimentos e bebidas, agás produtos típicos de celebracións tradicionais de Nadal, entroido, magosto, primaveira, San Xoán, romarías e tradicións históricas, porque saben que aí acaba collendo todo.

Eles defenden o Nadal, o entroido, o magosto, a primaveira, o San Xoán e todo tipo, clase e condición de romarías tradicionais e históricas, porque lles gusta a festa como ao que máis, e están de acordo en que se subvencione de certa maneira todo o subvencionable, pero que exista a mensaxe dende o concello que non se subvenciona a comida, por así dicilo, porque a día de hoxe todos están afortunadamente ben mantidos, uns máis que outros, e entenden que esas cousas non deben ser obxecto de subvención, porque, ademais, préstase moitas veces no imaxinario popular, e moitas veces non moi alonxado da realidade, a unha concepción bastante populista da política.

Continúa dicindo que a maiores diso, que entenden que sería unha boa mensaxe a lanzar á sociedade, eles entenden, e dino sen ningún tipo de rubor, que as subvencións se outorgan con criterios miminamente técnicos, e que sería un bo xesto por parte deste goberno dar cabida na comisión de avaliación aos grupos da oposición. Entenden que sería algo tremendamente positivo, sabendo, ademais, que na maioría dos casos o que se vota é con base a criterios técnicos, pero se fora posible que os grupos da oposición, que ademais son neste caso maioría no pleno, tamén tiveran cabida na toma de decisións, cre que iso iría a prol do goberno, porque vai evitar que existan suspicacias, que existan enfrontamentos por como ou a quen se outorgan as subvencións, e sería dende un punto de vista democrático, e por respecto á pluralidade que votaron os cidadáns de Cambre, unha boa medida.

A maiores, simplemente dicir que na baremación que se fai das solicitudes de subvención, e recoñecendo que loxicamente débese primar a aquelas organizacións, a aquelas entidades, a aquelas asociacións que veñen realizando un traballo histórico e asentado en exercicios anteriores en Cambre, eles cren, e cren que todos poden estar de acordo, que na medida do posible debe ser motivo de ocupación e de ánimo de todos fomentar o asociacionismo, que se creen novas asociacións, ou que asociacións que viñan existindo historicamente en Cambre, e que non desenvolvían actividade, se reactiven. Nese sentido entenden que tamén se pode primar, non loxicamente cos 30 puntos cos que se bareman as actividades realizadas polas asociacións en anos anteriores, pero si como unha mensaxe positiva cara a esas asociacións que están medio mortas, ou para asociacións de nova creación, pois que haxa 5 ou 10 puntos para as organizacións que, con seriedade, cumprindo todos os formalismos, tendo os papeis en regra, estando debidamente legalizadas, deciden comezar a facer un

traballo que vai ser sempre en beneficio da comunidade, en beneficio do conxunto do concello e que tamén debería haber un cariño, unha atención, unha baremación para elas, máis nada.

Conclúe dicindo que o voto do seu grupo vai ser abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2013, que se achegan como anexo I, tal e como se transcriben a continuación:

### **Anexo I**

#### **BASES CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO 2013**

##### **Disposición xeral**

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión de subvencións municipais, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade para contribuir ao fomento de servizos e actividades que complementen ou suplan aos atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do municipio.

##### **A.- Obxecto da subvención**

O obxecto da presente convocatoria é apoiar ás entidades municipais sen ánimo de lucro no desenvolvemento de actividades culturais, deportivas, educativas e festivas, así como na dotación de equipamentos que lles resultan necesarios, mediante a concesión de axudas económicas con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do orzamento de 2013.

1. 324 48900 "APAS e Centros Escolares".- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar actividades de promoción educativa, culturais e deportivas nos centros de educación do concello. Consignación 8.000,00 euros
2. 334 48900 "Entidades culturais non lucrativas".- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar actividades culturais. Consignación 25.000,00 euros
3. 341 48900 "Entidades deportivas non lucrativas".- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar actividades deportivas. Consignación 22.000,00 euros
4. 334 780 "Transferencias capital entidades culturais".- Transferencia de capital a entidades culturais sen fin de lucro para investimentos en equipamento e/ou infraestrutura. Consignación 4.000,00 euros
5. 341 780 "Transferencias capital entidades deportivas".- Transferencia de capital a entidades deportivas sen fin de lucro para investimentos en equipamento e/ou infraestrutura deportiva. Consignación 7.000,00 euros

6. 338 48900 "Outras entidades non lucrativas".- Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para a organización de festas parroquiais e outras actividades de interese xeral ou sectorial. Consignación 25.000,00 euros

Con esta convocatoria o concello de Cambre apoia a realización de actividades de distinta índole, deportivas, culturais, lúdicas... que contribúan a un maior benestar xeral, fomenten a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación e cuxos destinatarios sexan maioritariamente de ámbito municipal. En ningún caso serán subvencionables as actividades que se organicen conxuntamente co concello ou nos que colabore de forma económica.

### **B.- Beneficiarios**

Poderán optar a estas subvencións as entidades ou asociacións xuridicamente constituídas e inscritas no rexistro municipal de entidades veciñais do Concello, os comités veciñais e as ANPAS e centros educativos do concello de Cambre, que cumpran os seguintes requisitos:

- 1.- Carecer de fins de lucro.
- 2.- Desenvolver a súa actividade dentro do termo municipal de Cambre.
- 3.- Non ter pendente de xustificar a subvención municipal concedida no exercicio anterior, e no caso de que así fose, ter concedida unha prórroga ou ter desistido de forma motivada e por escrito.
- 4.- Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- 5.- Ter un mínimo de 15 socios (agás as entidades que pola súa natureza non lles sexa de aplicación).
- 6.- Ter actualizados os datos no antedito Rexistro municipal, tendo en conta que toda modificación deberá comunicarse no mes seguinte ao seu acontecemento; e o orzamento e o programa anual de actividades comunicaranse no mes de xaneiro de cada ano, ou realizado no prazo de presentación da solicitude de subvención.
- 7.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvencións (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

### **C.- Documentación**

As solicitudes de subvención presentaranse no rexistro de entrada do Concello, no modelo normalizado que se facilitará neste mesmo rexistro ou nas seccións de Cultura e Deportes, e no que constará:

- 1.- Memoria explicativa da actividade ou investimento a realizar no exercicio 2013, e para a que se solicita a subvención e no que se fará constar, de forma cuantificada os obxectivos que se han de acadar con estas actividades, con mención especial ao número de beneficiarios/participantes, número de actividades e días nos que se desenvolverán.
- 2.- No suposto de investimento en inmobles deberá acreditar calquera destas condicións:
  - A titularidade do inmovible se a entidade é a propietaria.
  - A autorización e cesión do uso do inmovible, por parte dos propietarios a prol da entidade sen fin de lucro, cunha duración mínima de cinco anos a contar dende o ano 2013.
  - Ou a autorización para facer o investimento, cando os propietarios sexan entidades de carácter social ou relixioso, ou no caso de inmóbel municipal do órgano municipal competente.

3.- Orzamento de gastos e forma de financiamento previsto, na que se fará mención específica ao importe da subvención solicitada ao concello, e as solicitudes ou concesións doutras subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo fin.

4.- Os comités veciñais presentarán, ademais, a acta fundacional coa relación dos seus compoñentes, unha fotocopia do CIF solicitado para o efecto e certificación da conta bancaria aberta para a finalidade.

5.- Autorización para recadar datos da Axencia Tributaria de estar ao corrente das súas obrigas tributarias.

6.- Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O departamento correspondente revisará os expedientes de solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resultase que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

#### **D.- Prazo de solicitude**

O prazo para presentar as solicitudes é dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

#### **E.- Importe**

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal cantidade que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, e dos ingresos propios para o mesmo obxecto supere o custo total da actividade que vai ser realizada polo beneficiario.

Con carácter xeral, o importe da subvención municipal a conceder será como máximo do 80% do custo total da actividade, sen prexuízo de que o Concello poida variar esta porcentaxe en función do interese da actividade subvencionada, xustificándoo debidamente no expediente, polo órgano xestor da subvención.

En todo caso, o importe máximo a subvencionar por solicitante e obxecto será de 3.000,00 euros.

Establécese un coeficiente de financiamento do 80%, e así, o importe que se ha de xustificar para poder cobrar a totalidade da subvención concedida será o resultado de dividir o importe desta subvención por 0,80.

#### **F.- Concesión das subvencións**

1.- Previamente á concesión, comprobarase de oficio que as entidades solicitantes non teñen débedas tributarias pendentes.

2.- Tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, e resolverá o outorgamento das subvencións o Alcalde ou, en caso de delegación, os concelleiros das áreas correspondentes, logo da proposta da Comisión de Avaliación.

A Comisión de Avaliación estará formada por:

Presidente: Alcalde ou persoa en quen delegue

Secretaria: Secretaria xeral ou funcionario en quen delegue

Vogais:

Interventora ou funcionario en quen delegue

Concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Concelleiro de Cultura e Turismo

Concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Un funcionario da área de Cultura

Un funcionario da área de Deportes

Un funcionario da área de Educación

### **G.- Criterios de avaliación**

Os criterios para a concesión das axudas serán os seguintes:

1.- Representatividade no municipio, gozando de especial preferencia aquelas entidades que colaboraron, durante o 2012, en actos/actividades organizadas polo concello de Cambre. (30 puntos)

2.- Número de actividades/competicións, participantes/ beneficiarios empadroados no concello e horas de actividade, así como o interese xeral ou sectorial da actividade. (25 puntos)

3.- Capacidade económica autónoma e no que se distinguirá (ata 20 puntos):

- A porcentaxe do proxecto subvencionada por este concello durante o 2012.
- A porcentaxe que supón o importe solicitado ao concello de Cambre para o proxecto do 2013.
- A porcentaxe que supoñen outros ingresos en concepto de achegas realizadas por patrocinadores privados e cotas de socios/participantes.

4.- Carácter periódico ou permanente das actividades subvencionadas excepto que se trate de actos concretos e de carácter puntual que inciten á participación social, cultural ou deportiva (10 puntos)

5.- Actividades nas que se acredite a participación de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social. (10 puntos)

6.- Organización de actividades, obxecto desta subvención, que favorezan a conciliación da vida laboral e familiar (5 puntos)

### **H.- Obrigas do beneficiario**

As entidades subvencionadas terán que:

1.-Realizar a actividade ou adquirir os equipamentos para o que se outorgou a subvención.

2.-Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención, coa presentación dos documentos xustificativos (orixinais ou copias compulsadas) dos gastos realizados.

3.-Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á Intervención municipal.



4.-Comunicarlle ao concello, tan pronto como teñan coñecemento, a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.

5.-Sinalar na difusión que se faga das actividades que contan co financiamento do Concello coa expresión “subvenciona Concello de Cambre”. A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade será o galego. A publicidade de que a actividade da entidade conta coa subvención do Concello, deberá constar sempre nas sedes das entidades respectivas en lugar visible, durante un período dun ano contado dende o día seguinte ao de data de notificación da subvención concedida, e en todo caso no lugar onde se desenvolva a actividade subvencionada, segundo o modelo do cartel que se aproba xunto coas seguintes bases. En caso de que se subvencionen investimentos en bens inmobles o cartel deberá constar en lugar visible no inmovible respectivo durante un período dun ano. No caso de que a entidade teña web propia deberá facer constar na mesma a colaboración do Concello ao publicitar as actividades.

6.-Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que se realizan.

7.-Cumprir con calquera outra obriga reflectida no artigo 14 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou coa apertura do expediente de reintegro da subvención indebidamente percibida.

#### **I.- Notificación e publicidade da resolución**

A resolución da concesión de subvencións será notificada a todos os solicitantes de forma fidedigna, nun prazo máximo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A relación de subvencións concedidas baixo esta convocatoria, publicarase no taboleiro de anuncios do concello e na web oficial do concello de Cambre (<http://www.cambre.org>) con expresión da convocatoria, beneficiarios e achegas percibidas, nun prazo máximo dun mes a partir da data de resolución do programa.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderanse formular os recursos que procedan.

#### **K.- Xustificación**

##### **K.1. Documentación xustificativa:**

Os peticionarios deberán xustificar a realización da actividade ou proxecto subvencionado mediante a presentación no rexistro de entrada do concello, do modelo normalizado de xustificación que conterá:

1.- Unha memoria xustificativa do programa realizado que avalíe os resultados e que terá os seguintes contidos:

- ⊖ *Certificación da realización do programa/investimento*
- ⊖ *Localización e influencia territorial das actividades*
- ⊖ *Número de actividades realizadas, días da súa realización e usuarios das mesmas.*
- ⊖ *Valoración dos obxectivos propostos e resultados obtidos*
- ⊖ *Desviacións respecto das previsións iniciais*

2.- Fotografía do Cartel en modelo normalizado colocado en lugar visible na sede da entidade, ou lugar que se estableza no apartado H-5 das bases, demostrativo de que se efectúa a difusión da subvención concedida, tal e como se esixe nas presentes Bases.

Tríptico ou similar, no que se divulgue e promocióne a actividade/ investimento e no que debe figurar o Concello de Cambre como entidade subvencionadora tal e como se refire o apartado H-5 das bases. En caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.

3.- Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor, dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (número de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión e de pagamento).

Admitiranse xustificantes correspondentes a actividades ou investimentos realizados entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 30 de novembro de 2013, ou no caso de prórroga, ata a data concedida.

4.- Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas:

As facturas deberán especificar de forma detallada, o número e características dos servizos prestados ou do material adquirido, prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallen os anteditos aspectos.

a.- As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza, que xeren gastos de persoal, xustificaranse mediante facturas ou nóminas, e os gastos de material non inventariable, coas correspondentes facturas ou, en ambos os dous casos, coas súas fotocopias debidamente compulsadas.

b.- As subvencións que teñan por finalidade a realización de investimentos en bens de equipo xustificaranse coa factura orixinal ou fotocopia debidamente compulsada dos provedores.

c.- As subvencións que teñan por finalidade a realización de obras xustificaranse, coas facturas orixinais ou fotocopias compulsadas que expida o contratista e coa certificación asinada por un técnico colexiado competente no caso de obras de importe superior a 30.000,00 euros.

Deberá estenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención por parte do concello de Cambre. No caso de presentar fotocopias, deberá estenderse a dilixencia antes de facer a copia.

5.- Declaración da totalidade das axudas públicas ou privadas solicitadas, e das concedidas durante o ano 2013 para o mesmo obxecto, así como dos ingresos propios afectados á actividade ou investimento subvencionado ou pola contra, declaración de non ter outras axudas para o mesmo obxecto.

6.- Detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

7.- Documento de datos fiscais da entidade actualizados, tales como denominación completa, CIF, domicilio social e número de conta para os efectos do pagamento da subvención, debidamente asinado polo presidente e o tesoireiro da entidade.

## 8.- Certificado de estar ao corrente coas súas obrigas coa Seguridade Social

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. Pasado o dito prazo archivarase a solicitude e non terá dereito a reclamación.

O concello de Cambre poderá requirir da entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

### **K.2 Prazo de xustificación**

O prazo de xustificación comeza a contar dende o día seguinte á comunicación da concesión da subvención, e rematará o 30 de novembro de 2013. Este prazo poderá prorrogarse ata un máximo de quince días máis por pedimento do solicitante ou por proposta razoada da unidade xestora.

De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases ou na prórroga autorizada, ou non desistir de forma motivada e por escrito dentro do mesmo prazo, entenderase que renuncia á subvención concedida.

Estes prazos, así como o de presentación de solicitudes, entenderanse sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

### **K.3 Gastos subvencionables.**

1.- Se consideran gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade subvencionada, teñan relación directa co obxecto que se subvenciona, se axusten aos conceptos relacionados na solicitude, e se realicen dende o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro de 2013.

En particular teranse en conta as seguintes regras:

- a) Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
- b) Nas viaxes culturais, poderán xustificarse gastos de desprazamento e aloxamento, pero nunca de alimentación.
- c) En xeral, non se admitirán como gastos as facturas relativas a alimentos e bebidas, agás os produtos típicos das celebracións tradicionais de Nadal, Entroido, Magosto, Primavera, San Xoán e Romarías tradicionais históricas.
- d) O importe que se xustifique en concepto de gastos correntes de administración xeral (alugueres, pólizas de seguros, luz, gas, auga, teléfono, consumibles de oficina, etc.) non poderá superar o 20% do importe total do presuposto a xustificar, e ha de xustificarse a súa relación directa co obxecto subvencionado.
- e) Non se admitiran como gasto aqueles que correspondan a atencións protocolarias.
- f) En ningún caso se admitirán como xustificante de gastos as cantidades satisfeitas ao Concello en concepto de tributos municipais, como é o caso das taxas por utilización das súas instalacións deportivas, nin en concepto de prezos públicos.
- g) En ningún caso se admitiran como xustificante de gastos os relativos á celebración das festas de fin de curso nos centros escolares.
- h) Os gastos que se xustifiquen mediante "liquidación de indemnizacións en concepto de desprazamento" deberán axuntar documentación complementaria que acredite que as liquidacións se corresponden coa actividade subvencionada (trípticos, calendarios de actividades/ competicións, certificacións de asistencia...). Nas liquidacións deberán constar obrigatoriamente os seguintes datos: as datas do/s desprazamentos e os

quilómetros percorridos, o lugar de inicio e destino de cada un dos desprazamentos, así como o motivo do desprazamento.

2.- Cando o importe do gasto subvencionable supere a cantidade de 12.000,00 euros na subministración de bens de equipo ou servizos de asistencia técnica, ou 30.000,00 euros en obras de infraestrutura e equipamento, a entidade deberá solicitar como mínimo tres orzamentos de diferentes provedores (salvo que polas características do gasto non exista mercado suficiente ou salvo que o gasto se realizase antes da solicitude de subvención), debendo xustificarse expresamente cando non recaia na empresa máis vantaxosa.

#### **L.- Pagamento da subvención**

Vista a documentación xustificativa presentada, logo dos informes-proposta dos Departamentos de Cultura, Educación e Deportes e do informe da intervención municipal, o órgano competente valorará se se cumpríu a finalidade básica obxecto da subvención e neste caso, aprobará os xustificantes presentados e ordenará o pagamento.

O importe que se ha de xustificar para poder cobrar a totalidade da subvención concedida será o resultado de dividir o importe desta subvención por 0,80.

- 1.- No suposto de presentar a totalidade da documentación xustificativa, que se certifique o cumprimento dos obxectivos con respecto ás previsións iniciais, e se xustifique o 100% do importe que se ha de xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
- 2.- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, polo menos do 45% do importe que se ha de xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- 3.- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 45% do importe que se ha de xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa subsanación. Pasado o dito prazo archivarase a solicitude e non terá dereito á reclamación.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

Excepcionalmente, e unha vez comunicada a concesión das subvencións, as entidades que sexan beneficiarias dunha subvención, poderán presentar unha solicitude razoada de anticipo do importe concedido, no Rexistro xeral deste Concello. A aprobación dos anticipos realizarase por resolución de Alcaldía e estará condicionada a:

- a) Informe xustificativo emitido polo responsábel do servizo.
- b) Proposta do concelleiro delegado da área que corresponda.
- c) Constitución dunha garantía por importe do anticipo a favor do Concello de Cambre.

#### **Disposición adicional primeira**

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Cambre, e demais normativa aplicable.

Segundo: Aprobar os modelos normalizados de solicitude, xustificación e cartel demostrativo da difusión da contribución do concello ás actividades, e que se achegan como anexos II, III e IV respectivamente.



## Anexo II

### FORMULARIO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN MUNICIPAL 2013 (cada entidade cubrirá un por aplicación)

#### DATOS DA ASOCIACIÓN:

Entidade:.....CIF:.....

Enderezo:..... Parroquia:.....

CP:..... Tlf:..... núm. Rex. Municipal:.....

Representante:.....Tlf:.....

---

---

#### Solicita:

324.48900 Transferencias correntes a ANPAS e centros educativos para realizar **actividades culturais e deportivas nos centros de educación do concello.**

334.48900 Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar **actividades culturais.**

341.48900 Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para realizar **actividades deportivas.**

334.780 Transferencia de capital a entidades sen fin de lucro para **investimentos en equipamento e/ou infraestrutura cultural.**

341.780 Transferencia de capital a entidades sen fin de lucro para **investimentos en equipamento e/ou infraestrutura deportiva.**

338.48900 Transferencias correntes a entidades sen fin de lucro para a **organización das festas parroquiais e outras actividades de interese xeral ou sectorial.**

---

---

De conformidade coas bases publicadas no BOP núm. , de de de 2013

Cambre, ..... de ..... de 2013

Asdo.: .....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBRE**



**MEMORIA- RESUMO  
(2013)**

**Actividade/ equipamento/ obra:**

(a cubrir un por cada actividade, equipamento ou obra)

.....

**Descrición:**

.....  
.....  
.....  
.....

**Programación a desenvolver e obxectivos a acadar coa actividade/ investimento:**

a) Obxectivos da actividade:

- 
- 
- 

b) Número de participantes/ beneficiarios:.....

c) Calendario das actividades:

- Periodicidade:.....
- Meses/días:.....
- Lugar/ instalación:.....

d) Cota actividade:.....

e) Colectivo de actuación:.....

f) Conta a actividade con participantes discapacitados ou en risco de exclusión social?  
(no caso de ser afirmativo indique cantos e as actividades nas que participan)

.....  
.....

**No suposto de investimentos en inmobles que non sexan de propiedade municipal, deberase axuntar acreditación de calquera das condicións recollidas no apartado C.2) das bases da convocatoria.**

**Outra información de interese:**

.....  
.....  
.....



Número total de actividades:.....

Número total de beneficiarios:.....

Influencia territorial das actividades:.....

Anos de desenvolvemento das actividades:.....

**Orzamento estimativo de gastos e forma de financiamento previsto**

<b>Gastos (2013)</b>	<b>Importe</b>
<b>Total gastos</b>	

<b>Ingresos (2013)</b>	<b>Importe</b>
Subvención Municipal (solicitada)	
Subvención Deputación	
Subvención Xunta	
Cotas participantes	
Achega entidade	
Outras achegas (patrocinadores...)	
<b>Total ingresos</b>	



**RELACION DE INGRESOS PERCIBIDOS NO ANO 2012, a efectos de baremación do punto G-3:**

Xustificou ante o concello de Cambre o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou disfrute da subvención durante o 2012:

- Sí
- Non
- Non se solicitou subvención no 2012

<b>INGRESOS PERCIBIDOS NO EJERCICIO 2012</b>	<b>IMPORTE</b>
Subvención Municipal	
Subvención Deputación	
Subvención Xunta	
Cotas participantes	
Achega entidade	
Outras achegas (patrocinadores...)	
<b>Total ingresos</b>	





D/D<sup>a</sup>.....con DNI nº:.....

Como secretario/a da entidade.....

Á vista das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2013, publicadas no BOP núm. , de de 2013.

**CERTIFICA:**

- 1.- Que esta entidade acordou presentar a correspondente solicitude.
- 2.- Que o número de socios, de esta entidade, a día de hoxe é de:.....
- 3.- Así mesmo, acordou nomear a D./Dna. .... como representante para as relacións desta entidade co concello.

Vº e praxe  
O presidente,

O secretario,

---

D./Dna. .... , con DNI:.....

Como Presidente da entidade.....

**DECLARA:**

- 1.- Que a entidade á que represento está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 2.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións) e que coñezo e acepto as bases da convocatoria de referencia.

Cambre, ..... de.....de 2013  
Sinatura,



(Só para os comités organizadores / veciñais)

**COMITÉ ORGANIZADOR / VECIÑAL.....**

Este Comité organizador/ veciñal asume o compromiso de execución, durante o ano 2013 da .....  
..... cunha implicación económica proporcional entre os participantes.

Así mesmo, o comité acordou nomear representante para as relacións co concello a D./Dna. ....

NOME	D.N.I	DOMICILIO	SINATURA

**Deberase achegar:**

- fotocopia do CIF do comité ou do representante.
- certificado da conta bancaria aberta para a finalidade.



**MODELO DE AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA QUE UNHA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA POIDA RECABAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS (concesión de axudas e subvencións)**

A persoa abaixo asinante autoriza ao CONCELLO DE CAMBRE a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención ou axuda para.....durante 2013.

A presente autorización outorgase exclusivamente aos efectos do **recoñecemento, seguimento e control** da subvención ou axuda mencionada con anterioridade e en aplicación do disposto pola *Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/1998*, que mantén a súa vixencia trala entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 3/2004, polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei del Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, e o *artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria*, que permiten, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA:**

Nome/ Razón social:.....

CIF:.....

**DATOS DO AUTORIZADOR:**

Nome e apelidos:.....

NIF:.....

Actúa en calidade de:.....

Sinatura:.....

Cambre,..... de ..... 2013

**Nota:** A autorización concedida polo asinante poderá ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre



### Anexo III

#### FORMULARIO DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN MUNICIPAL 2013 (cada entidade cubrirá un por subvención)

Achégolle a/s memoria/s resumo da/s actividade/s, equipamento ou obra, e as fotocopias compulsadas das facturas orixinais, coa finalidade de xustificar a subvención concedida á entidade: \_\_\_\_\_

(CIF: \_\_\_\_\_) por importe de: \_\_\_\_\_ euros.

**Total xustificado:**

\_\_\_\_\_ euros

- 
- Actividades culturais ou deportivas nos centros de educación
  - Actividades culturais
  - Actividades deportivas
  - Investimento/ equipamento cultural
  - Investimento/ equipamento deportivo
  - Actividades de interese xeral ou sectorial/ festas parroquiais

---

De conformidade coas bases publicadas no BOP núm. nº , do de de 2013

Cambre, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2013

Asdo.: \_\_\_\_\_  
relación coa entidade

#### SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBRE

*A este formulario debe achegarlle os xustificantes de gastos, así como carteis ou trípticos de promoción das actividades onde figure o concello como entidade patrocinadora*



D./ Dña. \_\_\_\_\_ con DNI: \_\_\_\_\_,

como secretario/a da entidade \_\_\_\_\_

CERTIFICA:

Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades /investimentos para as que foi concedida, tal e como se reflicte na memoria xustificativa, que se achega a continuación.

E para que conste, para os efectos de xustificación do cobro da subvención referida, expídese a presente certificación en \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2013

V.º e praxe  
O presidente

O secretario



## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROGRAMA/ INVESTIMENTO REALIZADO

**Localización e influencia territorial:**

**Número de beneficiarios da actividade / investimento:**

**Actividades realizadas con relación de datas e programa das mesmas:**

- 
- 
- 
- 
- 
- 

**Valoración dos obxectivos propostos e resultados obtidos:**

**Desviacións respecto das previsións iniciais:**

Gastos previstos (en solicitude)	
Gastos efectivamente realizados	
Diferencia	
Desviación respecto de previsións iniciais	%



### RESUMO DE GASTOS

NÚM FACTURA	EMISOR	DATA DE EMISION	DATA DE PAGAMENTO	CONCEPTO	IMPORTE

				<b>TOTAL GASTOS</b>	

**RESUMO DE INGRESOS (para o mesmo obxecto)**

CONCEPTOS	IMPORTE
Cotas participantes	
Contribución propia da entidade	
<b>Subvención municipal concedida</b>	
Subvención Deputación concedida no 2013	
Subvención Xunta concedida no 2013	
Outras achegas:	
<b>TOTAL INGRESOS</b>	



D./ Dna. \_\_\_\_\_ con DNI: \_\_\_\_\_, como secretario/a da entidade \_\_\_\_\_

**CERTIFICA:**

- 1.- Que durante o 2013 esta entidade obtivo unha subvención do concello de Cambre para \_\_\_\_\_ por un importe de \_\_\_\_\_ euros.
- 2.- Que para o mesmo obxecto, obtivo, ademais as seguintes subvencións

ENTIDADES CONCEDENTES	IMPORTE
TOTAL SUBVENCÍONS RECIBIDAS	

NON RECIBÍN NINGUNHA OUTRA SUBVENCIÓN

3.- Que están pendentes de resolución de concesión ou denegación as seguintes subvencións solicitadas:

ENTIDADES	IMPORTE
TOTAL SUBVENCIONES	

E para que conste, para os efectos de xustificación do cobro da subvención referida, expídese a presente certificación en \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013.

V.º e prace

O secretario

O presidente



#### DATOS FISCAIS DA ENTIDADE

DENOMINACION SOCIAL: \_\_\_\_\_

CIF: \_\_\_\_\_

DOMICILIO: \_\_\_\_\_

NÚMERO DE CONTA BANCARIA NA QUE EFECTUAR O INGRESO DA SUBVENCIÓN (20 díxitos):

\_\_\_\_\_

Cambre, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013

V.º e prace

O secretario

O presidente

Asdo.: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_



## Anexo IV

### **COLABORA:**



Terceiro: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia*, no taboleiro de anuncios do concello e comunicar, mediante cartas personalizadas, a todas as asociacións inscritas no Rexistro Municipal a publicación destas bases.

#### **6º Aprobación inicial, se procede, da Ordenanza reguladora do uso dos locais municipais de ensaio musical**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Xuventude, Deportes e Voluntariado de data 24 de maio de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 28 de maio de 2013.

Vistos os votos particulares presentados polo grupo municipal de EU, rexistrados de entrada ao núm. 6777 o día 29 de maio de 2013, que constan do seguinte teor literal:

#### **“1º voto particular**

Texto do voto particular: No artigo 3.1.1.- Requisitos que deberá reunir o grupo musical, maniféstase como segundo dos requisitos “*Contar como mínimo, cun 50% dos compoñentes empadroados no Concello de Cambre.*”

Por medio do presente voto particular propónse a modificación da redacción do artigo recollido no parágrafo anterior, co fin de que quede redactada do seguinte xeito: “*Contar como mínimo, cun dos compoñentes empadroados no Concello de Cambre.*”

Xustificación do voto particular: O establecemento dunha porcentaxe do 50% de membros que necesariamente teñan que estar empadroados no Concello de Cambre pode chegar a derivar en supostos de discriminación de cara aos veciños que, querendo facer uso dun local municipal destinado a ensaios musicais, e cumprindo o requisito de estar empadroados, non poidan facer uso do dito local se non contan coa presenza doutra persoa empadroadas no concello.

## **2º voto particular**

Texto do voto particular: No artigo 3.1.1.- Requisitos que deberá reunir o grupo musical, maniféstase como terceiro dos requisitos *“Contar como mínimo, cun 50% dos compoñentes menores de 35 anos.”*

Por medio do presente voto particular propónse a eliminación deste requisito da redacción do artigo recollido no parágrafo anterior.

## **3º voto particular**

Texto do voto particular: No artigo 3.1.2.- Requisitos que deberán reunir os solistas, maniféstase como terceiro dos requisitos *“Ter menos de 35 anos de idade”*.

Por medio do presente voto particular propónse a eliminación deste requisito da redacción do artigo recollido no parágrafo anterior.

Xustificación dos votos particulares 2º e 3º: O establecemento dunha limitación por razón de idade dun servizo que presta o concello aos seus veciños/as, non pode ser recollido nunha ordenanza municipal. Entende o noso grupo municipal que se se quere favorecer o acceso aos locais de ensaio pódese facer a través do sistema de baremación, pero a exclusión daqueles usuarios que superen os 35 anos, non deixa de ser unha discriminación por razón de idade, que os poderes públicos non podemos fomentar, máis ben, todo o contrario.

## **4º voto particular**

Texto do voto particular: No artigo 5.2.- Dentro da configuración do COLE (comité organizador dos locais de ensaio), maniféstase como segundo punto, que o dito comité estará formado por *“Responsables do departamento de Xuventude ou funcionarios en quen deleguen”*.

Por medio do presente voto particular propónse a modificación da redacción do artigo recollido no parágrafo anterior, co fin de que quede redactado do seguinte xeito: *“Os responsables do departamento de Xuventude ou funcionarios en quen deleguen.”*

Xustificación do voto particular: A actual redacción dá lugar á indeterminación do número de persoas responsables do departamento de Xuventude. Coa redacción que propoñemos queda de manifesto que son todos os responsables do dito departamento.

## **5º voto particular**

Texto do voto particular: No artigo 6.1.- Dentro da documentación a presentar polos solicitantes dos locais de ensaio, no punto terceiro recóllese como documento a presentar *“Volante de empadramento de cada membro do grupo ou solista, no seu caso”*.

Por medio do presente voto particular propónse a modificación da redacción do artigo recollido no parágrafo anterior, co fin de que quede redactada do seguinte xeito: *“Volante de empadramento do membro ou membros do grupo ou solista empadrado ou empadrados en Cambre.”*

Xustificación do voto particular: A presentación do volante de empadramento daqueles integrantes do grupo que non o estean en Cambre é un requisito que non ten ningunha utilidade para a baremación e concesión do uso dos locais, máis ben, un fastío para quen ten que presentar o dito documento.

Cabe sinalar que no documento de “Aceptación de normas” que deben asinar os solicitantes e que acompaña á presente ordenanza, xa consta como documentación a presentar o volante de empadramento, e especifica: *só veciños/as de Cambre.*

Entra, polo tanto, en contradición o texto da ordenanza neste punto, co modelo de “Aceptación de normas” que a acompaña.

#### **6º voto particular**

Texto do voto particular: No artigo 7.1.1º.- En canto aos criterios utilizados para a avaliación das solicitudes presentadas, maniféstanse como primeiro punto as porcentaxes que baremarán aos empadrados.

Por medio do presente voto particular, e en relación co voto particular primeiro, propónse a modificación da redacción do texto do artigo, co fin de que quede redactado do seguinte xeito:

- *Empadrados (máximo 20 puntos)*
  - *De 91% a 100% dos compoñentes do grupo empadrados: 20 puntos*
  - *De 81% a 90% dos compoñentes do grupo empadrados: 18 puntos*
  - *De 71% a 80% dos compoñentes do grupo empadrados: 16 puntos*
  - *De 61% a 70% dos compoñentes do grupo empadrados: 14 puntos*
  - *De 51% a 60% dos compoñentes do grupo empadrados: 12 puntos*
  - *Un só membro do grupo empadrado: 10 puntos*

Xustificación do voto particular: No mesmo sentido que a xustificación do voto particular 1º, propoñemos esta redacción para non discriminar a ningún veciño nin veciña que, estando empadrado no concello, solicite a utilización dun servizo que o concello pon á súa disposición e que non pode depender da existencia doutra persoa empadrada, posto que estaríamos ante un caso de clara discriminación.

#### **7º voto particular**

Texto do voto particular: No artigo 19.11.- Dentro das Obrigas e prohibicións para os autorizados recóllese dentro do punto número 11 como obriga a de *“Realizar, a petición do alcalde ou concelleiro delegado, unha actuación ao ano, para algunha actividade municipal.”*

Por medio do presente voto particular propónse a eliminación desta obriga da redacción do artigo.

Xustificación do voto particular: Os locais de ensaio póñense en funcionamento co obxecto de prestar un servizo aos veciños e veciñas de Cambre, poñendo á súa disposición un lugar correctamente insonorizado e acondicionado para desenvolver a súa actividade musical. Non debe establecerse unha contraprestación obrigatoria aos usuarios dun servizo municipal obrigándoos a que fagan unha actuación musical ao ano xa que pode darse o caso de que o grupo ou o solista non queira realizar a dita actuación. Diferente sería, propoñer aos grupos ou solistas que, chegado o caso, estuden a proposta de participar nalgunha actividade musical que queira organizar o concello pero sempre dende o respecto á decisión dos grupos ou solistas.”

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, antes de entrar no asunto, queren solicitar que este punto quede enriba da mesa. Comentóuselles o outro día na comisión informativa que a ordenanza se tiña consensuado cos grupos que van resultar eventuais beneficiarios dos locais e que están inscritos na OMIX. Como pode ocorrer que polas achegas que van facer, e que tamén fan outros grupos, o límite de idade de 35 anos non quede como tal, e que, polo tanto, hai un colectivo importante de xente maior de 35 anos que forman parte de grupos que tamén quixerían facer as súas achegas ao texto desta ordenanza, e dar unha visión diferente á que se utilizou para a redacción da ordenanza.

Dí que, ademais, tendo en conta que aos grupos políticos municipais tampouco se lles deu traslado con tempo suficiente para facer achegas, nin se reuniron con eles para intentar consensuar entre todos o texto que hoxe se trae a aprobación, por todo iso, quixeran solicitar, tamén co permiso dos compañeiros de EU, que este asunto quedara enriba da mesa, para facer un bo traballo conxunto, recoller novas sensibilidades que mellorarán, sen lugar a dúbidas, o que é o texto actual, e, todo isto co compromiso pola súa parte de que á maior brevidade posible volverán traer a ordenanza a pleno para a súa aprobación.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao Sr. Rey que case fixo unha exposición de votos particulares que non presentou. O que pide é que o asunto quede sobre a mesa, e el xa lle dixo nas comisións que é o Sr. concelleiro o que ten que dicilo, para iso fixo o traballo, e vendo se están de acordo o resto dos grupos.

Dille ao voceiro socialista que isto xa foi discutido en comisións, xa se recolleu esa sensibilidade, e o grupo de EU, loxicamente, fixo o seu traballo, que foi presentar os votos particulares que dixo nas comisións que ía presentar, polo tanto, ten que darlle a palabra ao Sr. Taibo e que explique eses votos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que se queda co que dixo o Sr. alcalde ao final, con que, efectivamente, EU fixo o seu traballo, como evidentemente fixeron os demais grupos, manifestándose nas propias comisións informativas, porque foi un punto dos máis extensos, onde se debateu por activa e por pasiva, onde cada grupo argumentou e presentou as propostas que estimou conveniente, concretamente a súa compañeira de grupo que é a responsable nesa

comisión, díxolle ao responsable de Xuventude e Deportes que, se tiña a ben, o deixase enriba da mesa no ánimo de, efectivamente, como dixo o Sr. Augusto Rey, consensuar esta ordenanza, como así viñeron consensuando algunha máis. O Sr. concelleiro adoptou a decisión de tralo a pleno, e por iso el cre que nesta sesión o primeiro que habería que tratar é os votos particulares do seu grupo, como así establece o propio regulamento, polo tanto, correspondíalle a EU empezar a falar.

O Sr. alcalde dálle a palabra ao Sr. concelleiro de Deportes para que valore se deixa sobre a mesa ou non este asunto.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro delegado de Xuventude, Deportes e Voluntariado, manifesta que houbo un cambio nas intervencións. El quería comezar a súa intervención felicitando á compañeira de EU, porque cos votos particulares presentados demostra que non só leu a ordenanza, cousa que como responsable da redacción lle congratula, senón que a ten estudado a conciencia, e agás algún pequeno detalle, case na súa xeneralidade, están completamente de acordo coas achegas que realiza, porque son uns votos particulares que suman, que achegan cousas á ordenanza.

Como dixo nas comisións informativas, é unha instalación nova, da que aínda non saben o funcionamento, como se vai xestar esa convivencia dentro dos locais, é unha ordenanza que está moi verde por motivos lóxicos, porque é unha instalación totalmente nova. Di que se trata dun punto de partida no que xa se contemplan cada 6 meses unhas reunións cos grupos para intentar matizala, intentar melloralala, porque é máis unha cuestión de ordenar a convivencia de uso dos locais, que non outra cousa, algo que lendo os votos particulares da compañeira do grupo de EU, vese que entendeu perfectamente, o que lle agradece persoalmente moito, xa que pensou que non a ía ler ninguén.

Neste punto, e ante as manifestacións do grupo de EU en canto a que primeiro hai que tratar os votos particulares presentados, o Sr. alcalde explica que el o único que lle está preguntando ao Sr. concelleiro é se a quere retirar, iso é o que ten que decidir.

Don Fernando Caride Suárez contesta que non a retira.

O Sr. alcalde di que iso non llo tiña oído na súa resposta anterior, e di que, entón, adiante cos votos particulares.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que, antes de dar lectura aos votos particulares, quere agradecer a deferencia amosada, indicando, non obstante, que a documentación que len non é esta soamente, senón que adoitan ler toda a documentación, a conciencia. Di que ao Sr. concelleiro fixéronlle falta dous días para darse conta do que lle intentaba explicar nas comisións informativas, porque a aprobación dunha ordenanza municipal, por sinxela que sexa, por nova, por simple, dá igual, debería pasar, á parte de pola consulta cos interesados que xa lles dixo que a fixera, pola consulta co resto dos grupos da oposición, como estaba comentando o voceiro do partido socialista. Di que así van obter un resultado máis consensuado, as achegas, normalmente, adoitan ser, como o Sr. concelleiro dixo, para sumar, para que creza a ordenanza. Como non foi así, e como o Sr.

concelleiro non tivo a ben retirar o punto da orde do día, por iso eles presentaron os votos particulares, espera que noutra ocasión os reúna para que isto o fagan noutro foro, non aquí, que nin é o momento nin é o lugar.

A continuación, dona M<sup>a</sup> Olga Santos López dá lectura aos votos particulares presentados, tal e como foron transcritos anteriormente.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que, respecto dos votos particulares, o seu grupo vai votar a prol, da mesma maneira que, de non terse presentado, terían votado a prol da proposta tal e como a trae o goberno municipal, iso entendendo que é, como demostran os votos particulares de EU, unha proposta mellorable, porque si é un primeiro paso, e ademais manifestouse por parte do concelleiro encargado que é a primeira vez que se fai, o cal é certo, están todos total e absolutamente de acordo, e ademais tamén manifestou nas comisións informativas previas ao pleno a vontade de que se algún dos aspectos non respondía adecuadamente ás necesidades para os que son formulados, non habería ningún problema en subsanalalo andando o tempo.

Di que, a maiores, dende o Bloque amosan o seu voto favorable sabendo que este regulamento vai ter que ir acompañado dunha ordenanza para regular as taxas que se cobrarán para o seu uso, e dende aquí eles agardan que a proposta que lles traian, andando o tempo, que terá que ser máis axiña que tarde, sexan prezos simbólicos, que sexan unhas taxas perfectamente asumibles, e que non se queira, dalgunha maneira, gravar ou ter calquera tipo de beneficio, entende que non vai ser de ningún modo así, e que se vai ter como mínimo tanta manga ancha como se ten co Brincadeira.

Continúa dicindo que si queren neste caso felicitar ao equipo de goberno por traer esta ordenanza, e dalgunha maneira poñerlle o ramo a uns locais de ensaio que presentan, ao xuízo do BNG, e o din sen ningún tipo de tateo, parte do peor á hora de xestionar por parte de sucesivos gobernos municipais en Cambre.

Di que falaban nas pasadas comisións municipais, e queren dicilo no pleno municipal, e así o recollía o propio equipo de goberno, que estes locais de ensaio tiñan que ser tamén locais de gravación, non van poder selo porque no seu momento por parte doutros gobernantes recepcionouse esta obra indebidamente, sen cumprir co proxecto tal e como estaba deseñado, e iso imposibilita, a día de hoxe, que o que tiña que ser un local de gravación, vaia ser un local para ese uso.

Dende o BNG apoian e animan ao goberno municipal a que, na medida do posible, diluciden as responsabilidades oportunas, porque eles entenden que iso é algo que debe ser sabido e coñecido pola poboación de Cambre, porque é a única maneira de que cuestións como estas, que son inhabituais na maior parte dos concellos do país, e por desgraza tan habituais en Cambre, non volvan pasar.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta, en primeiro lugar, o seu voto a prol dos votos particulares. Di que todo o mundo fixo o seu traballo, pero o feito de solicitar que quedara sobre a mesa este punto é porque a algúns as suxestións

chegáronlles a última hora, sen posibilidade de presentar votos particulares, é unha mágoa, pero é así.

Di iso sobre todo porque entenden que a ordenanza cae nunha clave que lle parece a correcta nun primeiro momento, fomentar a cultura musical entre os máis novos e apoialos no seu desenvolvemento como músicos. De todas formas, o que ocorreu agora coa eventual votación a prol dos votos particulares presentados por EU, é que ao non existir ese límite de 35 anos, dáse unha circunstancia que é a que eles querían ter solucionado cunha eventual reunión para modificar ou enriquecer no posible a ordenanza dos locais de ensaio. Estanse atopando, sobre todo no colectivo de xente que forma parte de grupos de máis de 35 anos, que hai xente desempregada, sen prestación incluso, que viu nestas formacións musicais de forma amateur, a posibilidade de realizar uns bolos puntualmente, e xerar uns ingresos, por iso o grupo socialista quería considerar, ante esa proposta, que se recolleran tamén nos baremos para conceder os locais, certos elementos de carácter socio-económico, socio-laboral, como puidera ser estar en situación de desemprego ou cobrando prestación, ter cargas familiares ou non, iso é o que querían ter suxerido.

Conclúe dicindo que entenden que así a ordenanza vai quedar un pouco coxa, sobre todo porque non se ten recollido a sensibilidade, ou polo menos iso é o que se lles teñen manifestado a eles, dese colectivo que non se ve reflectido ao desaparecer o límite de 35 anos.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que el quere felicitar a don Fernando Caride por traer esta proposta, cre que polo menos é o comezo de algo que non tiñan, e quere que recapacite, non só el, senón o goberno municipal, sobre o que van facer hoxe aquí, que é que unhas propostas dos grupos da oposición vanse aprobar para enriquecer unha ordenanza. Xa dixeron o outro día nas comisións que botaban en falta ese diálogo, que se lles mandase antes a ordenanza, para estudala con tempo e falar tamén cos grupos musicais, e enriquecela, agarda que aprendan un pouco deste exercicio.

Por último, di que eles van aprobar os votos particulares, e queren agradecer e felicitar aos compañeiros de EU polo traballo realizado. Van aprobar os votos particulares e a ordenanza tamén.

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez explica que respecto do tema do límite de 35 anos, en ningún momento a intención da ordenanza era que ese límite de idade fora excluínate, é dicir, como xa dixo noutras ocasións, o sentimento desta ordenanza é regular o uso dos locais, e si é certo que, nun primeiro momento, como é unha instalación dependente do departamento de Xuventude, seguindo precisamente uns criterios de xuventude primouse esa mocidade, pero só á hora do reparto das horas. En todo caso ven ben a posibilidade de non poñer arco de idade e simplemente comprobar que sexan empadroados, por iso son favorables aos votos particulares.

En canto ao tema das actuacións, di que é un tema que poderían discutir, pero tampouco é algo no que eles teñan un especial interese, simplemente recorreuse a poñer ese punto porque noutros convenios que hai con outras asociacións, como é o convenio de Sementeira, reflíctese que nun momento dado, a petición do concello,

pódese levar a cabo un concerto, ou incluso porque lle poida interesar aos propios interesados, pero non hai ningún problema en eliminalo e admitir o voto particular, porque chegado o momento de que haxa unha solicitude dese tipo por parte do goberno, pódese facer exactamente igual reunindo aos grupos e solicitándolles de forma oficial no momento en que teña a ben o concello facelo.

Co tema das taxas que comentaba o compañeiro do BNG, a intención cando se falou en comisións, e tamén nunhas declaracións que fixo en prensa no seu momento sobre ese tema, di que el sempre ten falado de taxas para persoas que vaian usar os locais de ensaio pero que non sexan veciños de Cambre, é dicir, entenden que eses locais para os veciños de Cambre non deberían ter, a priori, custo, o que si pode haber é unha fianza, porque aí vai haber material. Como comentaron nas comisións, hai unha partida para o ano 2013 para compra de material, e será necesario ter algo que os “ate” un pouco a mantelo coidado, á parte da boa vontade coa que se presupoñe se vai dar uso.

É dicir o tema da ordenanza fiscal vai máis encamiñada a xente doutro concello que poida vir a darlle uso a eses locais, dado que como lles teñen manifestado os grupos os locais están moi ben, e cabe a posibilidade de que lles veña xente doutro concello, pero claro, terán que gravalo dalgunha maneira para que non se colapse e darlle preferencia sempre aos veciños do concello.

Despois, co tema que expuxo o Sr. Augusto Rey sobre a preferencia dos parados, poden estar de acordo, pero el ao mellor orientaría máis a esa futurible ordenanza fiscal, ao mellor a través dalgunha exención da taxa, ou incluso da fianza no caso de que sexan amparados, pero non á hora do ensaio. Están falando en todo momento de que é unha ordenanza de convivencia e para a convivencia, el cre que, francamente, o feito de que sexa ou non parado, estea ou non traballando, non ten por que primar a alguén á hora de escoller un arco horario ou outro, suponse que entran todos en libre concorrencia. Ao mellor, como dixo, si se pode contemplar iso na futurible taxa, ter unha deferencia e deixalo reflectido nela, pero entende que este non é o momento para incluír ese punto.

Conclúe agradecendo aos compañeiros as súas felicitacións.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que como están sendo un pouco caóticas as intervencións, ou mellor dito, non as intervencións, senón que non se sabe se están debatendo os votos particulares ou o regulamento, simplemente quere facer dúas suxestións que non quixeron incluír nos votos particulares porque entenderon que non era conveniente, pero que demostran, tal e como manifestaron nas comisións informativas, que hai algúns focos. Di que unha suxestión, simplemente para que tome nota dela, é que entenden que sería conveniente incluír dentro da ordenanza se o redondeo que se vai facer das porcentaxes vai ser á alza ou á baixa, iso tendo en conta que, por exemplo, hai moitas formacións musicais que son un trío, e o 50% de 3 é 1,5 e é moi distinto que teña que presentar a documentación 1 que teñan que ser 2.

Outra suxestión é que dentro do artigo 10.4 que di “Calquera outra actividade musical diferente dos ensaios musicais (presentacións, concertos, gravacións e similares) ...”,



quizais esa palabra gravacións debería desaparecer, tendo en conta que non se vai poder facer esa actividade dentro dos locais, unicamente por evitar que alguén decida pedirlle ao alcalde ou concelleiro gravar un disco nun local que non ten equipo de gravación.

O Sr. alcalde manifesta que recollen a suxestión, e sinala que, como dixeron nas comisións, é unha ordenanza que empeza os seus andares, porque é a primeira vez que teñen un local de ensaio. El sabe que todas esas suxestións, eses flocos que a Sra. concelleira dixo que quedan, vanse ir pulindo, e seguramente cando fagan a nova ordenanza, o ano que vén, posiblemente todas esas cousas se recollerán e se recollerán tamén as propostas que todos vaian vendo, porque todos van aprender neste tema.

Sometidos a votación ordinaria os votos particulares presentados polo grupo municipal de EU, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a integran, aprobou os votos particulares presentados polo grupo municipal de EU.

A continuación, sometida a votación ordinaria a proposta presentada, incluíndo os votos particulares aprobados, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a integran, acordou:

Primeiro: Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do uso dos locais municipais de ensaio musical, tal e como se transcribe a continuación:

## **Ordenanza reguladora do uso dos locais municipais de ensaio musical**

### **Preámbulo**

O artigo 25 da Lei de bases de réxime local 7/1985, de 2 de abril, no seu apartado primeiro, faculta aos municipios a promover, para a xestión dos seus intereses e dentro das súas competencias, toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e, no seu apartado segundo, letra m), sinala que o municipio exercerá, en todo caso, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, actividades ou instalacións culturais ou deportivas, ocupación do tempo libre e turismo.

Co obxectivo de fomentar a produción e creación musical, especialmente da mocidade artista local, o Concello de Cambre pon a disposición de instrumentistas, solistas, grupos ou agrupacións musicais de calquera estilo ou tendencia, dous locais de ensaio, un local de gravación, un pequeno almacén, unha oficina, unha cabina de gravación e un hall (sala de espera e distribuidor), sitos na urbanización da Barcala.

## **Locais municipais de ensaio: disposicións xerais**

### **Artigo 1.- Descrición**

1.1.- Os locais de ensaio son un espazo que o Concello de Cambre pon á disposición de solistas e grupos musicais formados por xente moza, para o ensaio e a práctica das artes musicais.

1.2.- Os locais de ensaio pertencen ao Concello de Cambre, que exercerá as súas competencias a través do departamento de xuventude, dado que os seus usuarios principais son a mocidade do municipio.

1.3.- O equipamento que conforma os locais de ensaio ocupa unha superficie de máis de 140 m<sup>2</sup> e están integrados polos seguintes locais:

- 2 locais de ensaio:
  - o nº1: 30,25 m<sup>2</sup>
  - o nº2: 22,25 m<sup>2</sup>
- 1 local de gravación de 28,40 m<sup>2</sup>
- 1 pequeno almacén: 9,75 m<sup>2</sup>
- 1 oficina: 9,45 m<sup>2</sup>
- 1 cabina de gravación: 6,45 m<sup>2</sup>
- hall, sala de espera e distribuidor: 35 m<sup>2</sup>

1.4.- Os locais de ensaio atópanse nun baixo no que hai outros locais municipais cos que comparten determinados servizos (baños, entrada principal, sala para xuntanzas, etc...), no seguinte enderezo: Rúa Río Barcés nº 3 - semisotano, na urbanización da Barcala.

### **Artigo 2.- Función**

A finalidade única destes locais é a de servir como local de ensaio de artes musicais.

### **Artigo 3.- Usuarios**

3.1.- Poderá utilizar estes locais a mocidade que, en solitario ou formando parte dun grupo musical, reúna os seguintes requisitos:

3.1.1.- Requisitos que deberá reunir o grupo musical:

- practicar as artes musicais
- contar, como mínimo, cun dos compoñentes empadroado no Concello de Cambre

3.1.2.- Requisitos que deberá reunir o solista:

- practicar as artes musicais
- estar empadroado no Concello de Cambre

3.2.- Os grupos musicais e solistas que non reunisen os anteriores requisitos poderán utilizar estes locais nas horas que queden libres, segundo a puntuación obtida conforme ao artigo 7 desta ordenanza.

### **Artigo 4.- Representantes e menores de idade**

4.1.- Cada solista, no seu caso, ou grupo nomeará un representante, maior de idade, que actuará como portavoz del e será, ante o Concello de Cambre, o responsable do grupo ante calquera incidencia.

4.2.- Os solistas ou compoñentes do grupo menores de idade contarán con autorización expresa dos seus titores legais para participar nas actividades que se desenvolvan nos locais.

#### **Artigo 5.- Participación na xestión**

5.1.- Crease o COLE (comité organizador dos locais de ensaio), un órgano de participación e corresponsabilidade nas actividades xuvenís. A súa función principal será canalizar a participación dos grupos musicais, recollendo as súas propostas e suxestións con relación aos locais de ensaio.

5.2.- O dito comité estará formado por:

- Alcalde ou concelleiro no que delegue, que presidirá as xuntanzas.
- Os responsables do departamento de Xuventude ou funcionarios en quen deleguen.
- Un compoñente de cada grupo.
- Solistas.

5.3.- O COLE reunirse, como mínimo, dúas veces ao ano, para dar conta aos grupos das valoracións das súas solicitudes e para que, confirmadas estas, escollan horario e día. Tamén se reunirá cando sexa convocado polo alcalde ou concelleiro delegado ou a petición de, polo menos, un 10% dos grupos e/ou solistas.

#### **Solicitudes: presentación e valoración**

#### **Artigo 6.- Presentación**

6.1.- As solicitudes para o uso dos locais presentaranse conforme ao modelo que consta como anexo I e a elas achegarase a seguinte documentación:

- Unha relación dos compoñentes do grupo, segundo o anexo II.
- Fotocopias dos DNIs de todos os compoñentes do grupo.
- Volante de empadramento do membro ou membros do grupo ou solista, empadrado ou empadroados en Cambre.
- Autorización dos titores legais dos solistas ou compoñentes do grupo menores de idade, no seu caso, conforme ao modelo que se achega como anexo III, achegando fotocopia do DNI da persoa que autoriza.

6.2.- As solicitudes irán dirixidas ao señor alcalde ou concelleiro delegado e presentaranse no rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios que se establecen no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6.3.- O órgano competente poderá requirir aos interesados para que emenden ou melloren a súa solicitude, achegando a documentación que considere conveniente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **Artigo 7.- Valoración das solicitudes**

7.1.- As solicitudes serán valoradas atendendo aos seguintes criterios:

1º) Terán preferencia os grupos musicais que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3 desta ordenanza, cuxas solicitudes se avaliarán polo departamento de xuventude conforme aos seguintes criterios:

- Empadroados (máximo 20 puntos):
  - o De 91% a 100% dos compoñentes do grupo empadroados: 20 puntos
  - o De 81% a 90% dos compoñentes do grupo empadroados: 18 puntos
  - o De 71% a 80% dos compoñentes do grupo empadroados: 16 puntos
  - o De 61% a 70% dos compoñentes do grupos empadroados: 14 puntos
  - o De 50% a 60% dos compoñentes do grupo empadroados: 12 puntos
  - o Un só membro do grupo empadroadado: 10 puntos.
  
- Menores de 35 anos (máximo 10 puntos):
  - o De 91% a 100% dos compoñentes do grupo menores de trinta e cinco anos: 10 puntos.
  - o De 81% a 90% dos compoñentes do grupo menores de trinta e cinco anos: 8 puntos.
  - o De 71% a 80% dos compoñentes do grupo menores de trinta e cinco anos: 6 puntos.
  - o De 61% a 70% dos compoñentes do grupo menores de trinta e cinco anos: 4 puntos.
  - o De 50% a 60% dos compoñentes do grupo menores de trinta e cinco anos: 2 puntos.
  
- Media de idade (máximo 5 puntos):
  - o Valorarase de 0 a 5 puntos, outorgándosele 5 puntos ao grupo ou grupos, de existir empate, coa menor media de idade.
  
- Número de compoñentes (máximo 5 puntos):
  - o Valorarase de 0 a 5 puntos, outorgándosele 5 puntos ao grupo ou grupos, de existir empate, con maior número de compoñentes.
  
- No caso de empate resolverase mediante sorteo público.

2º) Seguidamente, outorgaráselle o uso aos solistas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 3.

Valorarase a idade de 0 a 10 puntos, outorgándosele 10 puntos ao solista con menor idade.

No caso de empate resolverase mediante sorteo público.

3º) Por último, de existir horas libres, outorgaráselle o uso a aqueles grupos e solistas que non cumpran os requisitos establecidos no artigo 3.

Dentro destes, primarán os grupos fronte aos solistas.

No caso dos grupos, valorarase:

- a) De 0 a 10 puntos o número de compoñentes empadroados no Concello de Cambre, outorgándosele 10 puntos ao grupo ou grupos, de existir empate, con maior número de empadroados.
- b) De 0 a 5 puntos a media de idade, outorgándosele 5 puntos ao grupo ou grupos, de existir empate, coa menor media de idade.
- c) De 0 a 5 puntos o número de compoñentes, outorgándosele 5 puntos ao grupo ou grupos, de existir empate, con maior número.
- d) En caso de empate, resolverase mediante sorteo público.

No caso dos solistas, terán preferencia os empadroados e, para o resto, resolverase por sorteo.

7.2.- Por esta orde, o uso dos locais será autorizado segundo o establecido nos artigos seguintes, creándose unha lista de espera cos solicitantes que non obteñan autorización.

## **Autorizacións**

### **Artigo 8.- Características das autorizacións**

8.1.- Necesiedade: O uso dos locais de ensaio, requirirá da previa obtención da correspondente autorización municipal, de acordo co procedemento previsto nesta ordenanza.

8.2.- Duración limitada: As autorizacións terán unha duración máxima, incluídas as prórrogas, de dous anos.

8.3.- Única: Requiritase unha autorización por cada grupo ou solista, sen prexuízo de que as solicitudes se resolvan no mesmo acto.

8.4.- Competencia: O outorgamento das autorizacións será competencia do alcalde ou concelleiro delegado.

8.5.- Intransferibles: As autorizacións serán intransferibles, de conformidade co establecido, con carácter básico, no artigo 92.2 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

### **Artigo 9.- Outorgamento**

9.1.- Para a entrada en funcionamento dos locais de ensaio, o alcalde ou concelleiro delegado aprobará, mediante resolución publicada no taboleiro de anuncios, no BOP e na páxina web oficial deste concello, as bases da convocatoria que rexerán o outorgamento das autorizacións de uso, de conformidade co establecido na presente ordenanza.

Para tal efecto, dende a última publicación abrirase un prazo de presentación de solicitudes de 15 días naturais, que serán avaliadas conforme ao establecido no artigo 7.

9.2.- Logo desta primeira adxudicación, semestralmente, procederase á revisión das autorizacións concedidas, tendo en conta as presentadas durante este período. Desta forma, elaborase unha nova relación de aspirantes coa puntuación correspondente a cada un deles e, coa participación do COLE, reestruturarase os horarios.

9.3.- As autorizacións terán unha duración de seis meses, prorrogables previa solicitude á que achegará unha declaración responsable conforme ao modelo que consta como anexo IV ata un máximo de dous anos.

Así mesmo, tamén se prorrogará a inclusión na lista de espera por un período máximo de dous anos, previa solicitude á que achegará unha declaración responsable conforme ao modelo que consta como anexo IV.

9.4.- Na revisión semestral non se alterará a puntuación acadada polos autorizados e polos incluídos na lista de espera, salvo que presenten novas solicitudes.

### **Artigo 10.-Contido**

10.1.- De conformidade co disposto, con carácter básico e supletorio respectivamente, nos artigos 84.1 e 92.7 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, ninguén poderá utilizar os locais de ensaio sen autorización previa e expresa, que conterá, como mínimo, os seguintes extremos:

- O réxime de uso do ben ou dereito (persoas autorizadas, días, horarios e períodos).
- Liquidación da taxa que corresponda, se fora o caso.
- A garantía que hai que prestar, se é o caso.
- Compromiso de utilizar o ben segundo a súa natureza e de entrego no estado no que se recibe.
- O compromiso de previa obtención á súa costa de cantas licenzas e permisos requira o uso do ben ou actividade que hai que realizar sobre el.
- A asunción da responsabilidade derivada da ocupación, con mención, no seu caso, da obrigatoriedade de formalizar a oportuna póliza de seguro, aval bancario, ou outra garantía suficiente.
- A aceptación da revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.
- A reserva por parte do concello cedente da facultade de inspeccionar o ben obxecto de autorización, para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.
- O prazo e réxime de prórroga que, en todo caso, requirirá a previa autorización.
- As causas de extinción.

10.2.- A autorización condicionarase ao ingreso da taxa que corresponda, constitución da fianza e presentación da póliza de seguro de responsabilidade civil, no seu caso.

10.3.- Acreditado o anterior, faráselle entrega ao representante das chaves para acceder aos locais, que terá a custodia e garda delas e será responsable da súa perda. A chave resultará intransferible a outras persoas ou grupos e non poderá facerse copia dela.

10.4.- Calquera outra actividade musical diferente dos ensaios musicais (presentacións, concertos, gravacións e similares) deberá contar coa autorización expresa do alcalde ou concelleiro delegado e quedará subordinada aos ensaios programados.

### **Artigo 11.- Extinción das autorizacións**

Sen prexuízo do disposto noutros artigos desta ordenanza e demais normativa aplicable, as autorizacións extinguiranse automaticamente polas seguintes causas:

1. Transcurso do prazo.
2. Renuncia expresa e escrita do titular.
3. Causas sobrevidas de interese público.

4. Falta de pagamento das exaccións correspondentes dentro do prazo fixado na correspondente ordenanza fiscal, se fora o caso.
5. Presentación dunha nova solicitude.
6. Non usar os locais tendo horarios autorizados ou incumprir os horarios autorizados.
7. Como sanción accesoria.

#### **Artigo 12.- Fin de uso e devolución da fianza**

Unha vez concluído o uso do local, o Concello de Cambre poderá practicar cantas comprobacións considere oportunas para os efectos de constatar o cumprimento das obrigas dos usuarios.

Unha vez comprobado o cumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza, así como a inexistencia de danos e perdas nos inmobles e mobles cedidos, e a non comisión de ningunha infracción, o responsable do departamento de xuventude emitirá un informe ao respecto, propoñendo ao órgano competente a devolución da fianza que se tivese constituído.

No caso de que o resultado da comprobación fose desfavorable para os autorizados, o informe describirá os incumprimentos ou infraccións que se tivesen cometido. Darase traslado dese informe ao autorizado, concedéndoselle un prazo de dez días para alegacións, transcorrido o cal ditarase a correspondente resolución polo órgano competente respecto da reposición dos bens, concedéndoselle un prazo para facelo.

En caso de incumprimento, incautarase a fianza constituída ata cubrir os danos causados e a sanción imposta, no seu caso.

Para o caso de que non se esixise fianza ou fose insuficiente, o concello poderá levar a cabo as reparacións dos bens, mediante execución subsidiaria por conta do autorizado. En caso de impago, e de conformidade co establecido no artigo 97 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o importe dos gastos, danos e perdas, sancións e demais responsabilidades a que houber lugar esixirase mediante constringimento sobre o patrimonio, segundo as normas reguladoras do procedemento recadatorio en vía executiva, e cantos mecanismos permita a lexislación ata a súa total satisfacción.

#### **Artigo 13.- Fianza**

O Concello de Cambre poderá esixir aos autorizados a constitución dunha fianza en calquera das formas legalmente admitidas. A fianza, cun importe que se determinará atendendo á superficie do inmovible, o seu equipamento, actividade a desenvolver, número de usuarios e continuidade de uso, responderá do bo cumprimento das obrigas de uso e da restitución, no seu caso, do inmovible ou mobles situados no seu interior, á situación anterior ao momento da cesión. Así mesmo, garantirá a indemnización dos danos e perdas, cando deban responder os usuarios dos que efectivamente se produzan, así como do pagamento das sancións que poidan impoñerse en virtude da aplicación da presente ordenanza.

#### **Artigo 14.- Responsabilidade por danos**

Os autorizados dos locais obxecto de utilización, responderán dos danos e perdas que polo seu dolo ou neglixencia se ocasionen neles.

Se fosen varios os grupos e/ou solistas autorizados e non se puidese identificar ao causante/s dos danos sufridos nos inmobles, responderán solidariamente do pagamento das

indemnizacións que procedesen. No caso de que o importe desas indemnizacións se detraia das fianzas constituídas, reterase proporcionalmente, en función do número de grupos e/ou solistas que teñan autorizado o uso do inmovble.

Os autorizados que non constituíran fianza, e que deban responder solidariamente con outras asociacións ás que si se lles esixise garantía, participarán na porcentaxe que lles correspondese achegando a suma en metálico.

No caso de que se causasen danos nos inmobles, producidos pola actuación de persoas físicas identificadas, será responsable directo ante o Concello de Cambre o grupo a que pertenza o causante do dano, sen prexuízo da posibilidade que poida ter este de repetir.

#### **Artigo 15.-Extravío de obxectos**

O Concello de Cambre non se responsabilizará do extravío de diñeiro ou doutros obxectos que se produza durante os tempos de uso dos inmobles polos usuarios. En todo caso, se os usuarios os trouxesen consigo, quedarán baixo a garda e responsabilidade exclusiva dos seus propietarios.

#### **Funcionamento, horarios e libro de control dos locais**

##### **Artigo 16.- Funcionamento**

16.1.- Unha vez dentro dos locais deberá pechase a porta de acceso a estes por cuestións de seguridade e control de persoas non autorizadas.

16.2.- O grupo da derradeira hora debe abandonar o local nun máximo de 15 minutos, unha vez rematado o seu tempo de ensaio.

##### **Artigo 17.- Horarios**

17.1.- Os horarios de uso dos locais irán dende as 09:00 horas ata as 00:00 horas, todos os días do ano, laborais ou festivos, e de luns a domingo.

17.2.- Na asignación de horarios, cada grupo escollerá, segundo a puntuación acadada conforme ao artigo 7, un bloque de 3 horas semanais. Unha vez que todos os grupos escollan esas tres horas, poderán volver escoller se precisan máis tempo de ensaio, sempre en bloques de tres horas.

##### **Artigo 18.- Libro de control**

Cada local contará cun libro de control onde cada grupo deberá asinar a súa presenza, o estado en que atopou o local ou calquera incidencia que desexe destacar.

#### **Deberes e dereitos**

##### **Artigo 19.- Obrigas e prohibicións para os autorizados**

1. Respetar os horarios e días asignados. Os horarios de remate do ensaio son inflexibles, pois afectan ao grupo que ensaia a continuación.
2. Só poden entrar nos locais de ensaio os compoñentes do grupo autorizados. Excepcionalmente, poderá autorizarse a presenza de persoas alleas.



3. Manter un comportamento axeitado nas instalacións. Non se permite a celebración de festas nin outros actos que non estean relacionados cos propios ensaios.
4. Cubrir o libro-folla de control ao que se refire o artigo 18.
5. Comunicar o antes posible ao departamento de Xuventude calquera incidencia provocada ou detectada nos locais.
6. Unha vez rematado o ensaio, recoller o material, desconectar todo da rede eléctrica e deixar todo listo para a súa utilización polo seguinte grupo.
7. Manter limpos os locais, levando a cabo a limpeza básica e deixando o local nas mesmas condicións no que se atopou.
8. Cada grupo será responsable de repoñer o material por eles danado ou aboar o seu importe integro.
9. Cada grupo designará a un compoñente para asistir ás accións formativas que puidera convocar o concello para a mellor utilización do equipamento existente nos locais de ensaio.
10. Non poden consumirse alimentos, bebidas alcohólicas, tabaco nin substancias ilegais.

#### **Artigo 20.- Dereitos dos autorizados**

- 1.- Utilizar os locais de ensaio conforme ao establecido na autorización.
- 2.- Participar na xestión dos locais, a través do COLE.
- 3.- Desfrutar do equipamento existente nos locais de ensaio.

#### **Artigo 21.- Deberes do concello**

- 1.- Realizar o control adecuado dos locais de ensaio.
- 2.- Seguimento do libro de control.
- 3.- Mantemento, limpeza e conservación dos locais.
- 4.- Xestionar e coordinar o uso dos locais.
- 5.- Canalizar a participación dos grupos a través do COLE

#### **Artigo 22.- Dereitos do concello**

1. Controlar e supervisar o uso dos locais.
2. Revogar unilateralmente o uso do local ou modificar as condicións de uso, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.
3. Esixir, de acordo coa programación do concello, unha actuación ao ano aos grupos que utilizan o local.
4. Realizar fotografías ou gravacións dos ensaios e actuacións dos grupos co fin de difundilas e utilizalas para memorias, difusión de actividades, utilización na páxina web e similares.

#### **Réxime sancionador**

**Artigo 23.-** A infracción das obrigas e demais normas de obrigado cumprimento establecidas nesta ordenanza, serán obxecto dun procedemento sancionador nos termos do artigo 127 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e do Regulamento sancionador de desenvolvemento da citada lei, aprobado por Real Decreto 1398/1993 de 4 de agosto.

## **Artigo 24.- Infraccións**

**24.1.-** Considerarase infracción calquera incumprimento do estipulado na presente ordenanza e clasificaranse, de acordo co artigo 140 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en moi graves, graves e leves.

**24.2.-** Terán a condición de **falta moi grave**:

- A reiteración, por terceira vez, de faltas graves.
- A perturbación relevante da convivencia no local, que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras personas, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase conformes coa normativa aplicable ou á salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de condutas non subsumibles nos tipos previstos no capítulo IV da Lei 1/1992, de 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá.
- O impedimento do uso dun servizo público por outra ou outras personas con dereito á súa utilización.
- O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento das actividades realizadas na instalación.
- Os actos de deterioramento grave e relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo público.
- O impedimento do uso dun espazo público por outra ou outras personas con dereito á súa utilización.
- Os actos de deterioración grave e relevante de espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, sean mobles ou inmobles, non derivados de alteracións da seguridade cidadá.

**24.3.-** As demais infraccións clasificaranse en **graves e leves**, de acordo cos seguintes criterios:

- A intensidade da perturbación ocasionada na tranquilidade ou no pacífico exercicio dos dereitos doutras personas ou actividades.
- A intensidade da perturbación causada á salubridade ou ornato públicos.
- A intensidade da perturbación ocasionada no uso dun servizo ou dun espazo público por parte das personas con dereito a utilizalos.
- A intensidade da perturbación ocasionada no normal funcionamento dun servizo público.
- A intensidade dos danos ocasionados aos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo ou dun espazo público.
- A reiteración, por terceira vez, dunha infracción leve terá a consideración de grave.

## **Artigo 25.- Sancións**

**25.1.-** De acordo co artigo 141 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as multas por infracción da presente ordenanza terán como límite:

- Infraccións leves: multa de ata 750 euros.
- Infraccións graves: multa de ata 1.500 euros.
- Infraccións moi graves: multa de ata 3.000 euros.

Así mesmo, poderá impoñerse como sanción accesoria:

- Infraccións leves: extinción da autorización.

- Infraccións graves e moi graves: extinción da autorización e prohibición de acceder ao local durante un período máximo de cinco anos a todos os compoñentes do grupo ou solistas.

**25.2.-** Para a gradación da sanción a aplicar teranse en conta as seguintes circunstancias:

- A reiteración de infraccións ou reincidencia.
- A existencia de intencionalidade do infractor.
- A transcendencia social dos feitos.
- A gravidade e natureza dos danos ocasionados.

### **Artigo 26.- Prescrición das faltas**

**26.1.-** As faltas prescribirán:

- As leves aos 15 días.
- As graves aos 30 días.
- As moi graves aos 60 días.

**26.2.-** O prazo de prescrición comezará a contarse dende que a falta se comete e, unha vez iniciado o expediente, quedará paralizado o prazo de prescrición.

### **Disposición final**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no *Boletín Oficial da Provincia* e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

## **ANEXO I**

<b>SOLICITUDE USO LOCAL MUNICIPAL DE ENSAIO MUSICAL DE CAMBRE</b>		
NOME DO GRUPO:		
REPRESENTANTE:		
DNI:	DATA NACEMENTO:	TLF1:
ENDEREZO:		TLF2:
CORREO ELECTRÓNICO:		
Nº TOTAL DE MEMBROS:	ESTILO MUSICAL:	

*SOLICITA*

- O uso do Local Municipal de Ensaio Musical, MANIFESTANDO que coñece e acepta as normas de uso dos mesmos e comprometéndome, como representante do grupo, a asumir as responsabilidades que puideran existir polo uso incorrecto do local ou do material existente.

Achégase como documentación complementaria:

- listado de compoñentes do grupo (anexo II)

- copia dos DNI de tódolos membros (acompaña ao anexo II)
- volantes de empadramento (acompaña ao anexo II)
- historial do grupo ou dossier
  - NO CASO DE MENORES, ademais:
    - autorizacións nai/pai/titor (anexo III)
    - copia do DNI da persoa que autoriza ao menor

- Prórroga do uso o local

Achégase como documentación complementaria:

- Declaración Responsable (anexo IV).

Ademais, os horarios e días preferentes para ensaiar son: *(marcar de 1 a 7, por orde de prioridade)*

Horarios	LUNS		MARTES		MÉRCORES		XOVES		VENRES		SÁBADO		DOMINGO	
	Sala 1	Sala 2	Sala 1	Sala 2	Sala 1	Sala 2	Sala 1	Sala 2	Sala 1	Sala 2	Sala 1	Sala 2	Sala 1	Sala 2
09,00 – 12,00														
12,00 – 15,00														
15,00 – 18,00														
18,00 – 21,00														
21,00 – 00,00														

Cambre, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

O/A representante

Asdo.

**Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Cambre**

## ANEXO II

### LISTADO DE COMPOÑENTES DO GRUPO

NOME DO GRUPO:

Nº	Nome e apelidos	Tlf.	DNI	E/NE	Data nac.	Correo electrónico

*AVISO IMPORTANTE: Non esquezas cumprimentalo dorso desta folla*

*Cofñecemos e aceptamos as normas de uso dos Locais Municipais de Ensaio Musical e comprometémonos, como membros do grupo, a asumir as responsabilidades que puideran existir polo uso incorrecto do local e/ou do material existente.*

Sinatura de todos os membros  
(poñer o nº de DNI debaixo da sinatura)

---

#### **DOCUMENTACIÓN A ACOMPAÑAR:**

- copia dos DNI de todos os membros
- volante de empadroamento de todos os membros (só veciños/as de Cambre)

#### **ADVIRTESELLE QUE:**

*1º.- En cumprimento da L.O. 15/1999, de Protección de Datos de Caracter Persoal, informámoslle que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación desta folla, e a documentación que poida achegar a ela, serán incorporados para o seu tratamento ao Ficheiro de Participantes de Actividades Xuvenís do Concello de Cambre. A recollida e tramitación dos seus datos teñen coma finalidade realizar unha correcta xestión nas actividades nas que vostede participa, levar o rexistro de participantes nas actividades xuvenís municipais e remitirle información xuvenil do seu interese. Ademais, coma interesado/a, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, polos motivos indicados na citada LO 15/1999, presentado a solicitude no rexistro xeral do Concello de Cambre.*

*2º.- Nos locais municipais de ensaio musical poderían realizarse fotografías e/ou vídeos por parte do Concello para a elaboración de memorias fotográficas, exposicións e/ou para a divulgación dos programas do Departamento de Xuventude do Concello de Cambre. No caso de que non permitas a utilización da túa imaxe, ou a dos menores ou incapacitados ao teu cargo, cos fins antes mencionados, deberá deixar constancia mediante escrito presentado no rexistro xeral do Concello. No caso contrario, entendemos que expresamente autorizas a captación da túa imaxe no sentido do disposto no artigo "Segundo dos" da Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade personal e familiar e á propia imaxe.*

### ANEXO III

#### AUTORIZACIÓNS COMPOÑENTES DO GRUPO MENORES DE IDADE (debe acompañar copia do DNI da persoa que autoriza)

<p><b>AUTORIZACIÓN PARA O USO DO LOCAL DE ENSAIO DE CAMBRE PARA MENORES DE IDADE</b> (por cada menor de idade do grupo)</p> <p>Don/a _____, co DNI _____</p> <p>teléfono _____, nai/pai/titor do/a menor _____</p> <p>que forma parte do grupo musical _____ <b>AUTORIZO</b> a que participe nos ensaios do grupo musical do que forma parte, no Local Municipal de Ensaio Musical de Cambre, nas condicións, días e horarios que o Concello de Cambre determine, facéndome RESPONSABLE dos posibles danos que puidera ocasionar.</p> <p>_____, _____ de _____, de 20_____</p> <p>Asdo. (pai, nai, titor)</p>
---

#### ADVÉRTESELLE QUE:

1º) *En cumprimento da L.O. 15/1999, de Protección de Datos de Caracter Persoal, informámoslle que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación desta folla, e a documentación que poida achegar a ela, serán incorporados para o seu tratamento ao Ficheiro de Participantes de Actividades Xuvenís do Concello de Cambre. A recollida e tramitación dos seus datos teñen coma finalidade realizar unha correcta xestión nas actividades nas que vostede participa, levar o rexistro de participantes nas actividades xuvenís municipais e remitirle información xuvenil do seu interese. Ademais, coma interesado/a, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, polos motivos indicados na citada LO 15/1999, presentado a solicitude no rexistro xeral do Concello de Cambre.*

2º) *Así mesmo, advérteselle que nos locais municipais de ensaio musical poderían realizarse fotografías e/ou vídeos por parte do Concello para a elaboración de memorias fotográficas, exposicións e/ou para a divulgación dos programas do Departamento de Xuventude do Concello de Cambre. No caso de que non permitas a utilización da túa imaxe, ou a dos menores ou incapacitados ó teu cargo, cos fins antes mencionados, deberá deixar constancia mediante escrito presentado no rexistro xeral do Concello. No caso contrario, entendemos que expresamente autorizas a captación da túa imaxe no sentido do disposto no artigo "Segundo dos" da Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.*

## ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE USO LOCAIS MUNICIPAIS DE ENSAIO MUSICAL		
NOME DO GRUPO:		
REPRESENTANTE:		
DNI:	DATA NACEMENTO:	TLF1:
ENDEREZO:		TLF2:
CORREO ELECTRÓNICO:		

### **DECLARO RESPONSABLEMENTE**

- Que os datos e requisitos que constan nos arquivos do Concello de Cambre, presentados na anterior solicitude para o uso de locais municipais de ensaio musical, non sufriron cambios que afecten á puntuación que se outorga segundo o artigo 7 da ordenanza reguladora do uso dos locais municipais de ensaio.

Cambre, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

O/A representante

Asdo.

### **Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Cambre**

*ADVIRTESELLE QUE, de conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.*

*Asemade, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente".*



Segundo: Abrir un período de información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobada a ordenanza de referencia.

### **7º Mocións ou propostas urxentes**

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo retira a moción presentada sobre o mantemento dos xulgados de paz, que foi rexistrada de entrada ao núm. 6618 o día 25 de maio de 2013.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de UxC. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

#### **A) Moción do grupo municipal de UxC relativa á hospitalidade coas persoas inmigrantes**

Rexistrada de entrada ao núm. 6615 o día 25 de maio de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“Ao longo dos últimos anos, o noso concello veu desenvolvendo, ao igual que unha grande maioría de entidades locais, un importante esforzo para promover a plena integración social dos veciños de orixe estranxeira que viven no noso municipio co obxectivo de mellorar a convivencia social. Estes esforzos, amais, teñen ido da man dunha importante implicación cidadá a través de entidades sociais, asociacións de veciños e, tamén, da solidariedade e o apoio de cidadáns particulares.

Durante estes días vense xerando unha certa alarma entre a poboación estranxeira en situación irregular, así como nas persoas e entidades sociais que manteñen algún vencello con elas, tras coñecerse que o anteproxecto de reforma do Código Penal presentado polo ministro de Xustiza propón unha nova redacción do artigo 318 bis na que se confunden, podendo inducir a erro ou a interpretacións moi preocupantes, comportamentos delituosos como o tráfico de persoas, con actuacións como a do apoio e a axuda solidaria a persoas inmigrantes en situación irregular fundamentada en razóns humanitarias, solidarias ou éticas. A meirande parte dos medios de comunicación téñense feito eco da nova con titulares como “*Axudar a inmigrantes irregulares podería ser penado coa cadea*”. Así, recóllese no texto proposto –no devandito artigo 318 bis- unha pena de multa de tres a doce meses ou prisión de seis

meses a dous anos a quen axude a transitar a un estranxeiro. A normativa tamén prevé penas similares para as persoas que, con ánimo de lucro, axuden aos inmigrantes irregulares a “permanecer” en territorio comunitario.

Non obstante, a desafortunada redacción proposta do artigo 318 bis ten producido xa unha grande incerteza na sociedade, chegando a provocar que a cidadanía pense que poden ser penadas aquelas persoas que, por exemplo, aluguen unha habitación ou dispensen un menú ás persoas estranxeiras en situación administrativa irregular. De feito, semella que o propio redactor do artigo, consciente das enormes diferenzas entre os comportamentos que se pretenden regular, trata como mal menor de salvagardar a solidariedade e a hospitalidade coas persoas inmigrantes en situación irregular ao sinalar que *“o Ministerio Fiscal poderá absterse de acusar por este delito cando o obxectivo perseguido sexa unicamente prestar axuda humanitaria”*. Neste senso, polos motivos anteriormente expostos, o Consello Xeral do Poder Xudicial, no seu informe preceptivo, pediu unha meirande precisión nesta nova regulación proposta.

Por outra banda, no caso de aprobarse esta reforma nos termos formulados, viríanse abaixo os importantes esforzos realizados dende hai anos polas administracións municipais en beneficio da convivencia entre persoas de distintas orixes no ámbito local. Tamén, coa hipotética aprobación desta nova norma, atoparíamnos con que algunhas das accións e actividades levadas a cabo polo noso concello dende os Servizos Sociais e outras áreas poderían ser constitutivas de delito, como por exemplo, o de facilitar o tránsito dunha persoa en situación irregular dende unha cidade española para acudir ao encontro dos seus familiares residentes noutra parte de España.

Por último, cómpre lembrar que calquera reforma do Código Penal debería seguir o principio xurídico de intervención mínima, o que suporía que só as condutas realmente graves e que atentan contra bens xurídicos fundamentais deben de ser obxecto de sanción penal, polo que cumpriría racionalmente que o texto fora despojado de calquera ambigüidade que penalice a solidariedade coas persoas máis desfavorecidas.

Por todo o exposto, o noso grupo municipal insta ao Pleno do concello á adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal diante de calquera medida que supoña un obstáculo á solidariedade coas persoas inmigrantes, dando traslado deste acordo ao Goberno do Estado.

Segundo: Instar ao Goberno de España a que a redacción proposta no artigo 318 bis do anteproxecto de reforma do Código Penal para o delito contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros, contemple exclusivamente as condutas relacionadas co tráfico ilícito de persoas, excluindo expresamente del aquelas actuacións motivadas por razóns de axuda humanitaria e solidaria.

Terceiro: Continuar a traballar na liña desenvolvida polo noso concello de promoción da convivencia, con independencia de cal sexa a orixe, a nacionalidade ou a situación administrativa das persoas que residen no noso territorio.”

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, felicita aos compañeiros de UxC pola sensibilidade social que manifestan coa proposta, e di que, por suposto, o partido socialista está completamente de acordo en todos os seus termos e vai apoiala.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que eles, do mesmo xeito, van apoiar esta moción, só queren facer unha pequena puntualización, gustaríalles que no traslado deste acordo, á marxe de que se traslade ao Goberno do Estado, cre que hai outras institucións que tamén deberían ter coñecemento desta boa iniciativa, por exemplo o Goberno da Xunta de Galicia, o Goberno do Estado, e os grupos parlamentarios. Cre que se lles debería dar traslado para que teñan coñecemento da sensibilidade que existe en Cambre a prol dos emigrantes.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o seu grupo tamén van votar a prol.

Concedida a palabra don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo vaise abster por varias razóns, a primeira porque cando estaban estudando este tema, buscando en Google información sobre este anteproxecto, o primeiro que sae no buscador é esta moción presentada por EU en innumerables concellos de toda España, polo que entenden que a moción é de EU, porque así a teñen ido presentando nos últimos meses.

Engade que como isto é un anteproxecto de lei, el está seguro de que, no trámite parlamentario correspondente, EU poderá facer as súas propostas, que supón que se recollerán e que se matizarán dentro do que cabe. Este é un anteproxecto de lei, é o que é, non é un proxecto de lei, aínda fai falta o debate, entón parécelle inoportuno valorar, votar a prol ou en contra de algo que nin sequera está debatido onde ten que debaterse, porque isto tense que debater no Parlamento, no Congreso e no Senado, e alí é onde se farán as modificacións que se teñan que facer, e como o partido que redactou orixinariamente a moción está representado no Parlamento, tanto no Congreso como no Senado, seguramente poderán facer as achegas que teñan que facer.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, manifesta que só quería dicir que non sabe se esta moción a presentou o grupo de EU nalgúns dos concellos deste país, o que si ten que dicir é que esta moción llela pasou un cidadán deste municipio, que pertence a unha plataforma de apoio á solidariedade, e se é igual á de EU, non o sabe.

Por outra parte, parécelle ben o que dixo o Sr. Taibo sobre remitila non só ao Goberno do Estado, senón a outras institucións.

En canto a que non ten sentido falar desta moción, non entende que se diga iso, cando é unha moción que se presentou en infinidade de concellos deste país, incluso foi aprobada en moitos polo partido popular, o que terán é que considerar o que teñan que votar, pero que non digan o que os demais teñen ou non teñen que traer, o que hai que discutir ou o que non hai que discutir.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que, por suposto, el quere deixar claro que en ningún momento quixo dicir que non se puidera presentar a iniciativa, el manifesta a posición do seu grupo, e o seu grupo o que ten que dicir é que no trámite parlamentario, que se fará tanto no Congreso como no Senado, xa se farán as achegas e se poderá valorar. É certo que en moitos concellos, como en Málaga ou Murcia, o PP votou a prol desta iniciativa, e supón que o PP no Congreso e no Senado fará o que teña que facer, pedirá os informes necesarios e daralle unha nova redacción, pero di que non lles compete a eles, e ese é o motivo da súa abstención, nada máis.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que el cre que aquí o que se debate é outra cuestión, á marxe de quen a presentara ou deixara de presentar, se foi EU ou non foi EU, quen sexa, neste caso foi UxC a que a presentou neste concello porque como todos saben cada grupo pode presentar só unha moción.

Di que a intervención do PP el a interpreta como unha falta de responsabilidade e sensibilidade ante estes problemas. Á marxe do que sexa debatido no Senado e no Congreso, cre que tamén o Concello de Cambre se pode manifestar a prol desta proposta. Parécelle que isto deixa un pouco de manifesto a sensibilidade que se ten, e a responsabilidade nestes casos.

Pide intervir don Felipe Andreu Barallobre, porque di que os acaban de chamar irresponsables, e quere defender un pouco a posición do grupo.

O Sr. alcalde concede a palabra primeiramente á concelleira do grupo socialista, dona Margarita Iglesias Pais, quen manifesta que sendo un anteproxecto tamén lles permite valorar a actuación do Sr. ministro de Xustiza e, polo tanto, pronunciarse neste concello sobre esa actuación, porque sendo un anteproxecto de lei é do seu puño e letra, e como posteriormente van ter ocasión tamén de debater outra iniciativa doutro grupo político que tamén vai parir o ministro Gallardón, poden todos comezar a valoralo como quizais o peor ministro de Xustiza deste país.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que supón que saben distinguir e que non fai falta que explique o que é un anteproxecto e o que é un proxecto. Un anteproxecto é un borrador, polo que pide que lle deixen que dubide de que incluso o ministro teña posto o seu puño e letra na redacción deste artigo, nin sequera é un proxecto de lei, isto non está aprobado nin polo Consello de Ministros, nin sequera por eles, isto é un anteproxecto de lei que fai o Ministerio de Xustiza, que aínda se ten que enviar ao Consello de Ministros, que o Consello de Ministros ten que ditaminar, que se o aproba irá ao Congreso, despois do debate no Congreso irá ao Senado, e despois do Senado se aprobará, é dicir, que lle queda moita tramitación.

Continúa dicindo que isto xa lle serve para contestar a EU, porque está claro que irresponsable é non atender un problema cando existe ese problema, pero é que o

problema non existe, este é un anteproxecto, isto non está aprobado, polo que cando exista o problema, se chega a existir, entón posicionaranse, antes non, porque, evidentemente, os concelleiros déronse conta de que esta redacción pode xerar confusión, e el está case convencido de que durante a tramitación, incluso antes da tramitación parlamentaria, seguramente no Consello de Ministros, xa se lle dará outra redacción para que non haxa problemas. Por iso, falar de que é irresponsable a súa postura, pide que o deixen valorar como irresponsable non darlle solución a un problema que existe, pero non un problema que non existe.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que falando do tema da responsabilidade, a responsabilidade é a confianza que depositaron os veciños de Cambre neles, e neste caso tamén moitos emigrantes, polo que cre que isto forma parte da responsabilidade que teñen que manifestar e amosar tanto o goberno como os grupos da oposición, porque si teñen responsabilidade, esta Corporación ten a súa responsabilidade e reitera que para el este asunto entra dentro dela.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el, falando da responsabilidade, entende ao Sr. Taibo, e na maioría das cousas está de acordo coa moción, xa o pon na propia moción, o Concello de Cambre continuará a traballar na liña desenvolvida polo concello, de promoción da convivencia, con independencia de cal sexa a orixe, nacionalidade ou situación administrativa das persoas que residen neste territorio. É dicir, a propia moción está recoñecendo que o Concello de Cambre está facendo todo iso, xa o está facendo, agora ben, se o Sr. Taibo lle di a el que pode estar de acordo ou non en elevar isto ao presidente da Xunta ou ao Congreso dos Deputados, cousa que a moción de momento non pide, el simplemente atínxese, así o debe facer, á moción que se presenta, e os grupos poden votar cada un na súa conciencia, el niso está de acordo. En canto á responsabilidade do Concello de Cambre, o Concello de Cambre como tal é toda a Corporación, non soamente o goberno do PP, e isto xa vén de antigo, xa se está facendo con todos os emigrantes que están aquí, absolutamente con todos.

Concedida a palabra a don José Antonio Orosa Fernández, concelleiro de UxC, manifesta que el soamente quere facer un pouco referencia ás palabras do voceiro do PP, porque parece que el o sabe todo e o resto son tontos. Dálle as grazas polas aclaracións para a próxima lei que poida haber, pero neste caso non lles fai falta.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, respecto do engadido á proposta, a concelleira que defendeu a moción, a compañeira Elisa, dixo que aceptaba o engadido que propuxera EU, que se dea traslado aos grupos parlamentarios, porque el entendéulle ao Sr. alcalde que dicía que a moción se ía aprobar como se presentou, pero houbo unhas pequenas puntualizacións que os compañeiros de UxC estimaron engadir.

O Sr. alcalde explica que el non dixo nada de aprobar, el o que dixo é que cada grupo votará en conciencia do que pense da moción, e o de elevar a outros estamentos ten que dicilo o grupo que presenta a moción.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros manifesta que están de acordo totalmente en elevalo a outras administracións, que non sexa só ao Estado.

O Sr. alcalde manifesta que, entón, van someter a votación a moción, incluíndo a modificación proposta de elevar o acordo tamén á Xunta e aos grupos parlamentarios

Sometido o asunto a votación ordinaria coa modificación proposta por EU, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre, integrante do GM, e abstéñense os sete concelleiros do PP e o concelleiro do Partido Galeguista, integrante do GM.

A Corporación, por trece votos a prol, aprobou a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Manifestar o rexeitamento da Corporación municipal diante de calquera medida que supoña un obstáculo á solidariedade coas persoas inmigrantes, dando traslado deste acordo ao Goberno do Estado, á Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios.

Segundo: Instar ao Goberno de España a que a redacción proposta no artigo 318 bis do anteproxecto de reforma do Código Penal para o delito contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros, contemple exclusivamente as condutas relacionadas co tráfico ilícito de persoas, excluindo expresamente del aquelas actuacións motivadas por razóns de axuda humanitaria e solidaria.

Terceiro: Continuar a traballar na liña desenvolvida polo noso concello de promoción da convivencia, con independencia de cal sexa a orixe, a nacionalidade ou a situación administrativa das persoas que residen no noso territorio.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

**B) Moción do grupo municipal de EU instando a que a Corporación local de Cambre manifeste a Teleperformance e Gas Natural Fenosa o seu rexeitamento aos 43 despedimentos da campaña Unión Fenosa Comercial**

Rexistrada de entrada ao núm. 6613 o día 25 de maio de 2013, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“A empresa Iberphone SAU, co nome comercial de Teleperformance presta servizos de telemárketing no seu centro da Coruña a diversas empresas de telecomunicacións, electricidade, banca e seguros, contando cun plantel de máis de 700 traballadores na Coruña.

Teleperformance vén de anunciar o despedimento de 43 traballadores, cifra que podería acadar a máis de 105 persoas, tras a decisión de Gas Natural Fenosa de prescindir dos seus servizos para a realización do servizo de atención telefónica de Unión Fenosa Comercial.

Os catastróficos efectos da crise nos sectores produtivos e as consecuencias nefastas da reforma laboral están propiciando peches empresariais, e unha grande facilidade para os empresarios á hora de prescindir dos seus traballadores, que derivan en máis de 6 millóns de parados, e situacións sociais dramáticas consecuencia directa das nefastas políticas laborais adoptadas polo actual Goberno do Estado. Neste contexto non podemos permitir ningún despedimento máis, sobre todo aqueles que poden ser evitados, xa que se derivan do afán deslocalizador de empresas como Gas Natural Fenosa, de servizos que perfectamente poden seguir manténdose en Galicia.

Esta decisión, ademais, non só afecta aos/ás traballadores/as despedidos/as, senón que tamén supón un grave prexuízo para os usuarios do servizo eléctrico que, a partir do 1 de xuño non poderán ser atendidos en galego, nin desfrutar dunha atención que foi eloxiada en todo momento pola propia compañía Gas Natural Fenosa, aínda que despois esquecera a profesionalidade do persoal para proceder a despedilos.

O servizo de atención telefónica prestado dende o centro da Coruña para Gas Natural Fenosa conta na actualidade con 311 empregados (un número moi importante somos veciños/as de Cambre) distribuídos en tres compañías, Unión Fenosa Distribución, Gas Natural S.U.R. e Unión Fenosa Comercial, sendo, esta última a que Gas Natural Servizos decidiu deslocalizar e pasar a prestarse a súa atención telefónica dende Barcelona.

Esta decisión foi a que fixo cambalear o futuro das 105 persoas que prestaban este servizo dende A Coruña. Tampouco hai nada que garanta que progresivamente sexan trasladadas as outras dúas compañías para Cataluña, algo que sería catastrófico para o emprego na nosa cidade, xa de por si moi danado pola crise e a reforma laboral.

Aínda que, finalmente, non foron 105 os despedimentos, 43 persoas de forma directa e moitas outras de forma indirecta viron e están vendo finiquitada a súa relación laboral con Teleperformance.

De forma directa, 43 persoas ás que, seguindo criterios de antigüidade na empresa, foron despedidas utilizando como argumento o artigo 17 do convenio de telemárketing no que queda recollido que a indemnización no caso de “Diminución do volume da campaña contratada” será de 8 días por ano traballado. Deste xeito, por menos de 1000 euros pode ser despedida unha persoa que leve 3 anos traballando.

De forma indirecta estánse producindo despedimentos dentro doutras campañas de telemárketing prestadas por Teleperformance, de persoal eventual e con contratos temporais para poder encher os seus lugares con persoal de Unión Fenosa Comercial. Esta é unha estratexia da empresa para non ter que despedir a 105 persoas vinculadas a Unión Fenosa Comercial, facendo un lavado de cara manifestando que só se despiden 43, cando en realidade son moitas persoas das que se está

prescindindo para recolocar nos seus postos ao persoal que non foi despedido. Toda esta situación vén producida por unha decisión que podería chegar a ser reversible, se Gas Natural Fenosa non derivara o servizo a Cataluña, algo polo que temos obriga de loitar, defendendo que o traballo non escape de Galicia.

É nese punto onde temos cabida os poderes públicos, que estamos obrigados a defender aos nosos traballadores, á nosa industria, e, en definitiva, á nosa terra, da que nos arrancan empresas tan importantes como o foi para A Coruña Unión Fenosa, que tras a súa venda, vemos como os nosos recursos naturais seguen xerando beneficios e dividendos fóra de Galicia, e agora tamén nos arrebatan os postos de traballo das empresas colaboradoras.

Con base no anteriormente exposto o grupo municipal de EU propón ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Solicitar a Gas Natural Fenosa que abandone a súa decisión de prescindir do servizo de atención ao cliente prestada dende A Coruña para Unión Fenosa Comercial.

Segundo: Solicitar a Teleperformance que reconsidere a súa decisión de despedir aos 43 traballadores vinculados á campaña de Unión Fenosa Comercial e dos vinculados a outras campañas.

Terceiro: Mostrar a súa preocupación pola destrución do emprego e manifestar o seu apoio e solidariedade aos/ás traballadores/as da empresa Teleperformance, ante a situación que afecta a máis de 70 familias, moitas delas do noso concello, na súa loita contra unha realidade cada día máis palpable na sociedade, como é o paro.

Cuarto: Dar traslado do seguinte acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia, a Gas Natural Fenosa, a Teleperformance así como ao comité de empresa de Teleperformance.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que están totalmente de acordo e van votar a prol.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o grupo municipal socialista subscriben na súa totalidade o contido da moción, felicitan e valoran a sensibilidade social e o compromiso cos traballadores demostrado por parte dos compañeiros de EU e lamentan que neste contexto de penalidade, de deterioración económica e social, algunhas empresas aproveiten para varrer cando fai aire, amparados na nova reforma laboral promulgada polo goberno do PP.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser favorable, e ofrecen todo o seu apoio aos traballadores e traballadoras do telemárketing, simplemente facer unha mención que



ben podería ser un quinto punto, non o van propoñer así, pero si queren que conste en acta. Di que, neste caso, non estaría de máis facer un chamamento aos traballadores e traballadoras do telemárketing e de moitos outros sectores afectados cando falan da aplicación do convenio, por exemplo, de telemárketing, cando falan da aplicación de medidas de lexislación laboral lesivas para os intereses da clase traballadora, dicirlle dende o BNG, con total sinceridade, a eses traballadores e traballadoras, que recapaciten tamén sobre que sindicatos, sobre que grandes centrais sindicais, moitas veces amparan esa perda de dereitos dos traballadores e traballadoras.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de Progresistas de Cambre, e voceiro do GM, manifesta que vai votar a prol da moción.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, agradece, en primeiro lugar, o apoio dos compañeiros, tamén quere agradecer a presenza dos compañeiros que están hoxe aquí de Teleperformance, traballadores e traballadoras, que están apoiando esta iniciativa que realmente foi deles de quen partiu, e que os implica a todos.

Unicamente como redundancia a esta moción, quere dicir que non poden permitir que se destrúan postos de traballo en Galicia para levalos a Cataluña, e ao mellor este é o momento de lembrarlle ao Sr. Gabarró, presidente de Gas Natural, o seu compromiso de finais de 2008, que todos lembran, sobre que non habería distorsión de persoal nin movementos de xente pola venda de Fenosa, compromiso que foi adquirido ante o Goberno da Xunta, polo tanto, se a clase política daquela tomou partido na decisión da venda de Fenosa, hoxe están obrigados a esixir que se cumpra o compromiso adquirido naquel momento polo Sr. Gabarró.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un membros que a integran, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por vinte votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### **C) Moción do grupo municipal do BNG sobre a reforma da Lei do aborto**

Rexistrada de entrada ao núm. 6674 o día 27 de maio de 2013, xunto cos rogos e a pregunta presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“A entrada en vigor da Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo supuxo un paso importante á hora de reducir as barreiras que limitaban o acceso das mulleres ao aborto, aínda que presenta aspectos moi mellorables como son non regular adecuadamente a obxección de conciencia, a privatización da prestación, a estigmatización de quen practica interrupcións voluntarias do embarazo, etc.

Moitos aspectos son claramente corrixibles de existir vontade política para iso, como que a prestación sexa ofertada na sanidade pública e que as mulleres non teñan que acudir a clínicas privadas ou en certos casos, teren que acudir a Madrid ou a outros lugares para poderen levar adiante a súa decisión de non continuar co embarazo. Só existindo unha oferta dende o ámbito público se pode garantir o acceso igualitario a esta prestación en todo o territorio galego.

O goberno do PP pretende co borrador de lei actual un retroceso de décadas que vulnera dereitos consolidados das mulleres no referido á súa saúde sexual e reprodutiva.

Baixo premisas falsas e mentiras, a nova normativa impulsada polo ministro de Xustiza pretende aplicar o programa ideolóxico dos grupos ultra relixiosos que se opoñen aos dereitos das mulleres.

Como alertan moitas organizacións de mulleres, o único que vai supor é regresar a prácticas de risco como os abortos clandestinos, porque deixa nunha situación de desamparo moitas mulleres que pertencen a colectivos desfavorecidos ou que carecen de recursos, ás que non lles queda máis opción que recorrer á clandestinidade ou asumir maternidades non desexadas. Isto, como ben se comprobou en tempos pasados, supón un grave risco para a saúde das mulleres.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG de Cambre solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado (e ao ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

Segundo: Instar á Xunta de Galicia a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.

Terceiro: Instar á Xunta de Galicia a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á *Red Madre* na información que facilite a Xunta de Galicia.

Cuarto: Instar á Xunta de Galicia a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.

Quinto: O concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.”

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que, por suposto, o seu grupo vai apoiar a moción, ninguén pode dubidar de que a súa postura está co sentir da Lei orgánica do 2010, que foi unha iniciativa do goberno socialista daquelaquela momento, e que contou posteriormente cun amplo respaldo parlamentario, polo tanto, o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo vai votar a prol da moción. Cre que vén nun momento no que hai unha certa sensibilización no mundo enteiro polo suceso que está a ocorrer neste días, o caso dunha muller, cre que na República do Salvador, que está embarazada e corre o risco de que ao dar a luz lle morra a súa criatura e poida morrer ela, ao tratarse dun país onde as leis non permiten a interrupción do embarazo.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el esta convencido de que cando saia adiante esa lei, seguro que aquí non se vai dar o caso que efectivamente se está dando no Salvador. El, dende logo, está absolutamente en contra da moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG, votan en contra os sete concelleiros do PP e o concelleiro de PdeC, integrante do GM, e abstense o concelleiro do PGD, integrante do GM.

A Corporación, por doce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Cando son as vinte e unha horas e cincuenta minutos, auséntase da sesión don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP.

## **8º Informes da Alcaldía**

De orde do Sr. presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 745 de data 27 de maio de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Felipe Andreu Barallobre dende o día 27 de maio ata o día 30 de maio de 2013, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 483 de data 10 de abril de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Aprobar a liquidación do orzamento de 2012 da que se deducen, entre outros, os seguintes datos:

Orzamento de gastos	Euros
Créditos iniciais	15.149.594,86
Modificacións	5.594.886,28
Créditos definitivos	20.744.481,14
Gastos comprometidos	16.834.319,85
Obrigas recoñecidas netas	15.613.586,13
Pagamentos	11.872.415,79
Obrigas pendentes de pago a 31/12	3.741.170,34
Remanentes de crédito	5.130.895,01

Orzamento de ingresos	Euros
Previsións iniciais	15.336.521,51
Modificacións	5.594.886,28
Previsións definitivas	20.931.407,79
Dereitos recoñecidos	16.605.896,80
Dereitos anulados	489.173,65
Dereitos cancelados	0,00
Dereitos recoñecidos netos	16.116.723,15
Recadación neta	13.353.119,25
Dereitos pendentes de cobro a 31/12	2.763.603,90
Exceso de previsión	4.814.684,64

Outros datos resumo de especial interese:

- debedores pendentes de cobro a 31/12, 3.219.340,90 euros.
- acreedores pendentes de pagamento a 31/12, 3.058.583,45 euros.
- resultado orzamentario axustado do exercicio, 847.442,94 euros.
- remanente de tesourería total, 1.335.024,85 euros.
- exceso de financiamento afectado, 699.330,00 euros.
- remanente de tesourería para gastos xerais, 446.141,17 euros.
- capacidade de financiamento, 291.083,60 euros.
- aforro neto, 1.169.902,82 euros.

Segundo: Remitir copia da liquidación do Orzamento do exercicio 2012 á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remisión que se realizará unicamente a través do Rexistro Telemático Único da Administración da Xunta de Galicia mediante a aplicación dispoñible no portal da Xunta de Galicia [www.eidolocal.com](http://www.eidolocal.com), e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas mediante a súa rendición telemática a través da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais.

Terceiro: Comunicar a resolución ao pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do informe da Intervención municipal, de data 27 de maio de 2013, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Cuarto trimestre 2012.

- Do informe da Tesourería municipal, de data 24 de maio de 2013, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao cuarto trimestre do ano 2012.

O informe, referido ao último día do trimestre natural, comprende:

- Os pagos realizados no trimestre natural (anexo 1).
- Xuros de demora pagados no trimestre natural (anexo 1).
- As facturas ou outros documentos xustificativos pendentes de pago ao seu final (facturas en fase de obriga recoñecida e pago ordenado) (anexo 2).
- As facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorresen máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (anexo 2).

## **9º Rogos e preguntas**

### **Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 6617 o día 25 de maio de 2013, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Nais e pais de alumnos do CEIP Wenceslao Fernández Flórez e IES Alfonso X O Sabio, residentes en Fabás e Armental, veñen denunciando dende hai meses o inxustificable cambio no percorrido do autobús escolar, atendido pola empresa Autos Vázquez.

Como consecuencia dalgúns incidentes que tiveron lugar a principios de ano (corte do vial municipal Fabás-Armental por desprendementos de terras, saída de vía dun vehículo) a empresa responsable do transporte ten modificado unilateralmente, e, parece ser que sen autorización da Consellería de Educación, o percorrido habitual. Este viño tendo a súa orixe na Gándara, subía por Armental, pasaba polo camiño municipal que vai a Fabás, e incorporábase á AC-214 (Cambre-Pravio-Cecebre).

Nestes meses o percorrido, á chegada a Armental do transporte, ten cambiado continuando pola estrada provincial CP-1707 (Iñás-A Gándara-Panadería Armental) en dirección Cambre.

As reclamacións de nais e pais son lóxicas e están perfectamente xustificadas toda vez que, ademais de que os nenos e nenas que tiñan como parada de recollida a marquesiña de Fabás teñen agora que desprazarse a pé ata o cruzamento de Armental, o novo itinerario pola CP-1707 resulta moi perigoso, tendo en conta a estreiteza do vial e a existencia, nun lateral, dun desnivel duns 50 metros de profundidade. A simple vista este tramo resulta, a todas luces, inseguro e inapropiado para ser usado polo transporte escolar, existindo, como existe, outro que reúne mellores condicións, que é o que dende sempre se veu utilizando e os pais apoian.

Estes feitos teñen sido denunciados diante das direccións dos anteriormente citados centros educativos e do goberno municipal sen que, ata o de agora, se teña adoptado solución ningunha. Por todo iso o grupo municipal do socialistas de Cambre:

Solicita que, con carácter de urxencia, e para evitar posibles e indeseados accidentes, se realicen as xestións oportunas para repoñer dun xeito inmediato o percorrido do sinalado autobús escolar ao seu itinerario habitual.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que como xa respondeu nas comisións informativas a un rogo ou pregunta de EU a este respecto, practicamente pouco máis ten que dicir, dende o goberno municipal levan intentando solucionalo hai tempo, pero como ben se di no rogo é unha decisión unilateral da empresa, non consultou nin co colexio, nin coa consellería, nin moitísimo menos co concello.

Dende o concello, concretamente dende o departamento de Obras e Servizos, o 13 de febreiro, despois de varias conversacións telefónicas, dirixíronse por escrito ao responsable de autocares Vázquez para que se volvera pasar pola estrada, garantindo a seguridade da estrada como ten que ser, ou sexa, que estaba en perfectas condicións para poder utilizala. A empresa segue empeñada en non querer facer ese itinerario, e xa postos en contacto coa consellería, agora mesmo están pendentes da visita do inspector de transportes da Xunta de Galicia, porque vai verificar persoalmente se realmente é perigosa, como di a compañía, ou ao revés.

En todo caso, di que están de acordo con que os pais estean indignados por esta decisión unilateral da empresa, e fixeron o que boamente estaba nas súas mans para intentar solucionalo.

Don Augusto Rey Moreno, do PSdeG-PSOE, agradece a preocupación por parte da Concellería de Educación sobre este tema, pero di que este é un tema que vai máis aló das competencias de Educación, isto tense convertido nun verdadeiro problema moi serio de seguridade viaria. Di que o que eles non entenden é como tendo solicitado os pais, mediante un escrito presentado o 18 de marzo deste ano e dirixido ao Sr. alcalde, que polos servizos técnicos municipais se examinara o percorrido que agora mesmo está facendo o autobús escolar, que na súa opinión é absolutamente

inseguro, non se atendeu esta solicitude. Teñen transcorrido dous meses e medio, e aquí do que están falando é da integridade física dos nenos, pero tamén dos pais.

Explica que el tivo hoxe a oportunidade de estar alí, ás 09:00 da mañá, hora de recollida dos nenos, e hai un verdadeiro problema de seguridade viaria para os vehículos que circulan por alí mentres está detenido o autobús recollendo aos nenos. O bus para nunha curva sen ningunha visibilidade, os vehículos teñen que incorporarse ao carril en dirección contraria, e cre que xa houbo algún problema, pero pode seguir habendo máis. Isto non merece máis demoras, hai que tomar cartas no asunto e, dende logo, aquí o que está en xogo é a integridade física de nenos, e sobre todo, que un percorrido absolutamente contrastado, seguro, como era o camiño municipal que vai dende Armental, por Carballás, ata Fabás, e que se viña utilizando dende sempre, o que non pode entender é que por un capricho persoal, ou neste caso empresarial, de Autos Vázquez, empresa que haberá que declarar como non grata neste municipio, porque ata agora o único que lles está facendo é xerar problemas, pois por un capricho empresarial, poña en risco a integridade física de nenos e pais. Non se pode permitir, este xa é un problema de seguridade viaria.

Dille ao Sr. alcalde que se permite invitalo para que o acompañe a ver in situ o problema, porque iso ten que solucionarse xa, inmediatamente, están nunha situación na que se pode producir un accidente grave en calquera momento. Cando queira acompañao a visitar aquilo cos pais, e tamén lle roga ir acompañados dos responsables da policía local, para que observen o que se está permitindo por parte dese autobús, onde fai a parada, e se iso pode ser obxecto de infracción, que el entende que si. Di que non poden demorar máis o problema, non poden esperar a que por parte dun servizo burocratizado, como é, neste caso, a Xunta de Galicia, ou os servizos técnicos da Xunta de Galicia, teñan ben acompañalos, non sabe en que momento, para darlles a razón, porque non lles poden dicir outra cousa. El cre que hai competencias dende o concello para tomar medidas de forma inmediata neste tema, e dar unha solución en breve, polo menos no que se refire á seguridade dos nenos e dos pais que levan aos nenos á parada. É absolutamente impresentable a situación que se está dando a día de hoxe en Armental, na recollida dos nenos, e sobre todo o prexuízo que se ocasiona a algunhas familias, que en inverno, agora o tempo mellorou un pouco, pero en inverno os seus nenos, que tiñan a parada diante da casa, agora teñen que desprazarse a pé uns 200 metros ou máis para coller o autobús. Non hai xustificación de ningún tipo, é máis, hoxe tivo a oportunidade de ver que incluso é perigoso para o propio condutor do autobús escolar, por canto nun cruzamento con outro vehículo, despois de saír da parada, tivo que deterse para permitir o paso dese outro vehículo, e o que eles non entenden é como se está a permitir isto. Reitera que hai que tomar cartas no asunto e, dende logo, de forma inmediata.

Conclúe dicindo que iso é o que querían expoñer, e, en todo caso, dá as grazas á Sra. concelleira de Educación polo seu compromiso, pero este xa é un tema de seguridade viaria, non merece esperar por nada nin por ningún.

O Sr. alcalde manifesta que el está de acordo co Sr. Rey e, como pode entender, é unha das súas preocupacións. Di que, en primeiro lugar, ten que pedir desculpas con respecto dese escrito presentado polos veciños, porque teñen rebuscado a raíz de que xa llelo tiña comentado EU nas comisións, e de verdade non sabe que pasou con el,

porque ao seu despacho non chegou e el ten a costume de contestar aos escritos, polo cal, pide desculpas.

Por outra parte, di que cartas no asunto teñen tomado, quizais haberá que ser máis duros. El xa pediu unha entrevista co xefe territorial, e van falar deste asunto, porque está de acordo con eles, hai empresas que ás veces non saben traballar, ou non queren traballar, non o sabe, pero é unha decisión unilateral que eles non deben de consentir, e aí dálles a razón, ao mellor o que hai que facer é erradicala de Cambre. El non ten nada máis que dicir, pero están enriba do problema, dende o mes de febreiro, e, como xa dixo, pediu cita co xefe territorial para tratar de solucionalo de inmediato.

Don Augusto Rey Moreno agradece ao Sr. alcalde a súa preocupación, pero de todas formas di que é insuficiente. El cre que agora mesmo o goberno municipal ten competencias para adoptar medidas que garanticen a seguridade de nenos e pais na zona, por iso lle está dicindo que vaia ver ese problema, que vaia acompañado dos servizos da policía local, e está convencido de que mañá mesmo xa non se poderá permitir que o autobús siga parando onde está parando, porque ese é un capricho, incluso prexudicial para a propia empresa e para o condutor do vehículo. Non hai razón, é algo absolutamente desatinado o que viu esta mañá. Por iso di que non hai que esperar a que ninguén veña a dicir o que hai que facer, agora mesmo, dende o concello, hai capacidades e competencias para tomar cartas no asunto e buscar unha solución ao tema, polo menos no que á seguridade viaria se refire. Reitera que non hai que esperar a que veña ninguén, mañá, o luns, cando o alcalde queira, pero de forma urxente, hai que tomar cartas no asunto, xa.

O Sr. alcalde respóndelle que o farán, que non se preocupe, que o farán. En canto ao que lles compete a eles, que é o de prohibirle posiblemente ao autobús que vaia por esa ruta, iso farano, pero independentemente diso, quen ten contratado o autobús é a Consellería de Educación, e é competencia da consellería tomar outras medidas coa empresa adxudicataria do servizo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, di que un pouco por alusións, xa que esta foi unha iniciativa na que coincidiron o grupo socialista e EU, que a trouxo ás comisións, di que hoxe entregoulle ao alcalde o escrito que presentaron os veciños e el o que quere é que se lle dea contestación a eses veciños, xa, de inmediato, porque levados meses agardando por unha contestación do concello.

O alcalde xa ten copia do escrito e pide que se lle dea contestación, e tamén insiste en que isto tense que solucionar de inmediato, do contrario, o grupo municipal de EU e o seu consello local, vai apoiar todas e cantas mobilizacións fagan os veciños de Cambre para solucionar este problema. Se hai que mobilizarse, eles mobilízanse, porque ás veces as administracións non atenden máis que ás mobilizacións, ás veces queren ir polas boas e as cousas se prorrogan. Un caso no que hai xa dous meses que se entregou ese escrito, segue sen estar solucionado, e no concello decátanse por medio dos grupos municipais. A el parécelle que aquí existe un goberno que ten que velar por esas cousas, cre que o goberno debería ter xa coñecemento do ocorrido.

O Sr. alcalde agradece as súas palabras ao Sr. Taibo, pero dille que el xa pediu desculpas con referencia ao escrito, el xa sabe que se ten que solucionar de inmediato



e que lle ten que dar contestación aos veciños de inmediato, como acostuma. Xa dixo o martes que el non recibira o escrito, pero mañá mesmo vailles contestar aos veciños. O voceiro de EU acaba de darlle o escrito agora mesmo, pero tamén, se tiña tanta présa, podía terllo traído ao día seguinte das comisións. El entende o que din, e xa pediu desculpas, e reitera que naturalmente que vai contestar, como acostuma, el contéstalle a todos os veciños.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que as comisións foron o martes e hoxe están a xoves, o Sr. alcalde di que podería terlle traído o escrito ao día seguinte das comisións, pero tamén el se podía ter preocupado de ter ese escrito, porque é o alcalde deste concello, é o responsable.

O Sr. alcalde contesta que foi o que fixo, buscalo, pero non o encontrou.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que entón podería telo chamado a el e pedirlle que llo trouxera, e estaría terminado o tema, pero que non lle diga agora outra cousa, porque as comisións foron o martes.

O Sr. alcalde manifesta que é certo, e que el está dicindo que o vai facer con toda a celeridade posible, el non lle bota as súas responsabilidades a ninguén.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que lle parece ben, que lle parece correcto, é o que precisa este tema, nin máis nin menos.

2º Denuncian veciños de Seoane, Anceis, a ocupación que se ten feito por parte dun particular do camiño público que discorre dende este lugar a Xan Faba (código viario 00130). A ocupación ten consistido na instalación no medio del de dous postes de formigón, que impiden o paso de tractores e demais vehículos que intenten acceder aos terreos cos que linda. Estes feitos teñen sido postos en coñecemento do goberno municipal que, ata o momento, non ten adoptado ningunha medida para a reposición da titularidade pública sobre o vial.

Por todo iso, solicitamos se adopten urxentemente as medidas oportunas para repoñer a legalidade e deixar expedito o citado vial, co fin de que dea servizo, como o dá ata agora, a todos os veciños da zona.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que son coñecedores destes feitos, e a día de hoxe xa se abriu un expediente de reposición da legalidade urbanística que van intentar ter solucionado á maior brevidade posible, e deixar este feito subsanado.

Don José Manuel Lemos Seoane, do PSdeG-PSOE, manifesta que ao seu grupo parécelle correcto, pero pregunta se xa se fixo o requirimento a esas persoas para que retiraran eses postes.

Dona Rocío Vila Díaz responde que se incoou un expediente de disciplina, déuselles traslado e debe estar a punto de chegarlles, enviouse por correo, e o que se abre é un período de audiencia para que se manifesten. Están dando os pasos que corresponden administrativamente.

Don José Manuel Lemos Seoane pregunta canto tempo é ese período de audiencia, porque hai un escrito presentado o 6 de maio por parte dos veciños, os veciños teñen dereito a pasar aos seus terreos, e eses postes impiden o paso, polo que entenden que iso ten que facerse con celeridade, porque aí hai prados, iso está impedindo o mantemento, en moitos casos, causando un gran prexuízo a outros veciños. Por todo isto gustaríalles saber de canto é ese prazo que se lles dá a eses responsables dun mal feito.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que o prazo de audiencia é de 10 días, en todo caso, procurarán que se non lles ten chegado xa por correo, levárllelo en man, por exemplo, notificarllelo en man para acelerar aínda máis o proceso.

Don José Manuel Lemos Seoane o agradece e sinala que por parte do seu grupo piden por favor celeridade neste tema, porque implica a xente á que se lle está privando do acceso aos seus terreos.

3º Denuncian veciños de Fabás, Pravio a inseguridade que veñen de padecer polo exceso de velocidade dos vehículos que circulan polo vial autonómico AC-214 (Cambre-Pravio-Cecebre) e a conseguinte dificultade para atravesalo, sobre todo cando se trata de persoas maiores. Este problema tería solución se se instalaran pasos de peóns nel.

Por todo isto, solicitamos se demande da administración autonómica a realización dun estudo de medidas de seguridade viaria nesa estrada e, máis en concreto, no que se refire á recta dende Fabás ata a rotonda de Catro Camiños, que conclúa coa adopción das medidas de sinalización horizontal e vertical precisas para facilitar o tránsito seguro dos veciños da zona.

O Sr. alcalde contesta que nesta estrada eles xa demandaron varias veces á Xunta de Galicia os pasos de peóns, é máis, hai breves días, el estivo coa delegada da Xunta visitando varios puntos desa estrada e xa teñen feito os estudos, dende que ela veu aquí, copia dos cales lles facilitará a todos os grupos, porque llos acaban de dar, do que o concello lle propón á Xunta para poñer os pasos de peóns.

Agora a esa mesma estrada vanlle facer un arranxo, van poñer sinalización vertical, e van pintar de novo a estrada, non toda ela, porque parte xa a sinalizaron o ano pasado, pero si nalgúns tramos, polo tanto, posiblemente para a semana que vén, o luns ou o martes, vailles facer chegar aos grupos os estudos que lle van presentar á Xunta de Galicia cos pasos de peóns nesa estrada, ata Catro Camiños.

### **Rogos de UxC presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 6616 o día 25 de maio de 2013.

1º Nas pasadas festas da Barcala producíronse incidentes coa comisión de festas e coas persoas que quixeron colocar os seus postos para as festas. Solicitamos se nos informe cales foron os motivos dos incidentes e que ordenanzas se aplicaron para o establecemento dos postos.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, di que ela particularmente non ten coñecemento de que houbera incidentes nese sentido. A ordenanza que se aplicou é a lóxica, a Ordenanza de venda ambulante e a súa taxa correspondente.

Don Óscar Alfonso García Patiño, de UxC, manifesta que lle pode dicir que o venres pola mañá a responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, xunto coa Policía Local, tivo que ir á Barcala por diferenzas que había, precisamente, con persoas que ían colocar os seus postos, que colocaron en festas anteriores neste concello e non se lles tiña cobrado, e, polo tanto, se negaban a pagar. O que está ocorrendo agora é que lles están cobrando por ocupación de vía pública, aos feirantes, simplemente aos que levan os seus postos como patacas, churros, etc., e non aos coches de choque, ás voladoras, etc., a esas non se lles cobra. Entre uns e outros hai unha gran diferenza.

Continúa dicíndolle ao Sr. alcalde que non sabe se estivo nunha comisión de festas, pero hoxe en día as comisións de festas dos veciños reciben moi pouco, porque non teñen para dar para demasiadas festas, e recadan deste tipo de actuacións. Se o concello vai recadar por ocupación de solo público, por unha festa que organiza unha comisión de festas de veciños de Cambre, el cre que non está ben ordenado todo iso. Roga que lle dean unha volta a esa ordenanza, ou á forma de facer as cousas sobre todo, non chegar alí o primeiro día, e atoparse os feirantes que veñen a colocar os seus postos, como sempre se fixo, con que teñen que vir ao concello a pagar, se tiveran que vir o sábado pola mañá está pechado e non poden colocar o seu posto, iso vai ocorrer máis veces, polo tanto, roga que volvan a estudar esa ordenanza, para modificala ou ver como se pode enfocar doutra forma ese asunto.

O Sr. alcalde contesta que recollen o reto, porque el sabe que esas ordenanzas non cumpren o seu cometido neste momento. Está de acordo co Sr. García Patiño en que na maioría dos sitios, excepto na parroquia de Cambre onde as festas as organiza o concello, no resto de parroquias se organizan polas comisións de festas, e loxicamente iso está sen regular, é unha regulación un tanto estraña, pero toman o reto e daranlle moitas voltas a este asunto.

En todo caso, di que hai que ter en conta que hai veces que en certas parroquias non se ocupa solo público, senón solo particular, porque o prestan particulares, e pola contra noutras parroquias si se ocupa solo público. Cando un vendedor ambulante, ou unha atracción de coches de choque, ou unha noria, están ocupando solo público a responsabilidade nese momento é do concello.

Isto xurdiu na Barcala, certo é, e xurdiu este ano, e di que el, a raíz deste asunto, comezou a darlle voltas ao tema da ordenanza, e non é fácil, pero certo é que teñen que poñerse as pilas e regularlo, porque está sen regular. Está de acordo co Sr. García Patiño en que hai que darlle moitas voltas e regularlo, e aí posiblemente van ter que colaborar todos, porque é unha ordenanza que está obsoleta e non recolle o que ten que recoller, pero o certo é que a ordenanza existe como tal, e por iso se decidiu que aos vendedores ambulantes, só aos vendedores ambulantes, que son os que fan un negocio lucrativo vendendo unha serie de produtos, ten que aplicárselles a Ordenanza de venda ambulante cando ocupan só público, porque os demais, os coches de

choque, a noria e demais, xa teñen que vir ao concello para tramitar un expediente que se fai dende Urbanismo para que se poidan colocar.

Conclúe dicindo que hai que darlle moitas voltas.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que teñen que ter en conta que as comisións de festas están formadas por veciños de Cambre que a única maneira que teñen para recoller diñeiro, principalmente, é destas cousas, e o concello non vai percibir diñeiro deles se eles non organizan a festa.

Antes de dar lectura ao segundo rogo, don José Antonio Orosa Fernández, de UxC, manifesta que quere darlle as grazas á concelleira de Servizos Sociais pola rapidez e eficacia na realización dunhas obras que permitiron a unha persoa que, despois de ter un accidente de circulación grave, quedou en cadeira de rodas, en Piñeiro, Brexo-Lema. Puido, grazas á rapidez desa concelleira, entrar no seu domicilio, xa que sen a colaboración dos veciños era imposible acceder a el. Por iso quere, antes de nada, darlle as grazas á concelleira, porque non lles caen prendas en recoñecer o que hai que recoñecer.

Ao mesmo tempo, di que o que si lle doe un pouco é ter que oír que non se reúnen con eles porque non saben ler, ou porque eles ler o len todo, porque algunhas contestacións dan esa impresión, que eles non saben ler e que os concelleiros do goberno len todo. Dille ao Sr. alcalde que é unha mágoa o que dixo o concelleiro do seu grupo.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, agradece ao concelleiro de UxC as súas palabras, pero di que en realidade a quen hai que darlle as grazas é ao departamento de Obras e Servizos, que foi quen realizou o arranxo. Di que inmediatamente de ela dicilo, inmediatamente, o departamento de Obras e Servizos púxose mans á obra. En todo caso foi cousa do concello e o importante é que esa familia se teña beneficiado dese arranxo.

Don José Antonio Orosa Fernández aclara que el deulle as grazas a ela porque el non tivo ningunha relación co departamento de Obras e Servizos, a que foi alí con el foi a Sra. concelleira e o problema solucionouse, que é o que a el lle vale.

2º O 27 de xaneiro de 2012 por parte deste grupo municipal e a través do rexistro deste concello entregouse o documento que acredita a cesión gratuíta por parte dos propietarios dos terreos necesarios para a construción dunha beirarrúa no lugar de Amil. Tras requirir en varias ocasións ao concelleiro de Obras a execución da devandita beirarrúa, solicitamos se nos informe do estado actual do devandito proxecto.

Don José Antonio Orosa Fernández, de UxC, engade que, como no caso mencionado anteriormente, vai ter que encargarllo á concelleira de Servizos Sociais.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, responde que está ben, que se a concelleira de Servizos Sociais o fai antes que el, mellor, e que oxalá se puidera facer todo tan rápido como se pretende e como se quere por parte de todos.

Di que, efectivamente, o Sr. Orosa fixo nese caso unhas xestións, e sabe tamén que el intentou resolver ese problema, pero que estaba pendente de que chegase xente a través do convenio das corporacións locais co INEM, como viña todos os anos, para facer esta e outras obras máis. O ano pasado, polas restricións que houbo só viñeron 4 persoas, de 20 que pediran, e ademais non viñeron a través dese convenio, senón a través da Deputación porque cambiou todo o sistema, 4 persoas por 2 meses e medio. El tiña un montón de cousas pendentes que tiña pensado facer con esas 20 persoas que solicitaran, pero non puido facer esa obra, como tampouco outras noutros sitios, porque hai outras cesións que tampouco puido facer. Foi absolutamente imposible por falta de persoal.

Segue dicindo que el agarda que agora, ao longo deste ano, sexan capaces de acometer esas obras. Pide desculpas polo atraso, de verdade, pero non foi posible, non por non poñer empeño, senón todo o contrario, sen persoal mal poden facer as cousas. Engade que tampouco teñen diñeiro como para contratar esas actuacións, porque o Sr. concelleiro de UxC sabe desa obra porque fixo unhas xestións, pero hai outras persoas que tamén as fixeron, por exemplo, en Anceis, ou en Cecebre, e que tamén están nas mesmas circunstancias, e tamén lles dixera aos veciños que seguramente se farían ao longo do verán do ano pasado e finais de ano, e non foi posible, están tamén pendentes.

Conclúe dicindo que volve pedir desculpas, pero que el outra cousa non pode facer mentres non teña xente para poder facer o traballo.

Don José Antonio Orosa Fernández sinala que isto vén do 27 de xaneiro do 2012. Tamén quere dicir que se non fixeron máis xestións para realizar obras como estas é porque para que van facer as reunións se despois os veciños poden dicir que o dende o concello lles estiveron rompendo a cabeza con iso para despois non facer nada. Di que ese é o problema polo que non se fan máis xestións.

3º Na estrada do Temple á altura do paso de cebrada Casa das Palmeiras, o acceso á beirarrúa que accede á igrexa de Santa María do Temple, está moi deteriorado, en desnivel e con fochas, dificultando o paso ás persoas maiores, nais con carritos e persoas de mobilidade reducida. Por isto preguntamos ao goberno municipal se ten pensado facer algún tipo de actuación no dito lugar, tendo en conta que se nos contestou a un escrito presentado polo noso grupo no mes de xaneiro do 2012 que se estaba a buscar unha solución.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, di que están no mesmo tema. Ao non darlles o persoal para traballar que viña todos os anos por 6 meses, non está soamente esa zona, están practicamente todas as beirarrúas de todas as zonas urbanas en mal estado, na medida que van podendo, van actuando en sitios concretos, e é verdade que non dan feito. Dilles que entenderán que sen medios, non poden, van esperar a ver se este ano hai unha solución para todos estes temas.

Reitera que teñen problemas deste tipo por todas as zonas urbanas, pero é que conta con 4 persoas na brigada de obras para todo. Ten as 4 persoas para tapar fochas, as 4 persoas para arranxar as beirarrúas, para arranxar fontes, para arranxar tapas de

sumidoiros que se estropean e que rompen, incluso ten esas 4 persoas para, no verán, cando hai festas, para carrexar as mesas e cadeiras, e para ir recollelas, e así aliviar o traballo das asociacións.

Di que son 4 persoas e non poden máis. Ademais foron xubilándose e agora non se pode contratar persoal e están cun problema delicado. A súa intención, dende logo, é coa maior celeridade ir solucionando polo menos os problemas máis urxentes, pero el agarda, xa di, poder este ano contratar persoal suficiente para poder darlle remate a todas esas cousas.

Segue dicindo que el estivo tamén co Sr. García Patiño vendo unhas beirarrúas ao final do paseo marítimo, hai un tempo, pensando que poderían facelo, e non puideron, é dicir, élle algo imposible co persoal que ten. Pide desculpas e di que agarda que esta situación se resolva canto antes.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, de UxC, agradécelle as desculpas e só quere dicirlle que ela non dubida de que teñan moito traballo, que está segura de que si, pero o problema é que aí un día vaise matar unha persoa maior, ela está a velo, todos os días o ve, por iso agradecería que, en canto poidan, que pasen por alí e vexan como está aquilo.

Don Manuel Marante Gómez responde que pasar, pasou por alí, ben sabe como está, o problema é que non puido arranxalo.

### **Rogos de EU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 6613 o día 25 de maio de 2013, xunto coa moción e preguntas presentadas para este pleno.

1º En Cambre, do mesmo xeito que no resto do Estado, prodúcense casos de cidadáns que se ven obrigados a abandonar as súas vivendas habituais por insolvencia sobrevida que lles imposibilita facer fronte ao pago das súas débedas hipotecarias.

En numerosas ocasións, as entidades bancarias están ofrecendo a estas persoas a dación en pago regulada no artigo 140 da Lei hipotecaria, de tal xeito que, a elección da persoa deudora poida cancelar, sen execución hipotecaria, a totalidade da débeda pendente coa entrega da vivenda aínda que iso non se pactara ao constituirse a hipoteca.

A dación en pago, así como o desafuzamento e a perda da vivenda trala correspondente subasta xudicial, presentan unhas repercusións fiscais pouco coñecidas pola cidadanía en xeral, e polas propias persoas que se quedaron sen fogar, en particular. A primeira delas é a obrigación de pagar ao concello o imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, coñecido popularmente como “plusvalía”. A pesar da súa denominación, este tributo debe satisfacerse aínda que o prezo do inmovible diminúa dende a súa adquisición. A súa contía depende, basicamente do valor catastral do chan, do número de anos transcorridos dende que

se adquiriu e das porcentaxes e tipos de gravame aprobados por cada corporación local.

É certo que o Real decreto-lei 6/2012, de 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos, establece que as persoas desafiuzadas pola vía da dación en pago por entidades adheridas ao mal chamado “Código de boas prácticas” quedarán exentas de pagar todos os impostos relacionados coa “transmisión” da súa vivenda, agás o da plusvalía, que se sometería a pacto entre ambas partes. Pero analizando detidamente a súa redacción, conclúese que se aplicará a moi poucos casos, posto que se esixen dous requisitos acumulativos moi restrictivos: por unha banda, que o debedor se atope no albor da exclusión estipulado pola propia norma e, por outra, que o prezo polo que comprou a vivenda non supere uns determinados valores. E no caso concreto da plusvalía, establece que terá que facelo a entidade de crédito, en lugar da persoa que se queda sen vivenda.

Debido a iso son maioría as ocasións en que as persoas debedoras que aceptan a dación en pago seguen facendo fronte ao pago da plusvalía, algo que en EU consideramos inxusto e inmoral.

Por todo o anteriormente exposto pregamos ao goberno municipal:

Que modifique con carácter de urxencia a Ordenanza municipal número 5 reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana engadindo o parágrafo seguinte:

*“Nas transmisións realizadas polos debedores comprendidos no ámbito de aplicación do artigo 2 do Real decreto-lei 6/2012, de 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos, con ocasión da dación en pago da súa vivenda prevista no apartado 3 do anexo da devandita norma, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte a entidade que adquira o inmovible, sen que o substituto poida esixir do contribuínte o importe das obrigas tributarias satisfeitas.”*

O Sr. alcalde explica que este rogo tiña que contestalo o Sr. Felipe Andreu, este concelleiro non tivo tempo de preparalo porque, polo que lle dixo, necesita un informe de Intervención, entón pediulle se podía rogar que o deixaran para tratar na xunta de voceiros ou que llo contestaba por escrito, ou ben, as dúas cousas.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, contesta que está ben, que poden tratalo na xunta de voceiros e que se lle conteste tamén por escrito. Di que isto non é máis que, en definitiva, tratar que as persoas que queden sen vivenda por riba non teñan que pagar un imposto de plusvalía.

2º Tendo en conta as múltiples iniciativas presentadas polo noso grupo, ante os problemas derivados da falta de seguridade viaria, sobre todo nas zonas máis urbanizadas e de maior tráfico do concello en relación aos pasos de peóns, lamentamos que a día de hoxe non exista unha resposta satisfactoria para aplicar e corrixir as carencias existentes, nin se teñan realizado actuacións para dotar dunha maior seguridade nestes lugares conflictivos na circulación, producíndose con demasiada frecuencia atropelos. Por citar algún exemplo, recentemente teñen ocorrido

accidentes en lugares que o noso grupo xa ten denunciado e posto en coñecemento do actual goberno sen que se teñan tomado medidas para solucionar ou atenuar o grave problema.

A situación non só non cambiou nada, senón que se ten agravado. O feito da ausencia de medidas e abandono institucional fai especialmente perigoso cruzar por estes lugares, que de non remedialo os cidadáns terán que seguir arriscando diariamente a súa vida.

Con base no anterior, pregamos, que coa maior urxencia se tomen medidas correctoras co fin de dar solución á situación de inseguridade e perigo existente na actualidade.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que, efectivamente, hai algunhas cousas que se foron facendo, outras que están pendentes, están encamiñadas, é dicir, na medida que poden, cando o tempo o permita, van intentar ir repintando algúns pasos de peóns en zonas onde despois deste inverno case xa non se ven.

Ao mesmo tempo, tal e como quedaron hai un pleno ou dous, a Policía fixo un informe das zonas máis conflictivas propostas e agora mesmo teñen encargados 15 sinais para poñer en todas as entradas e saídas das zonas urbanas, para advertir dos pasos de peóns e da perigosidade da zona. Ademais son sinais co fondo verde, bastante grandes, agora mesmo non se acorda das medidas, pero que levan unha sinalización do paso de peóns, sinalización de velocidade máxima permitida de 40, menos dúas que levan 50, e despois tamén levan a advertencia do perigo cunha inscrición abaixo.

Di que, como dixo, eses sinais están encargados e agarda que ao longo do mes que vén estean postos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, manifesta que, efectivamente, cre que o tema do repintado é interesante, pero esa é unha cuestión que hai que facer, cre que todos os anos, ou mellor dito, cando faga falta repintar.

Respecto do informe da Policía Local di que tres veces se mencionou neste pleno, por cuestións moi parecidas ou similares a este tema, o da seguridade viaria, e, polo menos o seu grupo non ten ningún informe da Policía Local. De paso aproveita para pedirlle ao goberno municipal que lles facilite os informes que anualmente vén facendo a Policía Local, porque este ano pasado non teñen o informe que normalmente fai a Policía e ese informe é unha base fundamental para que eles poidan traballar e para ver onde se producen as deficiencias ou onde son susceptibles de poder corrixilas.

Di que neste pleno están falando un pouco de seguridade viaria, o que quere dicir que non funciona ben, el está convencido diso, non se toman as medidas suficientes en algo que para un goberno debe ser un tema prioritario, a seguridade viaria. Como exemplo, non hai moitos días en Cambre atropelaron dúas persoas, e máis cousas, pero ás veces non controlan todo e carecen dos informes da Policía Local para sabelo.



Pero di que tamén se quere referir a dúas cuestións que si trouxeron xa a pleno noutras ocasións, o paso de cebra da Barcala, fronte a urbanización, onde houbo algún accidente e algún atropelo, e onde agora o Sr. Marante di, con moi bo criterio, que se vai poñer unha sinalización, pero tamén trouxeron o paso de cebra que está preto do concello, na Volta das Carrozas, porque non hai dereito a que un paso de cebra termine nunha rampla de acceso a un garaxe, iso non hai ninguén que o poida permitir, nin o goberno, nin os técnicos nin a Policía Local, aí ten que haber un informe negativo. Volve preguntar como termina un paso de peóns na rampla de acceso a un garaxe, nunha zona perigosísima, iso non pode ser, non é de recibo, haberá que darlle unha solución, eles están aquí para denunciar ese feito, e o equipo de goberno está para corrixilo, porque non é normal que un coche acceda a un garaxe por un paso de peóns. Pregunta onde se viu iso, e iso ocorre no centro de Cambre, onde non hai moitos días houbo un atropelo.

O que piden é dilixencia e que se solucionen eses problemas, porque é o que lles piden os veciños de Cambre que teñen que arriscar todos os días as súas vidas para poder cruzar, non só no centro de Cambre, senón en moitos sitios que xa se dixeron aquí, na estrada de Cambre a Pravio, en moitísimos sitios.

Conclúe dicindo que xa viron hoxe que varias das iniciativas que traen os grupos municipais son de seguridade viaria, e non queren ter que lamentar accidentes graves, iso é o que queren.

Don Manuel Marante Gómez responde que eles tampouco queren accidentes graves, non queren lamentar accidentes de ninguén. Eles tratan de poñer da súa parte todo o posible para poder facelo, e están traballando no tema, como acaba de dicir xa teñen encargados uns sinais, fortalecéronse tamén con proxectos nalgunhas zonas, pasos de peóns, etc. Están tratando de resolver problemas, pouco a pouco, pero é que a inseguridade viaria en Cambre non xurdiu hai dous meses nin hai medio ano. Eles son conscientes do tema e están traballando, intentando recoller todas as iniciativas e achegando as súas, pero non é que estean parados.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que, efectivamente, a seguridade viaria é un tema que vén de atrás, pero o incremento do tráfico cada vez é maior, e eles cando denunciaron aquí o paso de peóns do que estiveron falando na Volta das Carrozas, que todo o mundo coñece, o Sr. Marante díxolle que tiñan razón e que se ían poñer co tema, e a xente agora a eles estalles demandando iso, porque dixeron que o ían arranxar, e pode asegurarse que é un dos pasos de peóns máis perigosos que existe no concello, e que ademais é ilegal.

O Sr. alcalde manifesta que xa llo dixo o Sr. Marante, que teñen un estudo feito para cambiar ese paso de peóns de sitio, pero ata agora, co tempo que tiveron, comprenderán que pintar un paso de peóns é como non facer nada, tirar os cartos polo sumidoiro. Iso vaise facer, pero antes teñen que ter o permiso, que xa o pediron, porque a estrada é autonómica. Di que iso está pedido, e están dados os pasos para facelo. El entende, como cidadán, que moitas veces se queren as cousas moi rápido, e ás veces atópanse con pequenos problemas que hai que ir solucionando, pero están niso, el está de acordo en que ese paso é ilegal, ou polo menos está mal posto, así de claro.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que non é un pequeno problema.

O Sr. alcalde di que non, que é un gran problema.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille tamén que ultimamente, estanse pintando pasos de peóns, poderían ter comezado por ese, que é perigoso, nada máis.

3º Varios usuarios do parque das palmeiras no Temple, teñen trasladado ao noso grupo municipal as múltiples deficiencias que presenta, poñendo en grave risco a seguridade dos máis pequenos. De feito, tamén nos teñen comunicado algún accidente sufrido por nenos/as, derivados do estado do dito parque. Deficiencias tales como parafusos sen tapar, as varandas de madeira reladas, bambáns rotos e xogos con fisuras que poden provocar feridas.

Con base no anteriormente exposto o noso grupo municipal prega:

Se realicen con carácter inmediato as accións e reparacións necesarias para garantir a seguridade dos nenos usuarios do parque.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, de EU, manifesta que antes de vir para aquí, pasando polo parque, xa viu que estaba desmontado o bambán do que achegaban unha foto na que estaba roto, non sabe se debido á súa petición.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que tiñan unha reclamación dun veciño, concretamente do día 20 de maio. Pedíronse uns bambáns á empresa que tiña montado ese parque, Galopín, concretamente pedíronse dous bambáns, porque aínda que un estaba roto e o outro non, non había o mesmo modelo e cambiaron os dous. Tamén hai outro que se levou para o parque que está preto da entrada da autoestrada.

Con respecto das pezas, di que mandou quitar unha mesiña que había alí, que efectivamente estaba mal, outra de momento deixouse porque non estaba tan deteriorada.

Conclúe dicindo que agradece o rogo de EU, pero había unha reclamación e xa se estaba traballando no tema, e hoxe cambiaron os bambáns.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que unicamente indicar que os parques infantís son espazos especialmente sensibles, e igual que dicía antes o Sr. alcalde sobre que se van facendo as cousas, hai que priorizar, está claro, e onde xogan os nenos é onde hai accidentes. O estado da varanda, tal e como aparece na foto, evidentemente é algo que se ten que priorizar ante calquera outra cousa.

Don Manuel Marante Gómez di que si, pero que pediron os bambáns e foi o tempo que tardaron en enviárllelos.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López di que iso non é de agora, ese parque está así polo deixamento e pola deterioración, porque iso é de hai tempo.

Don Manuel Marante Gómez di que el ten coñecemento de que estaba roto ese bambán dende o día 20, que foi cando lle chegou a reclamación.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López expón que o parque non é só o bambán, ela falou del porque pasou por alí e viu que estaba para substituír, pero di que hai moitos máis elementos que veñen de tempo atrás.

### **Rogos do BNG presentados por escrito**

Antes de dar lectura aos rogos presentados polo seu grupo, dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, dá as grazas á concelleira M<sup>a</sup> Jesús González, di que parece que lle está copiando ao concelleiro de UxC, pero non é así. Explica que o mes pasado trouxeron un rogo e é a primeira vez, en dous anos, que o goberno do PP atende unha petición do BNG, por iso queren darlle as grazas, porque ademais foi con prontitude e aos 15 días xa estaba todo listo. Agardan que isto sente un bo precedente.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel responde que ela simplemente se remite ao que dixo antes, agradece os agradecementos, pero segue dicindo que foi algo que se transmitiu ao departamento de Obras e Servizos e eles inmediatamente o fixeron. É algo que tiña que facer Obras e Servizos trala súa petición, así que non é mérito soamente dela.

Dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto di que a bondade da concelleira, felicitando ao concelleiro de Obras, di moito ao seu favor, agora ben, di que ela ao Sr. Marante non o felicita, está a felicitala a ela porque sabe que, ao día seguinte do rogo, quen chamou ao centro de saúde foi ela, para falar coa xente, e quen se dirixiu a eles foi ela, e o Sr. Marante, cando faga as cousas como as fixo a Sra. concelleira, felicitarao e faranlle a ola, o que pasa é que lle pediron por favor, por exemplo, un paso de peóns na Arrigada, unhas papeleiras no Temple, amañar un camiño, un colector de lixo, e nada, por iso non van vir aquí a felicitalo, cando faga esas cousas que ten aí para facer, unha soa, xa o felicitarán, en todo caso, non vai ser pola prontitude, felicitarano por levalo a cabo tarde, mal e nunca.

O Sr. alcalde sinala que aínda van ter que pasar ao rogo número dous, despois de todos os rogos que xa fixo a concelleira.

A continuación, dáse lectura aos rogos rexistrados de entrada ao núm. 6674 o día 27 de maio de 2013, xunto coa moción e preguntas presentadas para este pleno.

1º Os plans de desmantelamento do ferrocarril público por parte do goberno estatal, coa complicidade da Xunta, eliminan na práctica as estacións de Cambre e Cecebre logo de máis de 130 anos de historia.

Rogamos informen das xestións que realizou ou ten pensado realizar o goberno municipal na defensa dos apeadeiros de Cambre e Cecebre.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, que ten atribuída a competencia de transportes, contesta que, partindo da base que

entenden ao igual que o grupo do BNG que o transporte é un ben moi importante para este concello, e que dende logo poden contar con todo o seu apoio para a defensa do transporte, pode comentarlle que en referencia a este particular, o 30 de abril, en relación coas noticias que saíron en prensa e que seguen saíndo, puxéronse en contacto co Ministerio de Fomento, e a día de hoxe, que conste no concello, o Consello de Ministros declarou as rutas A Coruña-Ferrol, e A Coruña-Lugo-Monforte como obrigación de servizo público, o que garante que o Estado continuará financiando a conexión ferroviaria e de media distancia convencional entre esas poboacións. Respecto das medidas de mellora da eficiencia que se introduzan na relación coas paradas ou apeadeiros están sendo obxecto de estudo por parte de Renfe.

Di que con esta última apostila o que fixeron foi poñerse en contacto coa Dirección Xeral de Mobilidade, para ver un pouco cal ía ser a baremación, ou que lles deran unha estimación de cal ía ser a baremación pola que ían facer eses estudos, e o que lles comunicaron no seu momento foi que esa baremación se ía taxar por 365 viaxeiros ao ano, é dicir, a partir dun viaxeiro ao día. Pediron os datos do ano 2012, no momento en que mantiveron as conversacións non tiñan os do ano 2012, tiñan os do ano 2011, e comunicáronlles que no ano 2011 houbo no apeadeiro da estación de Cambre 1356 viaxeiros, polo que entenden que, nun principio, non debería ter problemas. Xa lles di que esta é a información que se lles transmite tanto dende o Ministerio de Fomento como dende a Dirección Xeral de Mobilidade e que consta como contestación actualmente no concello.

En todo caso, conclúe dicindo que vaia por diante o seu apoio á defensa do transporte público.

Don Daniel Carballeda Rodríguez, do BNG, di que simplemente por puntualizar cuestións que ao seu modo de ver son importantes, xa non dende o punto de vista de defensa do ferrocarril, senón tamén do que debe ser o funcionamento democrático do concello. Di que eles xa o din moitas veces, eles non fan *casus belli* de canto veñen cobrar aquí, ou canto deixan de cobrar, o que realmente lles importa como concelleiros na oposición é poder facer o seu traballo, e a primeiros do mes de abril, Alberto Díaz Ruiz, que é o delegado en Galicia do Sindicato Federal Ferroviario da Confederación General del Trabajo, que é o sindicato maioritario en Renfe, en Adif, tanto na operadora de transporte de persoas e mercadorías, como do administrador das infraestruturas ferroviarias, dirixiuse ao alcalde de Cambre, Sr. Manuel Rivas Caridad, e a todos os grupos políticos municipais, e esa información que achega nese momento a persoa máis importante a nivel sindical dende dentro da propia empresa ao Concello de Cambre, en primeiro lugar non foi atendida, o Concello de Cambre non respondeu a ese delegado sindical que se puxo en contacto co concello. Se queren el tráelles mañá o documento co cuño do rexistro de entrada do Concello de Cambre, sen ningún tipo de problema, e non foi, dende logo, transmitida ao resto de grupos municipais.

Presumindo que non foi unha ocultación premeditada de información aos grupos da oposición, e que foi simplemente negligencia derivada dunha serie de problemas que ao cabo do que están vendo neste pleno, existen, porque parece ser tamén que antes falamos aquí, con motivo doutro rogo, que houbo un escrito que presentaron determinados veciños e tampouco chegou a onde tiña que chegar, falando

coloquialmente “fáganselo mirar”, porque a primeiros do mes de abril, a CGT faille chegar ao Concello de Cambre unha información na que fala de que concretamente na provincia da Coruña veranse reducidos os servizos ferroviarios nos seguintes apeadeiros e estacións, e fala dos que teñen entre un e cinco viaxeiros por día, onde só parará un tren diario en cada sentido, Osebe, Piñol, Neda, Cesuras, Cambre, Cecebre, Oza dos Ríos e Barallobre. Di que ata onde el sabe, Cambre e Cecebre están neste concello.

Di que a información que acaba de dar o concelleiro do equipo de goberno é total e absolutamente sesgada, porque se ben é certo que seguen sendo de obrigatoria prestación, por ser declaradas as rutas de utilidade pública, non é menos certo que a partir do día 2 de xuño, no apeadeiro de Cambre, onde actualmente paraban 14 trens ao día, e no apeadeiro de Cecebre, onde actualmente paraban entre 10 e 12 trens ao día, van ter un servizo garantido de unicamente 1 parada ao cabo do día, o que supón na práctica a súa eliminación, e o que tamén supón na práctica que deixen de ser, nin de lonxe, calquera alternativa minimamente real para transportar aos veciños a través do ferrocarril.

Continúa dicindo que a eles dálles moito que pensar, porque para eles isto non é unha cuestión de ideoloxía política, porque entenden, como dixo o concelleiro do equipo de goberno, que todos deben estar un pouco a prol disto. Eles entenden que a Lei xeral de ordenación do sector ferroviario que promove o PP a nivel nacional, a nivel estatal, non está por un ferrocarril público e social, pero entenden que, a nivel de Cambre, o alcalde de Cambre debería ser o primeiro en non limitarse a facer unha serie de formulacións retóricas, rutinarias, a administracións amigas, e si preocuparse do que realmente está pasando, porque o que está pasando é que esa política comercial de Renfe, que é a encargada de prestar o servizo como o concelleiro ben dicía, estableceu que se deixará de prestar servizo naquelas estacións e apeadeiros que non cheguen a un 15% dunha demanda que eles estiman, na oferta que fan do servizo, e, curiosamente, Cecebre e Cambre, subindo de 1000 usuarios, aínda nas condicións nefastas nas que se presta o servizo, quédanse casualmente no 14% dese baremo que establece Renfe, quédanse unicamente a un punto de lograr manter os seus servizos, e o Concello de Cambre non moveu un dedo, e o tema do tren non é unha cuestión sentimental, de preferencias, de gustos, ou de apetencias, é ao seu modo de ver algo total e absolutamente fundamental para o que debe ser Cambre, que deben manter, que deben potenciar, que debe estar debidamente recollido polo impacto económico que ten, polo impacto social que ten e pola potencialidade que ten.

Di que Cambre, dentro do malo, se se pode dicir así, está atravesado de cabo a rabo pola liña férrea, pola vía do ferrocarril, está ben, pois haberá que potencialo e facer que iso sexa algo que lles sirva para crecer, haberá que recollelo no Plan xeral, desenvolver a súa potencialidade, porque é algo que non ten nin Oleiros nin Sada, que apenas ten Arteixo, que toca un pouco, unicamente na franxa costeira, a Culleredo, e aquí o que ven é que se lle está facendo o “caldo gordo” a determinadas compañías de transporte por estrada, que logo tratan a Cambre como o tratan, especialmente unha delas, cando están deixando esmorecer o servizo de tren. A el, de verdade lles di, estas cousas cabréano, porque cre que é algo no que todos deberían estar de acordo, onde Cambre debería ter unha proposta enérxica.

Cambre é o concello de Galicia con máis de 20.000 habitantes, que vai ver reducidos á insignificancia os seus servizos ferroviarios, e aquí están con que se presentan un escrito ou se o deixan de presentar, e dinlles que estean tranquilos. Dilles que non, que así non van facer absolutamente nada. El non sabe se o grupo de goberno é moi amigo das placas, das inauguracións, dese tipo de cuestións, pero a partir do 2 de xuño poden poñer unha placa, por exemplo no apeadeiro de Cecebre, que diga “Sendo alcalde don Manuel Rivas Caridad, natural e veciño desta parroquia, despois de 130 anos, deixaron de parar os trens en Cecebre.”, e poden facelo porque non dirían mentira ningunha.

O Sr. alcalde manifesta que lle agradece moito ao Sr. Carballada a demagogia que utiliza coa súa persoa, e prégalle, por favor, que non diga que el lle fai “caldo gordo” a ninguén, prégalle que non o volva dicir. Di que el terá moitos defectos, non fará cousas, non escribirá cartas, ou como esta que non chegou, que por certo, tenlle que dicir que é quen a mandou.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que sen ningún tipo de problema, Alberto Díaz Ruiz, do sector ferroviario da CGT da Coruña, e se quere dálles o seu número de teléfono.

O Sr. alcalde di que non o necesita, el o único que ten que ver é se o escrito se presentou no concello, pero o Sr. Carballada está a dicir que el lle fai o “caldo gordo” ás compañías.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que o Concello de Cambre.

O Sr. alcalde di que non, que antes dixo o alcalde, o Sr. alcalde faille o “caldo gordo” ás compañías de transporte.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que eles, a diferenza doutro tipo de persoas, non teñen ningún problema en pedir desculpas, pero cre que a acción política do Concello de Cambre, por inacción, está favorecendo certo transporte ao non defender o tren.

O Sr. alcalde pídlle que lle deixe falar tamén a el, porque o Sr. concelleiro quere estar sempre no uso da palabra, e pregúntalle se el utiliza o tren todos os días.

Don Daniel Carballada Rodríguez contesta que non.

O Sr. alcalde manifesta que está ben, que moitas grazas, e que recolle o rogo do BNG.

Don Daniel Carballada Rodríguez pregunta se lle pode explicar iso.

O Sr. alcalde contesta que el, simplemente, fíxolle unha pregunta.

Don Daniel Carballada Rodríguez sinala que el pode dicirlle sen ningún tipo de problema, e o Sr. alcalde pode comprobalo a través dos revisores da Renfe, que utiliza o tren tranquilamente entre 4 e 6 veces á semana. Non sabe que utilidade ten isto de cara ao debate político, pero así llo di.

O Sr. alcalde manifesta que precisamente iso é o que teñen que facer todos os usuarios de Cambre, utilizar o tren, e non dicir que o alcalde de Cambre ten que poñer unha placa dicindo que desapareceu a estación de Cecebre sendo alcalde Manuel Rivas Caridad, natural de Cecebre. Di que el defenderá sempre o tren, porque xa o usaba dende pequeno.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que, entón, que o faga con eles, que atenda ese escrito e que protesten todos onde teñan que protestar, porque algo haberá que facer, antes había 14 trens, agora hai 2.

O Sr. alcalde dille que naturalmente que el vai atender o escrito, vai buscalo e vai atendelo, pero el estalle dicindo que el este escrito non o recibiu, xa llo dixo, e el vaino buscar e se non, fará como co outro escrito, pediralle a copia, pero el deixouno falar tranquilamente durante toda a súa exposición, e o Sr. Carballada ten o costume de interrumpilo sempre.

Don Daniel Carballada Rodríguez pídelle de novo desculpas, e límitase a informarlle que o próximo venres, ás 20:00 horas, na Barcala, realizarán un acto informativo sobre a situación do tren, e se ten a ben acudir, por eles non haberá ningún problema.

Pide a palabra don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, para facer unha pequena puntualización respecto do tren, porque lle parece un debate interesante, e xa non é a primeira vez que se produce nestes plenos. O Sr. alcalde dixo unha cousa, e el quedouse con ela, cando dixo que había que promocionar o ferrocarril e traer máis usuarios. El, de verdade, súmase á súa proposta de que hai que potencialo, por iso tamén vota por propoñer que cando o Deportivo quede en primeira división, e cando saquen esa pancarta que hai no balcón do concello, que se poña a pancarta en defensa do tren de proximidade.

2º O vial que presta servizo ao lugar de Meixigo, ten dúas importantes fochancas no tramo situado entre o ramal que vai ao Retiro e ao antigo campo de fútbol. Con independencia de plans de asfaltado de maior envergadura.

Rogamos se solucione á maior brevidade o dito problema.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que están de acordo co rogo, e só debería aclarar que a el as felicitacións non lle fan falta, el vén a traballar para que os veciños, os que lle votaron, estean satisfeitos dentro de catro anos do labor que fai, non vén aquí a fanfurriñar nin a que o felicite ningún partido político, porque se felicitan a un membro do goberno por algo que fixo el, entón debe ser porque están coordinados e cada un fai o seu traballo cando se compromete a facelo. El non necesita que eles lle veñan con palabras, as palabras que llas digan os veciños dentro de catro anos.

Dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, do BNG, dille ao Sr. Marante que recoñecer un traballo ben feito non é felicitar gratuitamente, recoñecen un traballo ben feito en nome das persoas que se van beneficiar, que neste caso son todos os veciños do Graxal e da zona. Non pode entender como está tan mal a relación entre os grupos municipais

para que unha felicitación ofenda, chegar a eses extremos. Sexa mellor ou sexa peor, sexa máis acertada ou menos, para que unha felicitación ofenda dende logo as cousas están ben crispadas.

Don Manuel Marante Gómez contesta que el non está ofendido en absoluto, máis ben todo o contrario, está moi contento de estar traballando cun equipo que resolve os problemas cando llos expoñen, sexan os grupos da oposición ou sexan os veciños. Con iso está contento, non está ofendido en absoluto, pídelle que estea tranquila que non está ofendido.

Dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto dille que ela tranquila xa vén da casa, que estea tranquilo el.

O Sr. alcalde toma a palabra para dicirlle aos Sres. concelleiros que aquí están para facer outras cousas. El está de acordo en que poden tirarse a pelota, felicitarse, cabrearse, etc., pero están a outro tema, e el ten que conciliar a vida laboral coa familiar, e os concelleiros tamén. El entende que se queiran felicitarse ou non felicitarse, pero pídelles que vaian ao que teñen porque xa é tarde.

Dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto dille ao Sr. alcalde que o pleno é só unha vez ao mes, e aínda que unha vez ao mes non concilien moito, tampouco pasa nada, non é como se fora todos os días.

### **Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 6617 o día 25 de maio de 2013, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1<sup>a</sup> En 'A Voz de Galicia' do domingo 12 de maio, recóllese unha nova co titular "*Cambre plantea a la empresa Asicasa que revise y mejore las rutas de los buses*". No texto dela, e recollendo manifestacións do concelleiro de transportes, faise referencia, entre outras cousas, á mellora do servizo na Mota, modificación de horarios de chegada nas mañás ao polígono do Espírito Santo, etc.

Sendo estes, temas que teñen sido formulados en múltiples ocasións por este grupo, e parecendo que se teñen desbloqueado os problemas de compatibilidade entre os concesionarios das liñas de transporte, preguntamos:

Que pasos se teñen dado polo goberno municipal, nos últimos tempos, para resolver as tan demandadas melloras nas liñas de transporte interparroquial (A Mota, Espírito Santo) e regular (Cambre-A Coruña)?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, que ten atribuída a competencia de transportes, contesta que quería facer unha apreciación sobre a redacción da pregunta, un pouco en liña co que se formulou na anterior pregunta sobre o transporte escolar, a concesionaria é a Xunta, e eles con quen falan, e a quen lle propoñen posibles modificacións, ou o futuro desbloqueo dun problema é, a través da canle lóxica, coa Xunta, que é a que ten a competencia. Como comentou o martes nas comisións, eles só a título informativo, para solicitar



horarios, rutas actuais, etc., tratan con Asicasa, que é a que ten a información máis veraz, o resto de negociacións ou formulacións fanas directamente coa Dirección Xeral de Mobilidade.

Dito isto, para facerse unha composición de lugar, explica que a formulación que se fai dende o equipo de goberno é que, xa que hai un servizo que está resultando deficitario, ou incluso nulo nalgúns zonas, utilizando recursos propios do concello, como poidan ser os servizos municipais para a optimización desas rutas, melloralas, propoñerlle unha opción de mellora variando as actuais rutas. Di que é certo que pode haber unha pequena discrepancia coa empresa, porque hai un aumento na quilometraxe do rutómetro, pero eles o que defenden é que ese aumento tamén vai ter a súa contrapartida no aumento do número de usuarios do transporte que vai repercutir directamente nas arcas da empresa, e que resultaría beneficioso para todos.

Di que nese punto están, é dicir, estase traballando, formulouse unha proposta inicial de rutas, como comentaba o martes a un rogo ou pregunta de EU, variando as rutas, e a súa intención é poder desbloquealo, sobre todo polo tema da Mota. Todas estas negociacións, todo este tema, xurde a raíz de que o autobús deixou de subir á Mota e se teñen dado conta de que é deficitario, e que se pode mellorar substancialmente o seu uso noutras moitas zonas.

Don Augusto Rey Moreno, do PSdeG-PSOE, manifesta que, recoñecendo que si é mellorable e que hai zonas que nestes anos de experiencia de bus interparroquial se pode entender que non utilizan o transporte, en concreto parécelle moi adecuado o tramo do que se fala da presa ata o que é Bribes, que parece que apenas se utiliza, o que é certo é que unha información como esta xera unhas expectativas nos veciños, e, evidentemente, no seu grupo municipal, pero polo que o Sr. concelleiro dixo están unha vez máis no mundo das intencións, hai que facer e demais, pero non están logrando, ou iso é o que queredría que lle aclarasen, porque a Dirección Xeral de Mobilidade, é, en última instancia, a que ten que dar o placet, con independencia de que algunha vez haberá que estudar tamén as competencias municipais en materia de transporte e ver de que forma se poden poñer en marcha dentro do termo municipal, evidentemente, pero sen necesidade de andar pendentes de concesións doutras liñas e demais. A el o que lle gustaría saber é que fai a Dirección Xeral de Mobilidade, porque están falando disto dende hai dous anos, e cre que xa é hora de que se comece a tomar solucións, e sobre todo o tan solicitado pola súa parte, tan pedido tantas veces, a ampliación do servizo á Mota, cre que é algo que hai que facer, con independencia de que tamén noutras preguntas e rogos teñan falado dos percorridos de Cambre-A Barcala-A Coruña, en concreto da hora de comezo e da hora de finalización.

Di que cre que aí hai un material que, se se quere traballar, vai permitir atender as demandas que a día de hoxe están facendo os veciños nesta materia, sobre todo cando saben que nestes tempos o transporte público tivo un incremento, por desgraza, non por desgraza en canto á concienciación medioambiental, senón porque a nivel económico é máis económico sempre que moverse cun vehículo particular, en fin, algunha vantaxe tiña que ter a crise, pero si é certo que hai que comezar a dar pasos en firme para mellorar isto dunha vez, e por iso pregunta se hai algo en firme en todo isto.

O Sr. alcalde di que vai contestar el, porque este é un plan que fixeron xa hai algúns meses. A Mota era loxicamente a súa preocupación, pero tamén era a súa preocupación que o autobús chegase a Espírito Santo a horas indebidas, e que ademais non conectara cos autobuses que pasan pola N-VI cara a Betanzos, por exemplo. O que fixeron, conxuntamente coa Policía Local, é facer todos os percorridos pola Mota e por outras parroquias, como Brexo-Lema, Bribes, etc., verificaron todas as rutas que fai o bus metropolitano, o pequeno, para modificalas.

Di que na Mota se atopaban cun problema, que era acceder a unha estrada autonómica cuxa concesión está nas mans de Vázquez, esa era a pelexa xa dende un principio, dende que entraron a gobernar. A el preocupáballe A Mota, primeiro porque estaba sen servizo, porque Vázquez deixou de subir alí porque dicía que lle era moi custoso, é un tema que teñen discutido nalgúns plenos, e que ademais non tiña onde dar a volta, polo que o que fixo a empresa foi parar en Frais. El tivo varias reunións con Alfredo Vázquez para que, se non quería facer a ruta, cedera a concesión que ten dende hai moitos anos, que eles se encargarían co metropolitano de facer esa ruta, é máis, tiveron unha reunión coa Xunta de Galicia, e o empresario el non estaba disposto a deixar a concesión sen unha contrapartida, e así o manifestou, e así seguiu todo este tempo.

Continúa dicindo que por iso a el se lle ocorreu facer a ruta co metropolitano a través dos camiños e estradas municipais, sen ter que pisar a concesión de Vázquez. Deseñaron unha nova ruta, en realidade varias rutas, non só esa, e hai un mes aproximadamente lles presentaron ao director xeral de Mobilidade, o Sr. Bugarín. Cren que mellora substancialmente porque incrementa o número de viaxeiros, o horario que propoñen tamén é moitísimo mellor porque moita xente poderá acceder ás fábricas do Espírito Santo, porque non tiña sentido chegar ás 08:30 cando as fábricas abren ás 08:00.

Di que o domingo pasado estivo co xefe de Mobilidade e que lle preguntou como tiña o asunto, e díxolle que xa o estaba consensuando con Asicasa e que creía que non ía haber ningún problema para que Asicasa asumira ese número de quilómetros a maiores que ten que facer o autobús, e así están as negociacións, están agardando simplemente a que lles dean resposta, que lles digan que xa está conseguida a nova ruta que propuxeron.

Conclúe dicindo que iso é como está, iso é o que pode dicir sobre este tema, porque a el, unha das cousas que máis lle preocupaban, era loxicamente as parroquias de Cambre, que son as que están sufrindo a falta de transporte urbano.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que, se teñen redactado un plan de mellora, e se existe un documento sobre iso, rogaría que lles dera traslado del.

O Sr. alcalde contesta que pasarán a todos os grupos o que teñen presentado.

2ª Veciños de Anceis teñen solicitado, dende hai tempo, que se realicen xestións para a colocación na CP-1702, no tramo que discorre dende A Rocha, pola Cabana, rematando nos Campóns, de pasos de peóns que garantan a seguridade viaria. En

concreto teñen suxerido a súa colocación á altura dos números 1, 11 e 29 da Cabana. Con base no anterior, este grupo pregunta:

Que xestións se teñen feito para cumprir coas anteriores demandas?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que efectivamente o ano pasado uns veciños fixeron un escrito solicitando eses pasos de peóns. El estivo falando con eles, estiveron falando tamén con Deputación, coincidiu cando o solicitaron que estaba Deputación facendo o pintado desa estrada, e cando deron presentado o escrito e feito as xestións, xa acabaran de pintar. En Deputación quedaron en recoller na seguinte campaña eses pasos de peóns para pintalos, ou sexa, están de acordo en pintalos, así que, seguramente este ano os pintarán, e se non o fan, reclamaranlles que o fagan cando veñan repintar a estrada.

3ª Cando se van sacar a contratación os servizos de mantemento das zonas axardinadas e a concesión do servizo de subministración de auga?

O Sr. alcalde informa que contestará por escrito o concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación.

Don Óscar Alfonso García Patiño, de UxC, sinala que agarda que se conteste a todos os grupos por escrito.

O Sr. alcalde di que por suposto.

### **Preguntas de UxC presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 6614 o día 25 de maio de 2013.

1ª Despois de que o día 2 de xaneiro se inaugurase a praza do Campo da Feira, preguntamos: Cando ten previsto o goberno municipal que a feira de Cambre volva a celebrarse no seu lugar de orixe?

Dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que agardan ter a feira no Campo da Feira no mes de xullo, se non se presenta ningunha incidencia no mes de xullo estará arriba.

Don José Antonio Orosa Fernández, de UxC, pregunta o motivo polo que tardou tanto en trasladarse para arriba, dende xaneiro que se inaugurou a praza.

Dona Marta Mª Vázquez Golpe contesta que a intención do grupo de goberno era ter xa a feira no seu lugar a día de hoxe, de feito estaban feitas as bases de licitación, os planos e todo o que levaba consigo traer a feira para arriba, pero é verdade que foron xurdindo unha serie de incidencias no camiño, esas incidencias hai que darlles unha solución, porque traer a feira sen telas solucionado non lles parece adecuado dende o punto de vista de que pode causar un prexuízo, no só aos feirantes, senón tamén ao veciño. Di que mellor deixar todos eses flocos que foron xurdindo pechados antes de subila.

Di que pon a disposición de toda a Corporación os informes e o traballo que está xa realizado, tanto os planos, como as bases, como os informes que hai ata agora. Di que están pendentes dun informe máis, e se teñen calquera dúbida e lle queren preguntar, ela contéstalles a partir de mañá, e se queren ver eses informes, o mesmo di.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, solicita que eses informes se trasladen tamén ao resto dos grupos, porque se mal non entendeu dixo que a feira viña para arriba no mes de xullo.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe di que agardan que poida ser en xullo.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que si, pero que no pasado pleno, que fixo esa mesma pregunta, dixéronlle que para xuño. Di que eles teñen que saber cales son os problemas, para transmitírllelos aos veciños de Cambre que lles preguntan, ademais, dixo para xullo, pero pregunta para cando, para o día 2 ou para o terceiro domingo, para a 1<sup>a</sup> ou para a 2<sup>a</sup> feira.

Dona Marta M<sup>a</sup> Vázque Golpe contesta que, en todo caso, sería para a 2<sup>a</sup>.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que claro, que practicamente para agosto. En todo caso, o que si lles interesaría, cre que a todos, é que lles facilite os informes para saber que é o que está pasando coa feira de Cambre, porque xa parece a feira de mostras do noroeste.

2<sup>a</sup> Na praza José Luis Caso Cortines iniciáronse hai varios meses unhas obras para acondicionamento das xardineiras existentes, e a día de hoxe non sabemos por que as devanditas obras non se remataron. Cando teñen previsto rematar as obras?

Don José Antonio Orosa Fernández, de UxC, pregúntalle ao Sr. Marante se lles pode dicir algo, pero algo que non sexa que non ten persoal e iso, porque iso xa o saben.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que, efectivamente, hai uns meses que se baleiraron esas xardineiras que estaban pegadas aos edificios, porque había filtracións de humidades para os garaxes. Baleiráronse para ver se era como consecuencia desas xardineiras ou era por outro motivo, baleiráronse e, efectivamente, ese problema de filtracións agora non o hai. Estiveron esperando este tempo para ver que era o que pasaba, viron que así non hai filtracións, e agora están mirando a ver que solución técnica se busca para resolver a fochanca que queda alí, porque queda unha fochanca tremenda. Se lle botan terra outra vez, van seguir tendo problemas, se non lle botan terra, a enchen con cemento e poñen baldosa como no resto da praza, entón tapan as ventás dos respiradeiros dos garaxes. Di que están a expensas de que os equipos técnicos lles dean unha solución.

Por avanzar un pouco di que posiblemente a idea é reencher unha parte, outra parte deixala sen encher e poñer unhas macetas repartidas para que a auga circule e vaia aos sumidoiros sen ningún problema, para ver se así queda resolto, pero, en todo caso, iso é algo que se comentou e que está sen cercionarse ben do tema, están a expensas de que lles dean unha solución técnica.

Don José Antonio Orosa Fernández di que el, para finalizar a súa intervención, gustaría lle dicir ao Sr. alcalde, por quitarlle un pouco de peso ao Sr. Marante, que o tema de seguridade viaria depende del directamente, ou sexa, que tampouco é que o Sr. Marante teña culpa dos pasos de peóns, pode ter culpa de infinidade de cousas, pero iso cre que está baixo o mandato directo do Sr. alcalde.

Por outro lado, di que el descoñece se os datos facilitados por Daniel Carballada son certos ou non, pero non sabe por que o Sr. alcalde se cabrea tanto porque lle fale do “caldo gordo”, porque non hai moitos días era o alcalde o que falaba o mesmo dun compañeiro del, e tampouco tiña moita base sólida o que dicía, por iso lle pide que non se enfade tanto porque se diga “caldo gordo”, porque imaxina que se trata dun comentario político, e non algo que lle vaia facer ao Sr. Rivas o dano que ao mellor el, sen pensalo, fixo a outras persoas.

### **Preguntas de EU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 6613 o día 25 de maio de 2013, xunto coa moción e rogos presentados para este pleno.

1ª Poden informarnos das previsións do arranxo do camiño situado entre a vía do ferrocarril e a ponte do Noceiro, segundo o manifestado polo concelleiro responsable nas comisións informativas do pasado mes de febreiro, ante a petición do noso grupo?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que é un pouco o que dixo antes, están con pouco persoal, precisamente nestes días, esta semana, van quedar sen outro obreiro máis, e están aproveitando para tapar fochas con aglomerado o máximo que poidan en todo o termo municipal. Aí botaron pouca zorra, e agarda, nestes días, poder botar máis.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU, agradécelle a resposta, e lémbrale que no mes de febreiro díxolles que para a próxima semana lle indicaría á brigada de obras que o fixera, e díxéronlle que eran 20 metros de zorra.

Polo que ve, o tema de obras é un verdadeiro desastre, pola falta de capital, pola falta de persoal, polo que sexa, pero é un verdadeiro desastre, non hai recursos.

O Sr. alcalde di que lle ten que pedir desculpas, non ao Sr. Taibo como membro da Corporación, senón aos veciños. Explica que nos últimos tempos xubiláronse dúas persoas da brigada de obras e saben que por lei teñen prohibido contratar, despois tiveron outros dous de baixa por enfermidade longo tempo, co cal 43 km<sup>2</sup> de concello cos seus camiños, con tres persoas que teñen agora mesmo na brigada de obras, é difícil, moi difícil atendela todo, e por lei teñen prohibido contratar.

Di que o que están facendo é aproveitarse de xente que lles mandan cos convenios que hai coa Deputación ou coa Xunta, non poden facer outra cousa, oxalá. Di que por el o Sr. Marante tería 10 ou 12 persoas na brigada de obras, como ten por exemplo Arteixo, que ten 16 persoas, en Cambre a brigada de obras nunca se reforzou, chegou un momento en que lles dixeron que non se podía contratar, e a menos que cambien

funcionarios de sitio, cousa que non é posible, teñen que ir trampeando con todo ese persoal, e el pide desculpas, porque saben que as obras van atrasadas.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que el tan só quere que lle clarifique, porque o Sr. alcalde dixo, e tense repetido en varios plenos, que o Concello de Cambre non pode contratar, e aí queda enriba da mesa. Di que o Concello de Cambre non poderá contratar nalgúns temas, pero noutros si ten capacidade, pregunta onde pon que o Concello de Cambre non poida contratar traballadores tallantemente. El non o viu en ningún sitio, e consultou, porque hai pouco aínda viu, non sabe se en resolucións da Alcaldía ou Xunta de Goberno, que o concello ía contratar. Di que hai moitos sistemas e moitos modos de contratar, o Sr. alcalde o sabe perfectamente, poden contratar. O Concello de Cambre o que non pode é contratar unha praza dun traballador fixo, iso non, pero pódense facer contratados, á marxe do que se poida pedir á Xunta, di que si que se pode contratar, e o Sr. alcalde o sabe mellor que el.

O Sr. alcalde contesta que o sabe, e precisamente por iso, ao darse de baixa dúas persoas da brigada de obras, o que fixeron foi iniciar un expediente para poder contratar por obra ou servizo determinado, por unha cousa de urxencia, por necesidades, iniciouse o expediente, e por iso o Sr. Marante dixo que neste próximo verán poderá acometer esas obras.

2ª Pode informarnos o goberno se na actualidade existe algunha débeda municipal polas subministracións de enerxía eléctrica coa empresa ou empresas responsables da prestación do servizo? De ser afirmativa a resposta a canto ascende o importe coas ditas entidades?

Dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que agora mesmo, non como débedas, senón como pendentes de pago, porque non hai ningunha reclamación por parte das compañías, figuran, aprobadas pendentes de pago, un importe de 70.369 euros, a aprobar a próxima semana, 99.810 euros, e pendentes de conformar por Obras e Servizos, 106.910 euros.

3ª Case un ano despois de que o grupo municipal de Esquerda Unida, presentara unha moción solicitando que se realizara un censo de bens inmoables rústicos e urbanos que estean censados e rexistrados a nome da igrexa en Cambre, así como das súas entidades e asociacións afíns, e doutras confesións relixiosas, o voceiro do equipo de goberno comprometeuse a solicitar a dita información ao Catastro e á Deputación coa maior "brevidade posible".

Con base no anteriormente exposto o noso grupo municipal, pregunta:

Teñen xa a información solicitada sobre o censo de bens a nome da Igrexa? En caso positivo, a que esperaban para falcitarnos a dita información?. En caso negativo, a que esperaban para informarnos?. En calquera outro caso, coidan que sexa algo normal que despois dun ano de aprobar unha iniciativa en pleno, non teñamos información nin ningún pronunciamento, sexa no sentido que sexa?

O Sr. alcalde informa que contestará a todos os grupos o concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación.

**Pregunta do BNG presentada por escrito**

Rexistrada de entrada ao núm. 6674 o día 27 de maio de 2013, xunto coa moción e rogos presentados para este pleno.

1ª Cales son os plans do goberno municipal respecto das festas, o Rock in Cambre e o Brincadeira deste ano?

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, contesta que en breves días sairá xa o programa das festas. A vindeira semana teñen unha reunión para confirmar o programa do Rock in Cambre e poder facelo público. En canto ao Brincadeira, xa non entrou nos orzamentos, ou sexa, non se vai facer.

Dona Mª Victoria Amor Prieto, do BNG, pregunta onde se van facer as verbenas.

Don Santiago Manuel Ríos Rama contesta que teñen previsto facelas no Campo da Feira.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

Mª Luisa de la Red Ampudia